

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 22

SESION ORDINARIA DO 27 DE DECEMBRO DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velooso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Silva Rego, M^a Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e sete de decembro do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda,

constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Están ausentes a concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PRESIDENCIA.- Antes do inicio da orden do día quería poñer en releve que hoxe é a última sesión plenaria na que estará presente dona Ángeles Vidal Miralles, que foi funcionaria deste concello durante corenta e un anos. Nos últimos vintecatro anos desempeñou a xefatura do negociado do Pleno, gran implicación e gran traballo feito con seriedade e con rigor. Persoa respectada e querida polos compañeiros e polos diferentes Concelleiros/as e Alcaldes/esas que pasamos por este Pleno. Quero felicitar a dona Ángeles polo seu traballo durante todos estes anos, pola súa función neste Pleno e desexarlle unha magnífica xubilación. En todo caso poñer de releve o recoñecemento por todo este traballo, no meu nome e no nome do Pleno.

1.-(279).- ACTAS ANTERIORES. (ACTAS EXTRAORD. 20 E 26.11 E ORDINARIA 26.11.12).

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas do Pleno correspondentes ás sesións extraordinarias do 20 e 26 de novembro e ordinaria do 26 de novembro de 2012.

2.-(280).- INTERVENCIÓN PERANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DUN REPRESENTANTE DO COMITÉ DE EMPRESA DE POVISA PARA EXPOÑER A SITUACIÓN LABORAL DO CITADO HOSPITAL. EXPTE. 576/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data do 18 de decembro, número de Rexistro do Pleno 576/1101, o comité de empresa do Hospital Povisa S.A., solicita intervir no Pleno do Concello para expoñer a situación laboral do citado hospital.

Intervén no Pleno D^a M^a Jesús Neira Picón, como representante do comité de empresa do Hospital Povisa S.A., que expón o seguinte:

“Agradecemos o Sr. Alcalde e aos concelleiros que nos conceda aos traballadoras e traballadores de POVISA a posibilidade de dirixirnos a este Pleno para informar da situación laboral que se esta a dar no hospital POVISA. O meu nome é M^a Jesús Neira e son membro de Comité de Empresa, dirixímonos a este Pleno porque a situación laboral de POVISA ten unha vertente sanitaria que inflúe neste concello cos usuarios que son atendidos no hospital POVISA.

Como vostedes saben dende os últimos anos aconteceron numerosas causas en POVISA como son ameaza dun ERE no ano 2010, o despedido de compañeiros no 2011 e agora para rematar son as reducións de xornadas que estamos a sufrir no últimos meses que afectan á hospitalización, urxencias, que son celadores e auxiliares e a partir do 2 de xaneiro empezará a repercutir en todo o bloque cirúrxico, na UCI, nas policlínicas, en rehabilitación, en medicina nuclear e en radio terapia.

Todas estas reducións de xornada levan consigo un problema gravísimo como é a falta de atención ós usuarios. Dende este comité de empresa queremos manifestar que non podemos permitir que co diñeiro público que se lle paga a POVISA, do cal recibe o 75%, estes cartos non se revertan tanto nos usuarios como no seu persoal. O cadro de persoal mermou bastante dende o ano 2007, 2008 pasou de ter 1500 traballadores a ter na actualidade 1300.

Por todo isto e por que hai un acordo básico no ano 2006, en onde, o bipartito que estaba naquel momento, tanto BNG como PSOE, os sindicatos, a confederación de empresarios acordaron un documento no cal se recollía que se ía dar a POVISA o traballo necesario para manter o cadro de persoal que tiña na actualidade e para poder atender fenomenal ós traballadores. Dito acordo básico estase a incumprir hoxe en día, por iso solicitamos ao Alcalde e a todos os grupos políticos que medien, insten á dirección de POVISA e á Consellería de Sanidade para que cumpran eses acordos e para esixirle que o diñeiro público que se invista en POVISA que é o 75% se inverta, como se ten que investir, tanto nos usuarios, para poder prestar unha calidade existencial boa, como nos seus traballadores, para que se poidan dedicar en exclusiva a ditos usuarios. Xa que a parte da redución de

xornadas, os cambios de horarios que está facendo esta empresa imposibilita a nosa conciliación da vida laboral e familiar.

Pedimos o Sr. Alcalde que medie neste conflito, que o que máis nos preocupa é a atención que se esta a dar ultimamente aos usuarios e que non se pode permitir baixo ningún concepto, que diminúa a calidade asistencial, que diminúa a calidade que se estaba dando en POVISA todos estes anos e que se financia cun 75% de diñeiro público, que hai que pedir explicacións de a onde vai ese diñeiro, que se fai con el, cando a dirección desta empresa no ano 2011 no informe económico declarou 1.200.000 euros de beneficio polo tanto terá que repercutir nos usuarios, principalmente, e nos traballadores.

Moitas grazas a todos e a todas pola vosa atención, por habernos escoitado e esperamos que nos botedes unha man e nos axudedes a conseguir que POVISA sexa un hospital de referencia para o Sergas, pero tamén un hospital de referencia de calidade e dun equipo que poida atender, como ten que ser, a todos os usuarios.”

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se realizaron.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1.-(281).- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 24/142 (565/1101)

ANTECEDENTES.- Por escrito de data do 29 de novembro, número de Rexistro do Pleno 565/1101, a concelleira delegada de Economía e Facenda, Sra. Díaz Vázquez, formula a seguinte proposta:

“O proxecto de orzamentos do ano 2013, comezou o proceso de formación como todos os anos, coa elaboración das normas e criterios que se deberían ter en conta para a súa formación. Como criterio máis salientable do anteproxecto, está o control do gasto que ven sendo unha norma nestes últimos anos, véñense adoptando medidas de contención do gasto voluntario e operativo, manténdose os programas e as dotacións que teñen o seu emprego en programas sociais, educación, benestar social e emprego, aínda que neste orzamento, refórzanse as dotacións aos servizos públicos básicos.

O proxecto está artellado nun contexto económico de recesión, onde os recursos non financeiros locais apenas teñen variación positiva en relación co ano anterior.

En canto aos impostos e taxas asociados á actividade inmobiliaria volven ter un axuste.

En canto á cesión dos tributos do Estado e o Fondo complementario de financiamento, as previsións notificadas melloran en relación cas do ano anterior en termos netos, é dicir, unha vez deducidas as compensacións pola liquidación negativa da PTE dos anos 2008-2009.

A evolución conxunta dos ingresos correntes non financeiros é positiva en relación co ano anterior, representando unha variación do 4,32 por 100 no proxecto da entidade e un 4,26 por 100 nos estados consolidados.

Artellado o expediente que conforma o orzamento xeral para o ano 2013, que está integrado polo da propia entidade e os organismos autónomos administrativos dependentes, e visto que o mesmo está completo e se axusta ao regulamentado nos artigos 165 a 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, comprobado que a súa elaboración axústase ás directrices dadas, comprobado que as dotacións que nel figuran cobren todos os contratos e prestacións necesarias para o bo funcionamento dos servizos, en uso das competencias que me foron delegadas pola resolución da Alcaldía do 13 de xuño de 2011, propónse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2013, integrado por:

- Orzamento da entidade local.
- Orzamento organismo autónomo administrativo Instituto Municipal do Deportes.
- Orzamento organismo autónomo administrativo Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Orzamento organismo autónomo administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Orzamento Organismo autónomo administrativo Parque das Ciencias VigoZoo

Coa seguinte clasificación e ordenación dos recursos e empregos:

Orzamentos por áreas de gasto

Área	Orzto. Entidade Local	Orztos. consolidados
0	11.341.584,67	11.341.584,67
1	119.471.167,94	118.824.184,18
2	14.413.814,06	14.413.814,06

3	32.710.036,61	35.386.462,71
4	14.873.801,18	14.873.801,18
9	33.238.969,69	33.238.969,69
Total	226.049.374,15	228.078.816,49

Orzamento da entidade local e estados consolidados clasificado economicamente¹

Estado de gastos do orzamento			Estado de ingresos do orzamento		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capitulo	Entidade	Consolidados
I	58.911.357,92	66.866.480,22	I	101.703.710,00	101.703.710,00
II	107.386.884,00	114.969.417,34	II	6.749.060,00	6.749.060,00
III	2234922,66	2.234.952,66	III	35.051.477,40	39.287.858,03
IV	31.856.283,94	18.208.392,62	IV	70.165.126,75	68.543.920,24
V			V	2.680.000,00	2.780.347,81
TOTAL G.Co.Op.NF	200.389.448,52	202.279.242,84	TOTAL I.Co.Op.NF	216.349.374,15	219.064.896,08
VI	14.820.207,36	15.374.737,74	VI		
VII	1.120.056,26	626.133,42	VII	,00	,00
TOTAL G.Cp.Op.NF	15.940.263,62	16.000.871,16	TOTAL I.Cp.ONF	,00	,00
TOTAL G.Op.NF	216.329.712,14	218.280.114,00	TOAL I.Op.NF	216.349.374,15	219.064.896,08
VIII	601.000,00	680.040,48	VIII	600.000,00	679.040,48
IX	9.118.662,01	9.118.662,01	IX	9.100.000,00	9.100.000,00
TOTAL G.Op.Cp.F	9.719.662,01	9.798.702,49	TOTAL I.Op.Cp.F	9.700.000,00	9.779.040,48
TOTAL G.Op.Cp.	25.659.925,63	25.799.573,65	TOTAL I.Op.Cp.	9.700.000,00	9.779.040,48
TOTAL XERAL GASTOS	226.049.374,15	228.078.816,49	T. XERAL INGRESO	226.049.374,15	228.843.936,56

Orzamento dos organismos autónomos administrativos

CAPITULO	IMD		Xerencia Urbanismo		EMAO		P. Ciencias Vigo Zoo	
	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos
I	2.345.764,46		3.671.798,74		1.036.329,94		901.229,16	
II	5.587.645,32		1.169.648,22		264.008,44		561.231,36	

1 Os axustes nos estados consolidados afectan ás operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a entidade fai aos OO.AA, e os ingresos que estes fan á entidade. Así mesmo, o axuste faise nos OO.AA seguindo o mesmo criterio.

III		2.530.940,00		1.377.440,63	,00	,00	30,00	328.000,00
IV	29.164,52	5.682.525,18	1.677.065,99	5.636.682,14	,00	1.290.326,36	20.800,00	1.144.181,64
V		40.000,00	438.251,42	16.870,79	,00	10.012,02	,00	33.465,00
VI	75.000,00	75.000,00			,00		22.356,12	
VII	,00			400.000,00	18.922,84	18.922,84	,00	
VIII	24.040,48	24.040,48	25.000,00	25.000,00	12.000,00	12.000,00	18.000,00	18.000,00
TOTAL	8.061.614,78	8.352.505,66	6.981.764,37	7.455.993,56	1.331.261,22	1.331.261,22	1.523.646,64	1.523.646,64

Segundo.- Aprobar as bases de execución que serán de aplicación á entidade local e os seus organismos autónomos, coa excepción das bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

Terceiro.- Aprobar as bases de execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Cuarto.- Aprobar o cadro de persoal da Entidade Local e dos seus organismos autónomos administrativos relacionados no parágrafo primeiro.

Quinto.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sexto.- De non se ter presentado alegación ou reclamación ningunha, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL.

Sétimo.- En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2013, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Oitavo.- Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citada, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

Noveno.- Se a Lei dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, aprobábase outras contías nas entregas a conta para o ano 2013, procederáse a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.”

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 3 de decembro, acordou aprobar o proxecto de orzamentos para o ano 2013.

A comisión informativa de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación, na

súa sesión do día 5 de decembro, estableceu o calendario para presentación de emendas e demais tramitación.

Durante o prazo establecido presentáronse as seguintes emendas ao proxecto de orzamentos municipais:

- Doc. 120147660 do Grupo municipal do BNG por importe de 8.005.000,00 €.
- Doc. 120147841 do Grupo mpal. Popular por importe de 12.530.311,43 €.

-

Con data 17 de decembro **o interventor xeral** emite informe sobre o contido das emendas presentadas no seguinte sentido:

“Normativa aplicable:

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.
- Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de habilitación de carácter estatal.
- Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 31 de maio de 2010.
- Orde EHA/3565, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura do orzamentos das entidades locais.

INFORME

A Xunta de Goberno en sesión extraordinaria realizada o día 3 de decembro de 2012, aprobou o Proxecto dos orzamentos da entidade local para o ano 2013.

A Comisión de Orzamentos (Xestión Municipal), en xuntanza realizada o día 5 de decembro de 2012, en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais, poidan presentar emendas aos orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria realizada o día 03 de decembro de 2012. O prazo fixado rematou o día 14.12.2012 ás 14,00 horas.

Esta Intervención Xeral, en cumprimento do previsto no artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, emitiu o informe preceptivo ao orzamento de 2013 en data 30.11.2012, coa mesma data, en expediente separado, en cumprimento do previsto no artigo 11 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e artigo 15 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de

desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria, asinou o informe sobre o cumprimento da Estabilidade Orzamentaria, que será enviado ao Pleno en expediente separado na mesma sesión na que se someta a debate o orzamento.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 98 do Regulamento Orgánico do Pleno, fixeron uso da prerrogativa e presentaron emendas ao orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data do rexistro das mesmas.

En relación coas emendas presentadas, á marxe da súa tipificación de parciais ou a totalidade do Proxecto, esta Intervención Xeral, vai informar as mesmas co alcance que garanta que as mesmas están a cumprir con determinados límites-requisitos legais que de seguido se relacionan. Polo tanto, se informará para cada unha delas, se se cumpre:

- a) Se a emenda altera o contido do informe de estabilidade orzamentaria emitido por esta Intervención Xeral e asinado o 30.11.2012, na que se avalía o cumprimento do proxecto presentado ao obxectivo de estabilidade orzamentaria, de non ser así, non se axustaría ao contido da LOEOSF, polo que terá que ser rexeitada.
- b) Se a emenda altera as dotacións previstas para facer fronte aos custos dos contratos formalizados vixentes, o que daría lugar a non cobertura do devengo de obrigas que emanan dos mesmos, téndose polo tanto un desequilibrio no proxecto do orzamento, o que a faría ilegal.
- c) Se a emenda está a propoñer un destino dos recursos que teñen a cualificación de afectados a outros empregos ou fins distintos dos previstos, polo tanto estaríase a incorrer na tipificada malversación técnica dos recursos.
- d) Se a emenda xera desequilibrios entre os recursos correntes non financeiros e os empregos correntes non financeiros, de tal xeito que os recursos non cubran os empregos, equilibrio este que debe manter o Proxecto que está en trámite.
- e) Se a emendan pon ou pode poñer en risco o funcionamento operativo dos servizos, de tal xeito que non haxa capacidade para o funcionamento normal dos mesmos, pola mingua que se está a facer das aplicacións afectadas a esta finalidade.
- f) Se a emenda altera dotacións para gastos plurianuais por operacións de capital que están comprometidos e que require un reaxuste nas anualidades, téndose que seguir o procedemento regulado no artigo 96 do RD 1098/2001 antes de adoptar un acordo sobre a proposta.
- g) Se a emenda está a destinar recursos financeiros do préstamo (Capital financeiro) previsto no estado de ingresos, a empregos distintos do capítulo VI do estado de gastos, condición que se volvería ilegal, xa que o devandito recurso tan só pode ter ese destino.
- h) Se a emenda cumpre co previsto no artigo 98 do Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 31 de maio de 2010 e publicado no BOP nº 180 do 17 de setembro de 2010, é dicir, se está equilibrada, non alterando cuantitativamente o Proxecto dos orzamentos aprobados pola Xunta de

Goberno Local.

- i) Se a emenda non altera as limitacións que o Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013 (BOCG nº 27-2 do 20.11.2012) en relación co capítulo I do estado de gastos, de tal xeito que non supoña dotacións adicionais ao mesmo.
- j) Se a emenda está a propoñer un investimento xerador de gasto corrente sen que o mesmo estea cuantificado e por tanto non garantida a sustentabilidade financeira do investimento prevista no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Aos efectos de que esta Intervención emita informe, o Sr. Secretario do Pleno, remitiu na última hora da mañá do venres 14.12.2012, unha copia das mesmas, sendo esta o soporte documental sobre a que se está a emitir o informe.

Se a emenda prevé un número razoable de aplicacións a modificar, incorporaranse a este informe, en caso contrario, recollerase no informe aquelas aplicacións que non cumpren cos requisitos que son obxecto de fiscalización, facéndose referencia a emenda e ao seu número de rexistro.

Se a emenda é única, e algunha/as das aplicacións que conforman a mesma non dá cumprimento aos aspectos que son obxecto de fiscalización, terá a cualificación de rexeitada aos efectos legais no seu conxunto, todo isto sen prexuízo do debate político sobre aceptación parcial ou non que se desenvolva no seo da Comisión ou en sede Plenaria.

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

No prazo fixado, o Voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Santiago Domínguez Olveira, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 120147660 e data 14.12.2012, presentou emenda parcial, propoñendo aumentos, baixas-diminucións, nas aplicacións que de seguido se relacionan.

Contido da emenda:

Aplicación aumenta	Concepto	Contías		
		Diminúen	Aumentan	Dot.definitiva
23104810000	Becas para libros e comedor		150.000,00	1.000.000,00
23102279909	Actividades grupos desfavorecidos		70.000,00	140.000,00
Nova creación	Plan compensación social contra crise		3.200.000,00	3.200.000,00
2410.1310000	Plan de Emprego		30.000,00	1.530.000,00
2410.2279910	Convenio plan de emprego		700.000,00	1.020.582,38
2410.4890010	Convenios plan de emprego		1.780.000,00	1.780.000,00
2311.2279906	Plan Municipal de Igualdade		50.000,00	190.000,00
9240.4890013	Convenio FAVEC		70.000,00	70.000,00
9240.4890014	Convenio AAVV Teis		55.000,00	55.000,00

3360.6220000	Centro Galego de Fotografía		500.000,00	500.000,00
3410.6190000	Urbanización ent. C.Fútbol e Pol. Navia		240.000,00	240.000,00
3360.6190000	Mellora infraestrutura Casco Vello		240.000,00	240.000,00
1550.6190006	Mellora Infraestrutura en parroquias		500.000,00	700.000,00
3210.6220001	Escola Infantil Lavadores		210.000,00	222.500,00
3210.6220003	Escola infantil Navia		210.000,00	222.500,00
1620.2270006	Contrato verquido e tratamento de RSU	800.000,00		6.345.603,38
1620.2270000	Contrato de RSU e L. viaria	700.000,00		27.209.691,15
1640.2279900	Contrato mantemento xardíns cemiterios	40.000,00		225.146,88
3210.2279917	Programa aulas internacionais	1.290.000,00		,00
4320.2279904	Actividades de promoción turística	45.000,00		100.000,00
4320.2279905	Patrocinio transporte aéreo	490.000,00		10.000,00
9120.2260102	Protocolo eventos internacionais	25.000,00		25.000,00
9120.2260200	Difusión de programas e distritos	25.000,00		35.000,00
9120.2269903	Cota da Fundación Provigo	150.000,00		,00
920.2279902	Convenios	50.000,00		125.000,00
9120.2279905	Programas Alcaldía	50.000,00		75.000,00
9121.2260200	Anuncios institucionais e licitacións	100.000,00		125.000,00
9121.2260201	Difusión e promoción da cidade	150.000,00		185.000,00
9220.2220000	Gasto de teléfono en dependencias	93.000,00		407.000,00
1720.2279908	Programa camiño a camiño	30.000,00		29.000,00
1550.6190000	Remate humanizacións centro	3.417.697,85		,00
1710.6190005	Parques infantís e biosaudables	250.000,00		,00
9330.6320000	Mellora en patrimonio municipal	200.000,00		133.334,00
9277.6260000	Adquisición equipos informáticos	100.000,00		100.000,00
Total		8.005.697,85	8.005.000,00	

Fiscalización da emenda atendendo aos criterios que esta Intervención considera obxecto de avaliación

Alcance da fiscalización	Si	Non	Aplicación
Altera o contido do informe de avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria, xerando un incumprimento da mesma.		✓	
Altera as dotacións previstas para facer fronte aos custos dos contratos formalizados vixentes, xerando unha incapacidade para facer fronte as obrigas que xera o mesmo.	✓		1620.2270000 1620.2270016 1640.2279900 9220.2220000
Está a propor un destino dos recursos que teñen a cualificación de afectados a outros fins distintos dos previstos.		✓	

Xera desequilibrios entre os recursos correntes non financeiros e os empregos correntes non financeiros, rompéndose o equilibrio entre recursos e empregos correntes.		✓	
A diminución que se está a propor, está ou pode por en risco o funcionamento operativo dos servizos.	✓		9227.6260000 9120.2260201
Altera gastos plurianuais por operacións de capital que están comprometidos e que, require un reaxuste nas anualidades seguindo o procedemento previsto no artigo 96 do RD 1098/2001.		✓	
Está a destinar recursos financeiros do préstamo previsto no estado de ingresos a empregos distintos do capítulo VI do estado de gastos, condición que se volvería ilegal, xa que o devandito recurso tan só pode ter ese destino.		✓	
Cumpre co previsto no artigo 98 do Regulamento Orgánico do Pleno, está equilibrada e non supón unha variación cuantitativa do proxecto aprobado.	✓ 2		
Altera as limitacións que o Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013 en relación co capítulo I do estado de gastos.	✓		2410.1310000
Está a propor un investimento xerador de gasto corrente sen que o mesmo estea cuantificado e por tanto non garantida a sustentabilidade financeira do mesmo.	✓		3360.6220000 3210.6220001 3210.6220003

En canto á minoración nas dotacións que están a ser necesarias para facer fronte aos contratos formalizados, non procede, salvo que se faga unha modificación dos devanditos contratos con carácter previo, o que xera unha baixa nos recursos materiais e humanos afectos aos mesmos. Non entanto, a minoración da dotación estaría a xerar un desequilibrio orzamentario até que se adoptara o acordo de modificación, de tal xeito, que o estado de gastos non responde ao principio de equilibrio, non dando cumprimento ao previsto no artigo 165 do TRLRFL, ao non estar dotados os créditos necesarios para dar cumprimento ás obrigas contractuais.

As diminucións sinaladas que poden poñer en risco o funcionamento operativo dos servizos, a aplicación adicada a medios informáticos xa tivo en anos atrás unha rebaixa de 50.000 euros, agora esa dotación é a que consideran os técnicos do servizo, que posibilita a reposición anual dos medios que permiten o funcionamento informático integral da institución, estándose neste intre cun proceso plurianual de cambio de tecnoloxía a un sistema máis centralizado, xa que a tecnoloxía cliente-servidor, quedou caduca e está a dar problemas ao sistema na súa totalidade, polo que se pretende ir incorporando, ano a ano, dentro destas posibilidades orzamentarias, o cambio tecnolóxico que garanta a fiabilidade e sostibilidade do sistema.

En canto á aplicación 9121.2260200, anuncios institucionais e licitacións, en

2 A emenda está desequilibrada, aínda que, ao ter as baixas unha contía maior ca os aumentos, o desequilibrio sería positivo, non presentando problemas legais, xa que os orzamentos teñen que estar en equilibrio ou con superávit.

realidade pódese comprobar que esta aplicación está adicada a facer a publicación nos medios de comunicación escritos das licitacións, dando cumprimento aos requirimentos legais. A baixa que se propón na emenda, atendendo ao histórico de execución anual desta aplicación, non garante que esta sexa suficiente, o que estaría a xerar un incumprimento na publicación das licitacións, sendo o gasto, aínda que varía en función das licitacións, entorno aos 200 mil euros.

En canto ao incremento dos gastos no capítulo I, a Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2013, ao igual que a vixente para o ano 2012, non posibilita nin creación de prazas, nin Oferta de Emprego Público, nin aumento de retribucións, é dicir, está cando menos a obrigar, que non haxa incremento ningún no capítulo I do Estado de Gastos, polo que, a criterio desta Intervención, estase a incumprir co previsto no Título III do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

En canto á aplicación 3360.6220000, estase a propoñer un investimento real xerador de gasto corrente no futuro. A Lei Orgánica, 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e substentabilidade financeira, no seu artigo 4, está a definir a substentabilidade financeira como a capacidade da entidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública.

En primeiro lugar, hai que advertir que os obxectivos de estabilidade para as distintas administracións públicas, en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95), para o período 2013-2015, para os entes locais, o obxectivo a cumprir é o de obter cada ano do citado período o equilibrio financeiro, é dicir, que o resultado do indicador de capacidade (+) e o de necesidade (-) de financiamento para as entidades locais sexa cando menos CERO, nunca déficit, en cada anualidade do período. Polo tanto, tendo en conta os equilibrios aos que está sometido o orzamento en relación cos recursos tanto propios como pola participación nos tributos do Estado, hai un esgotamento para continuar cun crecemento dos gastos, sendo necesario atender os novos gastos con baixas en outros ou cun aumento da presión fiscal (pay-go). Esta advertencia de incremento do gasto xa foi tida en conta no informe desta intervención ao orzamento proposto para o ano 2013.

Polo tanto, todos os investimentos xeradores de gastos correntes, unha vez concluídos, deberán levar un estudo dos gastos de funcionamento cos medios necesarios tanto materiais como humanos, así como o plan de financiamento dos mesmos, facendo mención expresa ao sistema orzamentario e financeiro que vai garantir que unha vez conclúa o investimento, este ten garantido o seu funcionamento.

A mesma advertencia estase a facer para as escolas infantís, se as dotacións que se están a propoñer supoñen o remate de construción das mesmas, hai que facer unha proposta de diminución de gastos doutras aplicacións orzamentarias para facer fronte ao gasto de funcionamento das novas instalacións. A título orientativo, o gasto de funcionamento ordinario de cada gardería das que agora mesmo están en funcionamento, está entre os 185.000 euros e os 220.000 euros, en función do

número de nenos/as. Non entanto, polas contías que se están a propoñer, aínda que non se fai referencia a se se corresponde coa primeira anualidade, non parece que sexan suficientes para facer fronte ao custo total da construción, polo que habería que reprogramar o gasto de funcionamento para o ano 2014, aínda así, na proposta, se se atendese a emenda, habería que estar a propoñer unha liña de financiamento destes novos servizos, ben financiándose con cargo ao prezo público pola prestación, como con diminución doutros gastos pola insuficiencia na súa cobertura se fose caso.

Por último, un dos incrementos máis importantes da emenda, está nunha proposta de creación dunha aplicación por unha contía de 3.200.000 euros, que ao non estar prevista a tipificación da aplicación, descoñezo se estamos ante un gasto do capítulo II ou o IV e que grupo de programa de gasto de acordo a Orde EHA/3565, do 3 de decembro, seralle de imputación. En todo caso, se se trata dun programa de axudas, cualificadas como salarios sociais para determinados tipos de familias sen recursos e polo tanto en risco de exclusión social, haberá que estar ás competencias de cada administración, sen que se poida estar invadindo competencias que as Leis atribúen a outros ámbitos da administración.

A Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal, está a regular esta competencia entre o Estado e as Comunidades Autónomas ou a correspondente a Renda Mínima de Inserción (RMI). Así, o anteproxecto de Lei para a racionalización e sustentabilidade da administración local, ten o seu fundamento xurídico no obxectivo de evitar duplicidades coas competencias doutras administracións. Polo tanto hai que estudar todas as posibilidades para garantir que non se está desenvolver un programa de salarios sociais que podería ter algunha limitación legal por non estar dentro das competencias locais.

Outro destino moi distinto serían os programas de axudas puntuais, para facer fronte a gastos de estudos, alimentación, alugueiros de vivenda, etc., que estaría sometido a un procedemento regulado pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, pero non o de garantir un salario ou renda mínima social durante un prazo determinado. En todo caso, ante a falta de información, non teño elemento para pronunciarme formalmente sobre esta parte da emenda e, de ser o caso, tería que facelo no proceso de tramitación do/s expedientes de gasto con cargo á devandita aplicación que, como digo, descoñezo a súa cualificación e destino.

En canto á baixa proposta na aplicación 1710.6190005, está financiada coa operación de préstamo que figura no estado de ingresos do orzamento, polo que deberase establecer a que aplicación concreta do estado de investimentos sería a aplicación, debendo financiar un investimento concreto que, de ser aprobada, se estudaría.

En relación coa baixa total da aplicación 321.2279917, programa aulas internacionais, hai que advertir que hai un concepto no estado de ingresos do orzamento cunha previsión de 115.000 euros, polo prezo público que se vai impoñer en función da renda dos beneficiarios. En consecuencia, a baixa desta aplicación, por referencia, levaría asociada a minoración do orzamento de ingresos pola contía de 115.000 euros.

Resultado da fiscalización	Positiva	Negativa	Aplicacións que incumpren
Bloque Nacionalista Galego	✓ Resto das aplicacións	✓	1620.2270000 1620.2270016 1640.2279900 9220.2220000 9227.6260000 9120.2260201 2410.1310000 3360.6220000 3210.6220001 3210.6220003

Como se advertiu, a emenda que afecta a investimentos xeradores de gastos, cualifícase de incumprimento por non ter asociada unha proposta de financiamento futuro que garanta a sustentabilidade orzamentaria e financeira, limitación esta que pode superarse, se se acredita unha suficiencia mediante unha baixa permanente dun gasto que non se considera necesario ou que non ten a prevalencia fronte a nova proposta ou xustificando o seu autofinanciamento real.

A emenda é única, e algunha/as das aplicacións que conforman a mesma non dá cumprimento aos aspectos que son obxecto de fiscalización, polo que terá a cualificación de rexeitada aos efectos legais no seu conxunto, todo isto sen prexuízo do debate político sobre aceptación parcial ou non que se desenvolva no seo da Comisión ou en sede Plenaria.

De facer unha aceptación parcial, o resto das aplicacións que conforman a emenda poderían ser obxecto de debate no seo da Comisión informativa e no Pleno da Corporación xa que, coas excepcións feitas e as limitacións en canto ao plan de compensación social contra a crise, poderían ser obxecto doutro destino distinto do previsto no Proxecto de orzamentos en trámite.

As aplicacións que se están a referir aos investimentos xeradores de gasto corrente, poden ser obxecto de subsanación, cos compromisos de facer o preceptivo estudo do custo de funcionamento e a procura de recursos ou de reorganización de empregos que garantan a súa sustentabilidade.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

No prazo fixado, con data 14.12.2012, o concelleiro D. Miguel Fidalgo Iglesias, do Grupo Municipal do Partido Popular, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 120147841, presentou emenda parcial, propoñendo aumentos, baixas-diminucións en determinados aplicacións que conforman o orzamento sometido a ditame da comisión.

Tendo en conta que as aplicacións que son obxecto da emenda en diminución son 148, non se van repetir, polo que se recollerá a contía da mesma e a súa

aplicación.

Todas as aplicacións que afecten ao capítulo II do estado de gastos do orzamento por minoracións, quedarán recollidas nunha só liña pola contía total da baixa.

En canto ás minoracións ou baixas doutros capítulos, así como os aumentos ou as novas dotacións, faranse individualmente

Se algunha das aplicacións nas que se propón unha diminución, incumprise cos supostos previstos que son obxecto de fiscalización, farase constar a aplicación e as causas do incumprimento.

A metodoloxía de fiscalización, será a sinalada e aplicada á emenda do outro grupo político municipal que presentou a emenda fiscalizada.

Contido da emenda

Aplicación /capítulo	Concepto	Contías		
		Diminúen	Aumentan	Dotación definitiva
II	Gastos correntes bens e servizos	8.964.613,58		98.422.270,42
9240.4890003	Convenio Centrais Sindicais	40.000,00		5.000,00
9120.4890004	Outras subvencións	108.000,00		12.000,00
1550.6190000	Remate humanizacións centro	3.417.697,85		,00
2310.4890000	Subv. asociacións e entidades de carácter social		2.000.000,00	2.050.000,00
2310.4800000	Axudas a familias		1.000.000,00	1.445.000,00
2310.4810000	Becas, libros, comedor		1.500.000,00	2.350.000,00
4310.4890000	Subvencións ao pequeno comercio		1.000.000,00	1.050.000,00
3210.6220001	Construción escola infantil Lavadores		700.000,00	712.500,00
3210.6220003	Construción escola infantil Navia		700.000,00	712.500,00
2410.4700000	Programa apoio ao emprendemento		1.000.000,00	1.000.000,00
2410.470001	Programa de apoio a mozos primeiro emprego		1.000.000,00	1.000.000,00
2410.4890010	Plan de emprego		1.500.000,00	1.500.000,00
2310.6220000	Construción Centro de día maiores Z.Centro		710.103,81	710.103,81
2310.6220001	Construción Centro de día maiores Z.Calvario		710.103,81	710.103,81
2310.6220002	Construción Centro de día maiores Z.Cabral		710.103,81	710.103,81
Total		12.530.311,43	12.530.311,43	

Fiscalización atendendo aos criterios que esta intervención considera obxecto de avaliación

Alcance da fiscalización	Si	Non	Aplicación
Altera o contido do informe de avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria, xerando un incumprimento da mesma.		✓	

Altera as dotacións previstas para facer fronte aos custos dos contratos formalizados vixentes, xerando unha incapacidade para facer fronte ás obrigas que xera o mesmo.	✓		1620.2270000
Está a propoñer un destino dos recursos que teñen a cualificación de afectados a outros fins distintos dos previstos.		✓	
Xera desequilibrios entre os recursos correntes non financeiros e os empregos correntes non financeiros, rompéndose o equilibrio entre recursos e empregos correntes.		✓	
A diminución que se está a propoñer, está ou pode poñer en risco o funcionamento operativo dos servizos.	✓		1330.2279907
Altera gastos plurianuais que están comprometidos e que requiren un reaxuste nas anualidades seguindo o procedemento regulamentado no artigo 96 do RD 1098/2001.		✓	
Está a destinar recursos financeiros do préstamo previsto no estado de ingresos a empregos distintos do capítulo VI do estado de gastos, condición que se volvería ilegal, xa que o devandito recurso tan só pode ter ese destino.		✓	
Cumpre co previsto no artigo 98 do Regulamento Orgánico do Pleno, está equilibrada e non supón unha variación cuantitativa do proxecto aprobado.	✓		
Non altera as limitacións que o Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013 en relación co capítulo I do estado de gastos.		✓	
Está a propoñer un investimento xerador de gasto corrente sen que o mesmo estea cuantificado e por tanto non garantida a sustentabilidade financeira do mesmo	✓		2310.6220000 2310.6220001 2310.6220002 3210.6220001 3210.6220003

En canto a minoración na dotación que está a ser necesarias para facer fronte ao contrato formalizado correspondente a recollida de RSU e LV, non procede, salvo que se faga a modificación do devandito contrato, o que xera unha baixa nos recursos materiais e humanos afectos ao mesmo. Non entanto, a minoración da dotación até que se produza o acordo de modificación do contrato, que de superar o 20 por 100, tendo en conta o prezo do mesmo, estaría suxeito a ditame do Consello Consultivo, estaría a xerar un desequilibrio orzamentario, de tal xeito que o estado de gastos non responde ao principio de equilibrio, non dando cumprimento ao previsto no artigo 165 do TRLRFL, ao non estar dotados os créditos necesarios para dar cumprimento ás obrigas contractuais. A minoración na contía que se propón de 6.000.000 de euros, tendo en conta a ponderación que neste contrato teñen os custos de persoal, podería estar a afectar a estrutura destes custos en 4.000.000 de euros.

As diminucións sinaladas que poden poñer en risco o funcionamento operativo dos servizos, a aplicación adicada a sufragar os gastos de funcionamento do aparcadoiro da Praza de Portugal, ten a súa compensación nos ingresos que xera, que ten unha previsión no estado de ingresos no concepto 34901 de 600.000 euros que case duplica o gasto previsto. En calquera caso, o aparcadoiro está en funcionamento, polo que, salvo que se adopte a decisión de pechalo, a dotación é necesaria para garantir o seu funcionamento. No caso de peche, a baixa desa aplicación pola contía de 360.000 euros, levaría á baixa nas previsións de ingresos

de 600.000 euros.

En canto as aplicacións 2310.6220000, 6220001 e 6220002, que están a recoller as dotacións para a construción dos centros de día de Zona Centro, Calvario e Cabral, estase a propoñer un investimento xerador de gasto corrente no futuro. A Lei Orgánica, 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e substentabilidade Financeira, no seu artigo 4, está a definir a substentabilidade financeira como a capacidade da entidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública. En primeiro lugar, hai que advertir que os obxectivos de estabilidade para as distintas Administracións Públicas, en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95), para o período 2013-2015 para os entes locais é o de obter cada ano do citado período o equilibrio financeiro, é dicir, que o resultado do indicador de capacidade (+) e o de necesidade (-) de financiamento para as entidades locais sexa cando menos, CERO en cada anualidade do período. Polo tanto, tendo en conta os equilibrios aos que está sometido o orzamento en relación cos recursos tanto propios como pola participación nos tributos do Estado, hai un esgotamento para continuar cun crecemento de gastos, sendo necesario atender aos novos gastos con baixas noutros ou cun aumento da presión fiscal (pay-go). Esta situación de incremento do gasto, xa foi advertida no informe desta intervención ao orzamento proposto para o ano 2013.

A mesma advertencia estase a facer para as escolas infantís. Se as dotacións que se están a propor supoñen o remate das mesmas, hai que facer unha proposta de diminución de gastos doutras aplicacións orzamentarias para facer fronte ao gasto de funcionamento das mesmas. A título orientativo, o gasto de funcionamento ordinario de cada gardería das que agora mesmo están en funcionamento está entre os 185.000 euros e os 220.000 euros, en función do número de nenos/as.

Sobre os investimentos xeradores de gastos futuros, xa se expresou o pronunciamento do órgano fiscalizador neste informe e, en síntese, o obxectivo da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, é o de garantir, que os investimentos teñan garantido o seu funcionamento futuro, ben mediante o seu autofinanciamento ou mediante a toma de decisión de minoración doutros gastos.

Resultado da fiscalización	Positiva	Negativa	Aplicacións que incumpren
Partido Popular	✓ Resto das aplicacións	✓	1620.2270000 1330.2279907 2310.6220000 2310.6220001 2310.6220002 3210.6220001 3210.6220003

A emenda é única e algunha/as das aplicacións que conforman a mesma non dá cumprimento aos aspectos que son obxecto de fiscalización, polo que terá a cualificación de rexeitada aos efectos legais no seu conxunto, todo isto sen prexuízo do debate político sobre aceptación parcial ou non que se desenvolva no

seo da comisión ou en sede plenaria.

De facer unha aceptación parcial, o resto das aplicacións que conforman a emenda poderían ser obxecto de debate no seo da Comisión Informativa e no Pleno da Corporación. Polo tanto, o resto das aplicacións que conforman a emenda, poderían ser obxecto doutro destino que o previsto no proxecto que está en trámite.

Relación resumida das aplicacións que non cumpren cos requisitos e, polo tanto, deben ser estudadas.

Grupo Político	Aplicación	Concepto	Contías		
			Diminúen	Aumentan	Observacións
Grupo. M. BNG	1620.2270016	Trat. RSU, Contrato SOGAMA	800.000,00		Modif. contrato
	1620.2270000	Recollida RSU e LV, Contrato FCC	700.000,00		Modif. contrato
	1640.2279900	Mant. Xardíns cemiterios, Contrato	40.000,00		Modif. contrato
	9220.2220000	Cont. Com. telefónicas	93.000,00		Modif. contrato
	9227.6260000	Plan renovación. Equip. informáticos	100.000,00		Plan anual renov.
	9120.2260201	Public. Inst. E licitacións contrata.	100.000,00		Insuficiencia
	2410.1310000	Plan de emprego municipal		30.000,00	Contrario a LXPE
	3360.6220000	Centro galego de fotografía		500.000,00	Xerador gasto Corr.
	3210.6220001	Escola infantil de Lavadores		210.000,00	Xerador gasto Corr.
	3210.6220003	Escola infantil de Navia		210.000,00	Xerador gasto Corr.
Total			1.833.000,00	950.000,00	

Grupo Político	Aplicación	Concepto	Contías		
			Diminúen	Aumentan	Observacións
Grupo .M. PP	1620.2270000	Recollida RSU e LV, Contrato FCC	6.000.000,00		Modif. contrato
	1330.2279907	Prest.serv. aparcadoiro Praza Portugal	360.000,00		Func. Do servizo
	2310.6220000			710.103,81	Xerador gasto Corr.
	2310.6220001			710.103,81	Xerador gasto Corr.
	2310.6220002			710.103,81	Xerador gasto Corr.
	3210.6220001			700.000,00	Xerador gasto Corr.
	3210.6220003			700.000,00	Xerador gasto Corr.
Total			6.360.000,00	3.530.311,43	

CONCLUSIÓN

Das emendas presentadas no prazo establecido pola Comisión de Xestión Municipal o día 05.12.2012, polos Grupos Políticos Municipais do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Municipal do Partido Popular ao Proxecto de orzamentos para o ano 2013, non cumpren cos requisitos de acordo ao previsto neste informe, as

aplicacións seguintes e polas causas xa explicadas:

Grupo Político	Aplicación	Concepto	Contías		
			Diminúen	Aumentan	Observacións
Grupo. M. BNG	1620.2270016	Trat. RSU, Contrato SOGAMA	800.000,00		Modif. contrato
	1620.2270000	Recollida RSU e LV, Contrato FCC	700.000,00		Modif. contrato
	1640.2279900	Mant. Xardíns cemiterios, Contrato	40.000,00		Modif. contrato
	9220.2220000	Cont.com. telefónicas	93.000,00		Insuficiencia
	9227.6260000	Plan renovación. Equip. informáticos	100.000,00		Plan anual renov.
	9120.2260201	Publ. Inst. E licitacións contrata.	100.000,00		Insuficiencia
	2410.1310000	Plan de emprego municipal		30.000,00	Contrario a LXPE
	3360.6220000	Centro galego de fotografía		500.000,00	Xerador gasto Corr.
	3210.6220001	Escola infantil de Lavadores		210.000,00	Xerador gasto Corr.
	3210.6220003	Escola infantil de Navia		210.000,00	Xerador gasto Corr.
Total			1.833.000,00	950.000,00	
Grupo .M. PP	1620.2270000	Recollida RSU e LV, Contrato FCC	6.000.000,00		Modif. contrato
	1330.2279907	Prest.serv. aparcadoiro Praza Portugal	360.000,00		Func. Do servizo
	2310.6220000			710.103,81	Xerador gasto Corr.
	2310.6220001			710.103,81	Xerador gasto Corr.
	2310.6220002			710.103,81	Xerador gasto Corr.
	3210.6220001			700.000,00	Xerador gasto Corr.
	3210.6220003			700.000,00	Xerador gasto Corr.
Total			6.360.000,00	3.530.311,43	

Tendo en conta que a emenda presentada por cada un dos grupos é única e algunha/as das aplicacións que conforman a mesma non dá cumprimento aos aspectos que son obxecto de fiscalización, terá a cualificación de rexeitada aos efectos legais no seu conxunto, todo isto sen prexuízo do debate político sobre aceptación parcial ou non que se desenvolva no seo da comisión ou en sede plenaria.

Á parte da emenda que está a propoñer investimentos xeradores de gasto corrente, non está a garantir o funcionamento do servizo, xa que non está a avaliar o custo de funcionamento e tampouco a forma do seu financiamento, polo tanto hai un incumprimento do previsto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e substentabilidade Financeira. Esta limitación pode ser obxecto de subsanación cos compromisos de facer o preceptivo estudo do custo de funcionamento e a procura de recursos ou de reorganización de empregos que garantan a súa substentabilidade.

Se se considerase, o resto das aplicación orzamentarias que conforman as emendas citadas, cumpren cos requisitos legais, polo que, se así se acorda, poden

ser obxecto de debate no seo dos órganos correspondentes.”

No expediente figura informe da mesma data do 17.12, emitido polo **xefe do Servizo de Limpeza**, referente ás partidas relativas a recollida e tratamento de lixo.

Visto o anterior, **a concelleira delegada de Economía e Facenda**, con data 17 de decembro, emite a seguinte proposta:

“A comisión de orzamentos (Xestión Municipal), en xuntanza realizada o día 5 de decembro de 2012, en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais, puidesen presentar emendas aos orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria realizada o día 03 de decembro de 2012. O prazo fixado pola comisión, rematou o día 14.12.2012 as 14,00 horas.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 98 do Regulamento Orgánico do Pleno, fixeron uso da prerrogativa e presentaron emendas ao orzamento no prazo previsto pola comisión do que queda constancia no expediente coa data do rexistro das mesmas.

No prazo fixado, o voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Santiago Domínguez Olveira, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 120147660 e data 14.12.2012, presentou emenda parcial, propoñendo aumentos, baixas-diminucións, nas aplicacións que de seguido se relacionan.

Contido da emenda:

Aplicación aumenta	Concepto	Contías		
		Diminúen	Aumentan	Dot. definitiva
23104810000	Becas para libros e comedor		150.000,00	1.000.000,00
23102279909	Actividades grupos desfavorecidos		70.000,00	140.000,00
Nova creación	Plan compens. social contra crise		3.200.000,00	3.200.000,00
2410.1310000	Plan de Emprego		30.000,00	1.530.000,00
2410.2279910	Convenio plan de emprego		700.000,00	1.020.582,38
2410.4890010	Convenios plan de emprego		1.780.000,00	1.780.000,00
2311.2279906	Plan Municipal de Igualdade		50.000,00	190.000,00
9240.4890013	Convenio FAVEC		70.000,00	70.000,00
9240.4890014	Convenio AAVV Teis		55.000,00	55.000,00
3360.6220000	Centro Galego de Fotografía		500.000,00	500.000,00
3410.6190000	Urban. Ent. C. Fútbol e Pol. Navia		240.000,00	240.000,00

3360.6190000	Mellora infraestrutura Casco Vello		240.000,00	240.000,00
1550.6190006	Mellora Infraest. en parroquias		500.000,00	700.000,00
3210.6220001	Escola Infantil Lavadores		210.000,00	222.500,00
3210.6220003	Escola infantil Navia		210.000,00	222.500,00
1620.2270016	Contrato verquido e tratº de RSU	800.000,00		6.345.603,38
1620.2270000	Contrato de RSU e L. viaria	700.000,00		27.209.691,15
1640.2279900	Contrato mantº xardíns cemiterios	40.000,00		225.146,88
3210.2279917	Programa aulas internacionais	1.290.000,00		,00
4320.2279904	Actividades de promoción turística	45.000,00		100.000,00
4320.2279905	Patrocinio transporte aéreo	490.000,00		10.000,00
9120.2260102	Protocolo eventos internacionais	25.000,00		25.000,00
9120.2260200	Difusión de programas e distritos	25.000,00		35.000,00
9120.2269903	Cota da Fundación Provigo	150.000,00		,00
920.2279902	Convenios	50.000,00		125.000,00
9120.2279905	Programas Alcaldía	50.000,00		75.000,00
9121.2260200	Anuncios institucionais e licitacións	100.000,00		125.000,00
9121.2260201	Difusión e promoción da cidade	150.000,00		185.000,00
9220.2220000	Gasto de teléfono en dependencias	93.000,00		407.000,00
1720.2279908	Programa camiño a camiño	30.000,00		29.000,00
1550.6190000	Remate humanizacións centro	3.417.697,85		,00
1710.6190005	Parques infantís e biosaudables	250.000,00		,00
9330.6320000	Mellora en patrimonio municipal	200.000,00		133.334,00
9277.6260000	Adquisición equipos informáticos	100.000,00		100.000,00
Total		8.005.697,85	8.005.000,00	

O informe do interventor xeral de data 17.12.2012, informa desfavorablemente a diminución das aplicacións orzamentarias que afectan aos contratos.

Altera as dotacións previstas para facer fronte aos custos dos contratos formalizados vixentes, xerando unha incapacidade para facer fronte ás obrigas que xera o mesmo.	1620.2270000 1620.2270016 1640.2279900 9220.2220000
--	--

En canto aos contratos que afectan ao servizo de RSU, LV e tratamento dos residuos, achégase informe do responsable do servizo de Limpeza, no que se acredita que, tendo en conta os procesos de diminución que se están a producir na xeración, recollida e tratamento de residuos, a minoración de 770.000,00 euros na aplicación 1620.2270016, sería asumible, e o custe do servizo quedaría cuberto coa nova dotación. A minoración que se está a producir nos últimos dous anos na tonelaxe recollida e tratada e notable, quedando unha marxe que posibilita informar tecnicamente esta minoración, xa que o custe do contrato está en función das toneladas efectivamente transportadas e tratadas.

En canto á aplicación 1620.2270000, a minoración proposta de 700.000 euros, o responsable do servizo informa que a dotación, unha vez diminuída na citada contía, cobre o custe do contrato e a revisión de prezos pendente, polo que sería asumible a minoración proposta por non estar prevista ampliación ningunha do contrato para o ano 2013.

En canto á aplicación 1640.2279900, a adxudicación do contrato está sen resolver, polo que o prezo é perfectamente reducible en 40.000 euros, ben na aplicación ou na bolsa de vinculación xurídica dos créditos.

Por último, neste apartado está a diminución do gasto telefónico en 93.000 euros. Este expediente está en trámite pendente de informe, polo que, ao marxe da baixa que se produza como consecuencia do procedemento de licitación, a devandita aplicación está incluída na bolsa de vinculación xurídica 8220,22, con capacidade para facer fronte aos gastos do contrato.

No apartado cualificado no informe do interventor de insuficiencias que poden poñer en risco o funcionamento operativo dos servizos,

A diminución que se está a propoñer, está ou pode poñer en risco o funcionamento operativo dos servizos.	9227.6260000 9121.2260200
--	------------------------------

hai que facer as seguintes precisións: que a aplicación 9227.6260000 que está a soportar o proceso de renovación do cambio tecnolóxico, ten unha importante contía no ano 2012, expediente que se vai adxudicar neste ano, polo que, a dotación que queda para os anos 2013 e seguintes, son garantía suficiente para facer fronte ao mesmo.

En canto á dotación 9121.2260200, cunha diminución de 100.000 euros, a súa insuficiencia se afrontaría co saldo da bolsa de vinculación xurídica, polo tanto, as insuficiencias, se se amosasen, quedaría suplida dentro da vinculación xurídica.

En canto ao suposto de gastos de investimentos xeradores de gasto corrente no futuro e a súa adaptación ao contido do artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e substentabilidade financeira, no informe do interventor, facíase a reserva sobre este extremo, se as obras de construción remataban no ano, debo dicir, que en ningún dos casos, as dotacións que se están a facer son suficientes para o remate da construción, polo tanto esta limitación e reorientación dos empregos se imputaría aos orzamentos do ano 2014 e seguintes, e non aos do ano 2013 que se están tramitando.

En canto á emenda presentada no prazo fixado, con data 14.12.2012, polo concelleiro D. Miguel Fidalgo Iglesias, do Grupo Municipal do Partido Popular, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 120147841, na que propón aumentos, baixas-diminucións en determinados aplicacións que conforman o orzamento, co seguinte detalle:

Aplicación	Concepto	Contías
------------	----------	---------

/capítulo		Diminúen	Aumentan	Dotación definitiva
II	Gastos correntes bens e servizos	8.964.613,58		98.422.270,42
9240.4890003	Convenio Centrais Sindicais	40.000,00		5.000,00
9120.4890004	Outras subvencións	108.000,00		12.000,00
1550.6190000	Remate humanizacións centro	3.417.697,85		,00
2310.4890000	Subv. asociacións e entidades de carácter social		2.000.000,00	2.050.000,00
2310.4800000	Axudas a familias		1.000.000,00	1.445.000,00
2310.4810000	Becas, libros, comedor		1.500.000,00	2.350.000,00
4310.4890000	Subvencións ao pequeno comercio		1.000.000,00	1.050.000,00
3210.6220001	Construción escola infantil Lavadores		700.000,00	712.500,00
3210.6220003	Construción escola infantil Navia		700.000,00	712.500,00
2410.4700000	Programa apoio ao emprendemento		1.000.000,00	1.000.000,00
2410.470001	Programa de apoio a mozos primeiro emprego		1.000.000,00	1.000.000,00
2410.4890010	Plan de emprego		1.500.000,00	1.500.000,00
2310.6220000	Const. Centro de día maiores Z.Centro		710.103,81	710.103,81
2310.6220001	Const. Centro día maiores Z.Calvario		710.103,81	710.103,81
2310.6220002	Const. Centro de día maiores Z.Cabral		710.103,81	710.103,81
Total		12.530.311,43	9.530.311,43	

Unha vez que o interventor emitiu o informe á emenda, non é posible a súa toma en consideración, por non quedar cuberto o contrato de RSU e LV na contía de 6.000.000,00 de euros que se propón a baixa, supoñendo unha variación que supera o 20 por 100 do prezo do contrato, o que non só resultaría imposible de encaixe contractual e orzamentario, senón que a modificación do contrato tería que ser autorizada polo Consello Consultivo, prazos estes que resultan incompatibles coa tramitación do proxecto do orzamento.

En canto á anulación da aplicación 1330.2279907 (aparcadoiro praza de Portugal), tampouco resulta de posible cumprimento, xa que estaría a obrigar ao peche das instalacións, xerando un prexuízo moi importante para os usuarios, todo isto sen ter en conta que o orzamento de ingresos, no concepto 34901, está a posibilitar un ingreso por esa prestación de 600.000 euros, é dicir, con esta decisión, o Concello estaría a deixar de ingresar 340.000 euros o que non parece que sexa unha decisión económica racional.

En consecuencia, propónse á comisión de Xestión Municipal, o seguinte ditame:

PRIMEIRO.- Aprobar a emenda presentada polo Voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Santiago Domínguez Olveira, co número de rexistro da Secretaría do Pleno

120147660, cos seguintes axustes técnicos

Aplicación aumenta	Concepto	Contías		
		Diminúen	Aumentan	Dot.definitiva
23104810000	Becas para libros e comedor		150.000,00	1.000.000,00
23102279909	Actividades grupos desfavorecidos		70.000,00	140.000,00
9240.4890020	Plan compens. social contra crise		3.200.000,00	3.200.000,00
2410.2279910	Convenio plan de emprego		700.000,00	1.020.582,38
2410.4890010	Convenios plan de emprego		1.780.000,00	1.780.000,00
2311.2279906	Plan Municipal de Igualdade		50.000,00	190.000,00
9240.4890013	Convenio FAVEC		70.000,00	70.000,00
9240.4890014	Convenio AAVV Teis		55.000,00	55.000,00
3360.6220000	Centro Galego de Fotografía		400.000,00	400.000,00
3410.6190000	Urbaniz. ent.C. Fútbol e Pol. Navia		240.000,00	240.000,00
1550.6190050	Mellora infraestrutura Casco Vello		240.000,00	240.000,00
1550.6190006	Mellora Infraest. en parroquias		500.000,00	700.000,00
3210.6220001	Escola Infantil Lavadores		210.000,00	222.500,00
3210.6220003	Escola infantil Navia		210.000,00	222.500,00
1620.2270016	Contrato verquido e tratº de RSU	770.000,00		6.375.603,38
1620.2270000	Contrato de RSU e L. viaria	700.000,00		27.209.691,15
1640.2279900	Contrato mantº xardíns cemiterios	40.000,00		225.146,88
3210.2279917	Programa aulas internacionais	1.290.000,00		,00
4320.2279904	Actividades de promoción turística	45.000,00		100.000,00
4320.2279905	Patrocinio transporte aéreo	490.000,00		10.000,00
9120.2260102	Protocolo eventos internacionais	25.000,00		25.000,00
9120.2260200	Difusión de programas e distritos	25.000,00		35.000,00
9120.2269903	Cota da Fundación Provigo	150.000,00		,00
9120.2279902	Convenios	50.000,00		125.000,00
9120.2279905	Programas Alcaldía	50.000,00		75.000,00
9121.2260200	Anuncios instituc. e licitacións	100.000,00		125.000,00
9121.2260201	Difusión e promoción da cidade	150.000,00		185.000,00
9220.2220000	Gasto teléfono en dependencias	93.000,00		407.000,00
1720.2279908	Programa camiño a camiño	30.000,00		29.000,00
1550.6190000	Remate humanizacións centro	3.417.697,85		,00
1710.6190005	Parques infantís e biosaudables	250.000,00		,00
9330.6320000	Mellora en patrimonio municipal	99.302,15		233.334,00
9277.6260000	Adquisición equipos informáticos	100.000,00		100.000,00

Total		7.875.000,00	7.875.000,00	
-------	--	--------------	--------------	--

O único axuste que se está a producir, con independencia da necesidade de facer que a mesma estea equilibrada, é o incremento na aplicación 9330.6320000 para as obras no patrimonio de Balaídos, e a dotación ao Centro Galego de Fotografía.

SEGUNDO.- Rexeitar a emenda parcial presentada polo concelleiro D. Miguel Fidalgo Iglesias, do Grupo Municipal do Partido Popular, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 120147841, por non ser tecnicamente asumible a diminución que propón na aplicación 1620.2270000, RSU e LV, e que levaría a unha resolución contractual.

No mesmo sentido, a anulación da aplicación 1330.2279907, para os gastos de funcionamento do aparcadoiro da praza de Portugal, por supoñer o peche da instalación, a perda do servizo e deixar de ingresar 340.000 euros.

TERCEIRO.- Facer os axustes de tipo técnico no proxecto do orzamento para formular nova proposta ao Pleno recollendo o ditame da comisión de Xestión Municipal, facendo constar na proposta e nos estados do proxecto o contido da emenda votada.”

A comisión informativa de Economía e Facenda, na súa sesión do día 18 de decembro, ditaminou favorablemente a anterior proposta da concelleira delegada. Na sesión que tivo lugar o día 26 de decembro, **o Consello Social da Cidade** tomou coñecemento do proxecto de orzamentos.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Debate de aprobación e informe da Intervención puntos 3.1 e 3.2 en tempos de unha primeira quenda de quince minutos cada grupo, resposta doutros cinco minutos e un peche por parte de goberno de tres. Iniciamos o debate coa intervención da Concelleira de Economía e Facenda dona Raquel Díaz.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Bos días a todos e a todas. Hoxe estamos aquí presentando o sexto orzamento consecutivo nesta cidade, isto é un feito histórico, xamais nunha cidade como Vigo habíanse presentado seis orzamentos seguidos. Catro orzamentos no anterior mandato e o segundo deste mandato, nin cando o Partido Popular tivo maioría absoluta, fai seis anos, foron capaces de presentar máis de un ou dous orzamentos nun mandato e aquí levamos seis. Isto demostra a gran estabilidade deste goberno, o feito de presentar un sexto orzamento consecutivo implica que estamos ante un goberno estable e

comprometido pola cidade, porque da capacidade de facer un orzamento defínese a acción que presenta ese goberno para a cidade. Recolle cales son os obxectivos que se propón un goberno para unha cidade e cal é a proposta de cidade que presenta ese goberno.

Presentamos un orzamento que alcanza un valor de 228,8 millóns de euros. Pese a complicada situación económica que vivimos todos nestes momentos este orzamento é o terceiro máis elevado da historia, porque queríamos facer un maior esforzo en gasto social e en emprego porque con recorte non se sae da crise, da crise sáese xerando políticas activas de gasto social e políticas activas xeradoras de emprego e de crecemento económico. Os premios noveis de economía están hoxe de acordo, só se sae da crise con políticas “keynesianas”.

Este orzamento recolle tres eixes centrais neste orzamento: a acción social, o emprego, a educación e o deporte. Isto é o que motivou este orzamento e é o que está detrás destas partidas que configuran o orzamento.

Acompañando a estes tres obxectivos, dous principios básicos e irrenunciáveis o primeiro a redución na presión fiscal a tódolos cidadáns de Vigo pero sobre todo a os que máis o necesitan. Así propoñemos conxelacións en distintas taxas e impostos como é a taxa da auga ou a que acabamos de aprobar, do prezo do billete de VITRASA, de maneira que ningún cidadán vigués pagará un céntimo máis polo VITRASA, nin polo recibo da auga. Xunto coa esta redución na presión fiscal o outro gran principio básico irrenunciable, unha redución no endebedamento da cidade.

Pódese comprobar lendo tódolos informes que o Partido Popular miente reiteradamente, porque de novo este orzamento recolle unha redución do endebedamento do 2,12% situándoo no 25,74%, exactamente a metade do que nos deixou o Partido Popular e a carta parte do que ten o Partido Popular na Deputación de Pontevedra.

Por iso presentamos con todas estas indicacións, un orzamento austero e eficaz, un orzamento que racionaliza o gasto e fai unha xestión eficiente dos recursos públicos, pero axudando máis a aqueles que máis o necesitan.

Este orzamento recolle o maior esforzo en políticas de emprego e de benestar social que se haxa recoñecido en ningún noutro orzamento anterior, triplicando incluso partidas que contemplaba o Partido Popular.

Diríxese aos sectores familiares e económicos máis castigados polo desemprego, por estar nunha situación de dependencia ou aqueles sectores económicos que se viron máis afectados por esa brutal subida do IVE como é no material escolar. A pesar dos recortes noutras administracións, a pesar de que estamos a ver como o transporte público sobe noutras cidades gobernadas polo Partido Popular, a pesar de que a Xunta decidiu diminuír as bolsas de comedor para os vigueses, a pesar de que a Xunta sobe impostos como o canón da auga para os vigueses, este orzamento conxela taxas, tarifas e aumenta políticas sociais como son as bolsas de comedor.

Este orzamento cobre o que a Xunta decidiu non cubrir, por exemplo bolsas de comedor ou outras achegas que ata agora viña facendo a Xunta de acción social para a dependencia, para os comedores, para as bolsas. Por isto este orzamento cobre o que outras administracións deixaron de cubrir en atención social e por isto presentamos o maior gasto social dun orzamento.

As actuacións en promoción social acadan en conxunto os 20 millóns de euros. Hai dous anos estas actuacións supoñían 15 millóns e hai sete anos cando gobernaba o Partido Popular, estas actuacións apenas acordaban oito millóns de euros. Polo tanto este orzamento triplica a política do Partido Popular en acción social, estamos falando de algo tan importante como é a axuda á dependencia, o sistema de asistencia domiciliaria que acada os tres millóns de euros. Pero tamén convenios con distintas asociacións de atención a grupos desfavorecidos, por exemplo: convenios con Bancos de Alimentos, cos misioneiros, coa Fundación Menela, con Vida Digna, con axuda ao terceiro mundo, con Médicos do Mundo. Convenios con distintas asociacións que acordan un total de catro millóns de euros.

Falamos tamén de programas de menores, de actividades para os nosos maiores, da atención a grupos de desfavorecidos, do programa Xantar na Casa e por suposto do albergue. É a primeira vez que nunha cidade como Vigo existe un centro de servizos sociais.

Este goberno decidiu asumir os recortes doutras administracións e asúmeos con recursos de Vigo, por iso ademais da atención social este goberno tamén recolle no seu orzamento vinte millóns de euros para programas de emprego, son as políticas “Keynesianas”, que xeran crecemento e emprego.

Políticas de acción directa con plans de emprego que non só van a xerar emprego

senón que a través destes plans se consegue prestar máis e mellores servizos á cidade.

Políticas de emprego a través de convenios con distintas asociacións como Érguete que permiten a inserción laboral ou coas asociacións de pais que permiten ofrecer obradoiros e polo tanto unha educación de calidade aos nenos dos nosos colexios.

Mentres o goberno central quita unha lei que favorece o despido e diminúe as prestacións por desemprego ou mentres o goberno da Xunta diminúe os programas de creación de emprego, este goberno destina vinte millóns en políticas directas e indirectas de xeración de emprego.

O outro gran piar a educación, o orzamento en educación recibe 11,5 millóns de euros con un apoio directo á educación, aos nosos colexios porque nos ímonos facer cargo de todo o mantemento, da luz, do gas, da calefacción, da limpeza, dos porteiros. Lembrar que acabamos de abrir dous novas escolas infantís e nestas escolas ningún vigués pagará nin un só céntimo máis, non acontece así nas da Xunta, onde os pais vigueses teñen que pagar ata oitenta e sete euros máis ao mes, onde estamos a constatar que moitos pais deixan de levar aos seus nenos ás escolas da Xunta porque no poden facer fronte a estes oitenta euros máis ao mes.

Ademais seguimos con todos o apoio ás escolas municipais, á Escola de Música, de Teatro, de Danza, á Escola de Música Tradicional, onde subvencionamos estas actividades ata un 81%. Por suposto os comedores, porque non queremos que ningún neno quede sen comer e por iso, onde a Xunta decidiu diminuír as bolsas de comedor, este goberno non só as mantén senón que as amplía.

Asumimos o recorte da Xunta e imos incluso máis aló. Queremos facer unha petición á Xunta, que aumente o número de prazas nos comedores públicos porque moitos nenos quédanse sen comer porque non hai prazas no seu colexio xa que a Xunta decidiu non ampliar o comedor.

Contemplamos a construción de dúas escolas infantís máis a de Lavadores e Navia porque entendemos que unha escola infantil é moito máis que un centro onde deixar a un neno, é un centro de educación que permite a conciliación de vida laboral e familiar, ademais da educación dun neno dende que nace.

Por suposto a UNED que por fin abrirá, pese a quen lle pese, esta cidade terá UNED.

Outro gran piar, xunto coa educación, a cultura con un orzamento de sete millóns

de euros, manifestando así un apoio claro a museos e a actividades culturais como Castrelos, a Pinacoteca, o Arquivo Pacheco, o Museo Liste ou o Marco porque onde vemos que a Deputación se sae, onde vemos que a Xunta diminúe a metade as súas partidas e onde vemos que o goberno central está case desfavorecido, o concello segue mantendo o 90% do financiamento deste museo.

Por isto a cultura neste orzamento aumento a súa participación para defender o que é de todos, ese patrimonio intrínseco a tódolos vigueses.

A outra parte era o deporte pasa de 8,1 millóns de euros a 8,6, un 6% de aumento, mantendo así o apoio municipal a todo o deporte base, pero tamén aos equipos grandes da nosa cidade ao Celta de Atletismo e Baloncesto, ao Octavio, ao Coruxo, ao Olivo podía citar todo eles. Por suposto tódalas actividades realizadas dentro das instalacións deportivas municipais que este goberno seguirá subvencionando e financiando.

Como resultado de todas estas políticas este orzamento recolle en servizos públicos básicos 115 millóns de euros para o mantemento das nosas rúas, para o mantemento dos nosos barrios e parroquias con melloras importantes xa que as partidas destinadas a estes ascendes a máis de dous millóns de euros.

Supresións de barreiras arquitectónicas por 200.000 euros porque a cidade é de todos e para todos. Melloramos zonas verdes, os parques e por suposto investimento, catorce millóns de euros en investimento directo, xerando non só emprego senón tamén infraestruturas de futuro porque o investimento é o que nos permite construír unha escola infantil. O investimento permítenos mellorar o mercado, facer centros culturais, veciñais e polo tanto centros de organización da vida cidadán.

O orzamento recolle ademais diminución en gastos de persoal, pero a gran partida que ve aumentada o seu orzamento é o capítulo catro, ese capítulo onde se recollen tódalas subvencións, tódalas axudas, tódolos programas de atención, axudas directas ás familias, bolsas de comedor, de libros, para os máis necesitados, convenios con asociacións de todo tipo.

As subvencións aumentan un 14,21% neste orzamento pasando de 20,5 millóns a 23,5 millóns, todo isto con un menor endebedamento para a cidade. Mentres acabamos de ver nas noticias como a Xunta duplicou a débeda en poucos anos ou como a Deputación se sitúan nun nivel endebedamento que supera o límite legal

do 75%, de maneira que nestes momentos á Deputación de Pontevedra estalle prohibido endebedarse, este concello reduce a débeda, o informe de intervención déixao claro, sitúase nun 25,7%, polo tanto o máis baixo de toda a historia da cidade. O Partido Popular poderá mentir, manipular, enganar, os informes non menten, todo Vigo sabe que quen mente é o Partido Popular. A pesar desas mentiras nós seguiremos gobernando, este goberno seguirá defendendo Vigo, e por isto presentamos este orzamento co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos vigueses.

Un orzamento xerador de emprego e onde Vigo seguirá sendo a cidade máis saneada de todo o mapa municipal español. Nestes momentos Vigo é utilizada como exemplo no seo da FEMP, tódolos alcaldes, incluso os do Partido Popular, recoñecen a labor e a situación financeira de Vigo, por iso este orzamento ten unha situación financeira saneada, con máis prestacións sociais, con máis políticas de emprego e con máis educación.

A situación económica demándanos a todos estar á altura das circunstancias, demándanos traballar pola cidade e pídenos políticas sociais e de emprego porque a saída desta situación económica non se consegue con recortes senón con políticas activas de emprego e de acción social, non se consegue diminuindo en educación senón apostando pola educación, non se consegue diminuindo en inversións senón aumentando en inversións, non se consegue diminuindo en cultura senón apostando polos cidadáns.

Por isto, dicía que tódolos premios Nobel recoñecen e defenden as políticas activas e é o que está reflectido neste orzamento. Este goberno defende aos vigueses e por iso puxo en marcha medidas para facer máis levadeira esta travesía, porque estamos seguros de que se todos traballamos na mesma dirección moi pronto, tódolos vigueses/as conseguiremos saír desta situación na que nos atopemos. Moitas grazas a tódolos que axudaron a confeccionar este orzamento moitas grazas.

SR. DOMÍNGUEZ OLIVEIRA: Bos días a todos/as. Antes de empezar con este tema queríamos facer explícito tamén no nome do BNG a felicitación a Ángeles polo seu traballo, darlle as grazas e desexarlle un gran éxito na súa vida futura. Moitas grazas Ángeles por todo o que nos levas dado.

Sra. Concelleira eu espero que sexa simplemente algo pasaxeiro en termos médicos a perda transitoria de memoria chámasele amnesia e eu creo que vostede hoxe acaba de demostrarnos que algo diso padece, pero repito, desexámoslle que sexa única e exclusivamente neste Pleno e que logo, evidentemente, non padeza máis desta amnesia.

É tremendo escoitar que este é o sexto orzamento e que é un orzamento que aposta polo gasto social, que aposta polo emprego, escoitar que vostedes conxelan as tarifas da auga, as de VITRASA. Por iso digo que é amnesia o que vostede ten, porque eu aínda me lembro de cales foron as ordenanzas que vostedes presentaron a este concello, oia subíanlle a auga á cidade. Lémbrome aínda o que vostedes presentaron o ano pasado cunha suba descomunal de VITRASA, pois tiveron que ser as emendas do BNG as que a vostedes lles obrigaron, se querían aprobalas, a que VITRASA non se suba nin un céntimo. Tamén lembro que cando vostedes presentaron os primeiros borradores do orzamento, reducían tres millóns de euros en emprego, reducían en servizos sociais, bolsas de comedor vostedes conxelaron as bolsas, que tivemos que subir a 150.000 euros máis. Presentamos emendas que subiron en tres millóns de euros o plan de emprego, ou non se lembra dos orzamentos que vostedes elaboraron. Non se lembran que en servizos sociais, en Igualdade vostedes querían rebaixarlle as mulleres a ese plan de igualdade 50.000 euros.

Escolas infantís, a escola infantil de Lavadores e de Navia vostedes deixábana para o ano 2014, imos a facer un exercicio de honestidade política, SRA. Concelleira, e diga que efectivamente agora estes orzamentos si son uns orzamentos que apostan polo emprego, que apostan polos servizos sociais, que soben as bolsas de comedor, que permitiran construír dúas novas escolas infantís porque aquí hai una forza política que é coherente co que ven dicindo dende o principio deste mandato e que evidentemente tivo que aportar esas emendas para que vostede agora, si poda falar deles como está falando.

Pero eu creo que hai que ser honestos politicamente e non vir a dicir aquí que este orzamento aposta polo gasto social, este si, o que se presenta agora, si porque están recollidas as emendas que o BNG presentou.

Non sei cantos premios Nobel revisaron estes orzamentos supoño que llos enviarían por correo electrónico e lle dixeron este é o orzamento polo que

apostamos, pero cos premios Nobel as nosas familias non comen, os homes e mulleres non atopan traballo, os nenos e as nenas non van comer. As nosas familias van a ter o mínimo necesario se apostamos, como así o fai o BNG, por unha verdadeira política de esquerdas e por unha política que redistribúa a riqueza para darlla os que menos teñen.

Explicar un orzamento para que a cidadanía nos entenda é moi fácil porque ás veces esquecémonos que de fora destas paredes hai vidas que están sufrindo e hai unha realidade dramática polas que están pasando os vigueses e as viguesas .

Nesa realidade pódese estar de varias maneiras, pódese a esa realidade simplemente a escoitar que bonitos somos, a quitarnos unha serie de fotos. Pódese ir a esa realidade como fan os señores do Partido Popular a xustificala dicindo que non hai maneira, que non hai outra forma de actuar e a dicirlles ós que non teñen traballo, ós que non lle poden comprar os libros aos seus fillos, etc a dicirlles que non hai outro remedio. Ou pódese estar na realidade que hai aquí fora, escoitando a cidadanía para dende a responsabilidade política tentar cada un coas armas que ten de transformala.

Nos levamos tempo escoitando o que esa realidade nos di, señores do Partido Popular ímoslles dicir que o BNG si vai a aprobar estes orzamentos. Sr. Fidalgo, as nosas emendas non as redactou o Alcalde, non necesitamos nin premios noveis nin Alcaldes que nos redacten as nosas emendas porque nolas redactaron dúas mil familias desta cidade que van poder cobrar 1600 euros en oito meses, e que lles vai a axudar, simplemente, a subsistir. Informes de Cáritas que din que hoxe hai rapaces na nosa cidade que só poden comer cando van a o seu comedor escolar. Mulleres desta cidade que ven como seguen sufrindo a discriminación nos seus postos de traballo. Homes e mulleres desta cidade que están en paro, tamén nolas redactaron esas setecentas persoas que a través do Plan de emprego municipal impulsado polo BNG encontraron este ano traballo.

Esas son as persoas que nos redactan as emendas que presentamos a este orzamento porque detrás da reflexión, da análise que o BNG fai do documento máis importante dun mandato, como é o do orzamento, detrás temos ós colectivos sociais, temos ás asociacións de veciños, ás comunidades de montes, ós representantes dos traballadores, ós sindicatos, á Universidade de Vigo, a unha cidade que pide hoxe máis que nunca, que os que nos dedicamos a política

sexamos responsables, teñamos miras para darnos conta de cal é realidade que estamos a vivir.

Por iso imos a votar estes orzamentos os tres votos do BNG a estes orzamentos non son para o Sr. Abel Caballero, nin para o goberno local, son para unha cidade, para esas familias que poderán cobrar 1600 euros ou para eses homes ou mulleres que poderán encontrar emprego ou para eses nenos que poderán ter máis bolsas de comedor, para eles son os nosos votos, eses votos que vostedes lle negan, porque Sres. do Partido Popular poden dicir o que queiran da postura do BNG, nós estamos tremendamente satisfeitos con esta postura porque demostramos coherencia. Cada vez que o Partido Popular fale nesta tribuna de políticas de emprego de políticas sociais, de educación ou de sanidade, eu e o BNG sempre lle recordará unha cousa, que vostedes dixeron que non querían dicirlle a Xunta de Galicia que achegara a mesma cantidade de cartos que nós, para facer emprego nesta cidade e tampouco queren pedirlos á Deputación . Iso significa, que 1500 traballadores/as nesta cidade non van poder encontrar emprego porque se a Deputación e a Xunta achegaran o que o BNG achegou nas súas emendas só con esa cantidade, 1500 traballadores poderían atopar emprego nesta cidade. Si vostede dende a Xunta e dende a Deputación se achega a mesma cantidade que o BNG puxo nos orzamentos, para que esas familias puideran cobrar 1600 euros, se a Deputación achegase a mesma cantidade, en vez de 2000 familias serían 6000 familias que poderían cobrar 1600 euros.

Vostede négalle os votos, non o Sr. Abel Caballero, senón a esta cidade e a eses trece concelleiros, eses corenta e un deputados, que moito presumen de telos na Xunta, eses todos estanlle negando a esta cidade, a 4000 familias máis que poidan subsistir e a máis de 1500 traballadores que poidan encontrar emprego.

Como nós non queremos negarlles iso, e dende a potestade que temos, apoiamos estes orzamentos e contribuímos a sumar a esta cidade, porque dende a oposición nós poderíamos facer como vostedes fan mirar para outro lado. Dicir que como estamos na oposición non temos porque apoiar uns orzamentos, poderíamos seguir, como fan vostedes, na liorta política ou como fai o Partido Socialista mirando para outro lado, rebaixando partidas. Poderíamos fácelo, pero coa liorta política, co rife rafe político, primando os intereses partidistas por riba da cidadanía, con isto os homes e mulleres desta cidades non comen, non atopar

traballo, dende a coherencia, dende a responsabilidade e pola que, hoxe o BNG di si a estes orzamentos que van a traer máis emprego, máis posibilidades de subsistir a moitas familias e que en definitiva son os orzamentos, Sra. Concelleira, non deste goberno, son os que vai ter esta cidade.

SR. FIGUEROA VILA: Dende o grupo municipal agradecerlle a Ángeles o seu traballo, e sobre todo, a súa dedicación, o bo trato que tivo con todos e supoño que seguirá tendo con todos nós ao longo do que lle quede de vida, que esperemos que sexan moitos anos, en compañía da súa familia. Moitas grazas.

Estase a escenificar a obra de teatro, estamos no remate final e nós anunciamos que estes eran os pasos que había que dar.

Agora o BNG critica a concellala de Facenda dicindo que se sofre amnesia, mire Sr. Domínguez Olveira, isto era previsible e polo tanto non nos colle de sorpresa absolutamente a ninguén, hai argumentos máis que suficientes para demostralo, hai partidas onde non se puxo a cantidade suficiente para que despois o Bloque as emendase, as bolsas de ingreso o BNG di que se supriman o Alcalde di que as acepta pero despois ao día seguinte, nos medios de comunicación, di que non as vai a aceptar. Contéplase na partida de ingresos unha partida 150.000 euros, que cando se aproben os orzamentos non sei si o Alcalde o traizoará ou non a vostede e poñerá e marcha a bolsa de Inglés, que nós apoiamos, polo tanto isto é unha escenificación que todos coñecíamos.

Nós queremos entrar a analizar profundamente o orzamento, este non reflicte o que demanda a cidade de Vigo por iso nós consideramos que é un orzamento insuficiente, que non se axusta ás necesidades reais, non planifica o crecemento de Vigo, non soluciona os problemas de moitos sectores, como sociais, culturais e deportivos.

Sra. Díaz e Sr. Domínguez Olveira nós tamén visitamos ás asociacións sociais, pregúntenlle a Alento o que está pasando, que non lle dan nin un só euro para rematar o edificio que teñen, pregúntenlle a Pan, aos Irmáns Misioneiros de Teis a situación que están a atravesar, aos comedores etc.

Houbo un goberno do Partido Popular que cedeu uns terreos para construción deses edificios e algunhas cuestións máis pero vou seguir cos argumentos, non soluciona os problemas da cidade relacionados cos temas sociais, culturais, se quere falamos

do Verbum, da Pinacoteca, do Museo de Castrelos, na situación na que se atopan, Pacheco etc., deportivos que teñen moitos clubs desta cidade, non existe apoio a outros sectores estratéxicos que tamén xeran emprego, empeora os servizos municipais, son máis caros e peores. En definitiva estes orzamentos non contemplan un proxecto de cidade demostrándose que hai un goberno débil e en minoría e que ten que aceptar o que lle digan os tres votos do BNG.

Presúmese de solvencia, de boa xestión e eu só vou recoller tres manifestacións ou tres partes do informe do Interventor; con respecto ao cadro de persoal o Interventor desta casa di "o cadro de persoal non só ten que conxelarse senón que debería mostrar unha tendencia á baixa baseada nunha xestión máis eficiente si cabe". Con respecto ao contrato do lixo, que vostedes nos enganaron, se queren algún día falamos dese Centro Ecolóxico, como se a fixo adxudicación e a quen se lle deu, gracias a que ese centro foi o que desequilibrou a oferta en favor dunha empresa, pois vostedes chegan a un acordo coa empresa concesionaria e dinnos o ano pasado que conxelan a revisión, que non se fai a revisión, e este ano fan dous anos de revisión.

O que tamén quería deixar claro, é o que di Interventor "Capítulo II esgotamento da capacidade de gasto en canto ás aplicacións" que están a recoller as dotacións para a construción dos centros de zona Calvario e Cabral estase a propor un investimento xerador de gasto corrente no futuro e di "hai un esgotamento para continuar co crecemento de gastos sendo necesario atender os novos gastos con baixas de outros cun aumento da presión fiscal" iso é o que di o Sr. Interventor.

Tamén di "que o incremento do Capítulo II e do 43,2% nos últimos ano polo tanto é necesario facer axustes que xeren un cambio.

Vigo necesita resolver os problemas diarios pero tamén necesita planificar o seu futuro. Os problemas diarios son que crece a débeda cando chegou o Partido Popular no ano 2003 había cento oito millóns de euros de débeda, no ano 2007 quedou en corenta e sete e agora van a ter oitenta millóns de euros.

Soben os impostos permanentemente tódolos anos, incrementan as multas de tráfico os cidadáns dunha maneira clara.

Repetidas interrupcións por parte dos concelleiros/as do PSOE.

As cousas non deben ir moi ben, cando, dende que gobernan vostedes pasamos de 17000 parados a 34000, ese é o dato máis importante que hai que por enriba de

mesa nesta cidade. Quere dicir que súas políticas non deben de funcionar moi ben, nós entendemos que haxa que ter partidas para emprego, para gasto social, cantas máis mellor, pero estas políticas son insuficientes é unicamente demagogia e unha tomadura de pelo que vostedes planeen o orzamento como partidas de emprego e gasto social única e exclusivamente. Nós dicímoslle claramente que hai outra visión do que teñen que ser os orzamentos, teñen que intentar buscar outro tipo de políticas, intentar facilitar inversións doutras administracións, inversións privadas que xeren emprego.

Vostedes están boicoteando ó Hospital Público de Vigo que significa un número importante de traballadores, están boicoteando a Cidade da Xustiza porque non ceden os terreos para que se constrúa, a Biblioteca do Estado que é importante que se constrúa para crear postos de traballo.

Estiveron á marxe dos apoios á automoción, ao naval, boicotearon os aparcamentos disuasorios, intentaron boicotear todo o relacionado con políticas de vivenda e creo que isto e importante, intentar facilitar dende un goberno como o de Vigo, outro tipo de políticas. Creo que isto é o que nos levaría a intentar facer un orzamento con maior rigor, austeridade e que prime a boa xestión, facer máis con menos, e adelgazar a administración.

Nos démoslle unha idea, intentar suprimir os organismos autónomos, non teñen sentido a estas alturas, hai que intentar prescindir de gastos innecesarios, de partidas importantes, que se queren un día falamos de publicidade e propaganda que vostedes teñen no orzamento. Claro que o importante é manter as políticas sociais, todos estamos de acordo nese obxectivo, porque é primordial o emprego e o crecemento económico pero o que non pode ser e que vostedes nos presenten nestes orzamentos un documento onde se amplía o contrato de Aqualia, por que se fixo? se remataba no ano 2015 podíase facer un novo prego de condicións, defendendo os intereses xerais desta cidade podíase abaratar ese servizo e así intentar que o recibo da auga se puidese cobrar polos tramos correspondentes, non, vostedes o fixeron ao revés Sr. Domínguez Olveira, por que ampliaron cinco anos ese contrato sabendo que remataba inmediatamente? vostedes son cómplices tamén, por que se cambiou o contrato e se modificou o tema do Centro Ecolóxico?.

Hai 34.000 parados fora e vostedes non se decatan de nada, séguese rindo nós non

rimos de ninguén.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Sr. Figueroa a súa actuación acábame de lembrar a unha canción da "Lupe" que dicía "teatro o teu é puro teatro" iso si que foi un autentica farsa o que acaba de montar vostede aquí.

Unhas palabras para o Sr. Domínguez Olveira eu entendo que nós presentabamos un orzamento orientado cara a o emprego e a acción social, como calquera orzamento é mellorable. Nós sempre estivemos abertos a propostas positivas, como a súa entendémola como unha proposta para sumar incorporámola e recollemos tódalas emendas que vostedes nos propuxeron.

Non aceptamos as do Partido Popular porque as consideramos como unha hipocrisía política, porque se o Partido Popular presenta unha proposta onde di que hai que aumentar os programas de emprego ou que hai que aumentar os programas sociais. A primeira pregunta é si hai que aumentar programas sociais porque a Xunta de Galicia nos acaba de diminuír os convenios con entidades sociais. Se hai que aumentar os programas sociais porque entón a Xunta reduce as bolsas de comedor, porque se ao comentar os programas sociais resulta que están a diminuír as axudas a libros; polo tanto era unha absoluta incoherencia entre o que estaban propoñendo a nivel estatal con o que estaban propoñendo na cidade de Vigo.

Nós neste orzamento recollemos todos eses recortes que se están a facer tanto dende a Administración Central, como da Autonómica, non só compensamos eses recortes senón que fomos máis aló, aumentando con esforzo municipal esas partidas a Emprego e a Acción Social.

Que son os eixes fundamentais deste orzamento porque é o que nos demanda a cidade.

Hai uns días dicíame unha nai que tivo que quitar o seu neno da gardería da Xunta porque non podía facer fronte a eses oitenta euros o mes que tiña que pagar polo comedor porque a Xunta no lle cubría a bolsa de comedor. E sei de máis casos e iso é o que se está producindo. Xente que nos ven dicindo no meu fillo está no paro, meu irmán está no paro, eu estou no paro, é certo, en Vigo hai 34.000, parados pero como moi ben dicía Santiago Domínguez, se tódalas administracións puxeran en plans de emprego para Vigo como o está poñendo este concello, non habería

nin un so parado nesta cidade. Son cinco millóns de euros que esta a poñer o Concello en políticas directas, en total vinte millóns de euros, se puxera vinte millóns de euros a Deputación, cantos empregos se xerarían? e se puxera vinte millóns a Xunta de Galicia e o Ministerio, cantos empregos se xerarían?

O problema aquí é, que nin a Xunta, nin a Deputación nin o Estado, aquí os únicos que están facendo políticas activas de emprego é este goberno municipal.

Por iso, á emenda, só se pode cualificar de hipocrísía política, pero o que nos acaba de demostrar o Partido Popular é que non se leu o orzamento e quen veu a montar unha farsa, é un "*paripé*" foi o Partido Popular, porque estaba aludindo a unha serie de informes, falseando eses informes e nalgún sitio citaba os reparos que lle puxo o Interventor a súa emenda.

Que a emenda que propón o Partido Popular, a parte de ser demagóxico e politicamente inadmisíble, é ilegal, non cumpre a Lei de Facenda locais nin a de Contratos, nin a de estabilidade, polo tanto primeiro, non leron o orzamento e segundo, manifesta o Partido Popular un gran descoñecemento de como funciona un orzamento. Agora xa sei porque foron incapaces de facer un orzamento cando gobernaban porque non saben.

De novo volven coa mentira do endebedamento e aí xa non citan as cifras do Interventor, citan o que queren, din que no 2007 había menos endebedamento, si no 2007 eles xa non gobernaban, quen o reduciu foi este goberno, este Alcalde, non eles e dende aí ano tras ano.

Lembremos, volvamos á hemeroteca, en xaneiro do 2007, presentou o Partido Popular un orzamento no que pedían a concertación dun préstamo de 20 millóns de euros e sen embargo chegamos nós e o que fixemos foi amortizar os préstamos que eles nos deixaron, e no 2007 amortizamos os vinte millóns de euros, reducindo ano tras ano o endebedamento, e aí non cita ao Interventor, non cita o informe de Intervención cando di que nestes momentos é un 25,7% e polo tanto estamos incluso por debaixo do ano pasado, e fomos ano tras ano reducindo o endebedamento e aí é onde realmente lle doe, e por iso veu aquí con un discurso que non ten nada que ver co orzamento, para nada, falou da Cidade da Xustiza, que teñen que facer eles e onde nos lle ofrecemos custe cero, o hospital que está parado porque non hai financiamento, non porque haxa boicot, polo tanto todo actuacións que eles teñen que facer é que non quixeron.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Moitos cartos debe de ter o Alcalde cando é el quen reduce o endebedamento da cidade, non, a redución do endebedamento prodúcese grazas aos cartos que os vigueses/as aportan ao pagar as taxas e os impostos, vostedes poden facer unha mellor ou peor xestión, pero o endebedamento redúcese grazas os vigueses e as viguesas. Si o Alcalde quere poñer do seu peto para que o Concello reduza a débeda pois benvido sexa, pero son os vigueses/as.

Sr. Figueroa Vila aquí hai unha obra de teatro protagonizada por un auténtico monicreque ou mellor dito por trece monicreques que se moven e que falan segundo o que o Sr. Louzán ou o Sr. Rajoy e o Sr. Feijóo digan, esa é a gran obra de teatro é que estamos asistindo.

Xa sabemos a que se refire vostede cando di que hai outra forma de facer orzamentos, claro vostede segue sendo vicepresidente da Deputación, pois esta é a forma que o Partido Popular ten de facer os orzamentos. Voulle poñer tres exemplos: órganos de goberno, o gasto na Deputación son de 4,5 millóns de euros; para accións sociais hai unha partida de 500.000 euros; promoción de emprego para toda a provincia 3.400.000 euros, bastante menos do que as emendas do BNG propuxeron para que o Concello de Vigo investise.

Ese é o teatro, vostedes escoitaron nesta cidade a algún colectivo social, a algunha Asociación de veciños, a algunha Comunidade de montes, a algún sindicato, á Universidade, vostedes escoitaron algún deste colectivos opoñerse a estes plans de emprego ou a estas partidas de servizos sociais. Onte asistimos a un Consello da cidade onde non houbo nin un só colectivo que dixera amen a estes orzamentos e a estas políticas sociais, iso si, vostede estivo calado no Consello Social da cidade onde están os representantes, non abriu a boca para nada, seica para reservarse o teatro e a posta en escena para o Pleno. Ningún colectivo desta cidade, e mire que hai colectivos críticos nesta cidade, e Comisións de afectados cidade pois nin un só colectivo se opuxo a estas políticas.

Cando o BNG impón ás súas emendas o goberno é débil; cando vota os orzamentos, aquí hai un engano; claréxense, a vostede o único que lle interesa é chegar o poder nesta cidade. Mentres o BNG teña a representación que ten, imos cumprir coa nosa promesa nesta cidade e que as políticas de dereitas que están a facer na Xunta e no Goberno central nunca as poidan facer aquí na nosa cidade, en

Vigo.

SR. FIGUEROA VILA: Eu só defendín a posición do noso grupo político.

Volvo a repetir que a débeda deste Concello duplicouse dende que goberna o Sr. Caballero. Os informes do Interventor dino claramente, que o cadro de persoal necesita conxelarse, que o mantemento de novas infraestruturas pode xerar problemas de gastos imposibles de cubrir e que os impostos e multas de tráfico son un incremento importante para os cidadáns.

Hai 17.000 parados máis dende que goberno o Sr. Caballero. Dende o noso grupo político, apoiamos tódalas políticas para a xeración de emprego e para gasto social, pero non é suficiente, hai que buscar novas inversións privadas e públicas que xeren crecemento económico e emprego. Hai que dicirlle si ao Hospital público, á Cidade da Xustiza, á Biblioteca do Estado, o AVE, á supresión da peaxe, á Estación Intermodal, a Plisan, a proxectos que vostedes están boicoteando permanentemente. Hai que dicir si ás promesas de 6000 vivendas protexidas que non se construíron, isto si que é gasto social.

Hai que dicir si a trece centros de día para maiores, onde están?, en ningún lado, prometese pero despois nos orzamentos no aparece nin unha soa partida. Hai que dicir si as corenta e sete escolas infantís e garderías, a seis centros de atención primaria, hai que dicir si ao inglés para todos os nenos e nenas que este orzamento saca, pero que despois Sr. Domínguez Olveira faranlle o engano e xa verá vostede como nesa partida o Alcalde fará algunha modificación de crédito para resolver este problema. Hai que dicir si os centros de terceira idade, a un Vigo igualitario para os Barrios e Parroquias que prometeron vostedes cen millóns de euros e non foron capaces de investir nin un só euro.

Hai que dicir si ás instalacións deportivas que están en estado lamentable hai que preguntarlles aos nenos e nenas que adestran en Samil ou no campo do IMD. A todo iso hai que dicir si, e a que hai que dicir no? A non entregarse ás concesionarias, a non axeonllarse ante Aqualia, ante VITRASA, ante Auditorio de Vigo iso son tamén son políticas que significan mellora nos servizos públicos.

Saben o que vostedes non son capaces de facer? Xestionar, non xestionan absolutamente nada, non son capaces de buscar inversión privada de ningunha maneira. Cando gobernamos deixáronse 6 aparcadoiros con custe cero para as

arcas municipais, do que presumen vostedes agora de Urzáiz, de Pintor Colmeiro, de Areal ou de Jenaro de la Fuente, pois todos eses xestionounos un goberno do Partido Popular, con custe cero para as arcas municipais.

Dous complexos de piscinas, Barreiro e a Florida, tamén custo cero para as arcas municipais.

O concurso das marquesiñas, do que vostedes presumen, de Norman Foster, tamén con custo cero para as arcas municipais, mellor dito con ingreso nas arcas municipais. Así é como se xestiona, o da grúa tamén cun baixo na Avenida de Madrid que vai revestir no Concello tamén con custe cero e significou emprego e iso chámase xestionar.

Vostedes son un goberno débil en minoría que non son capaces de traer nin unha soa inversión a esta cidade, onde esta Ikea? onde está a praza de España? onde está o asilo? onde está todo o que prometeron vostedes durante todos estes últimos anos?

En ningures porque son uns ineptos, incapaces, ineficaces é só son capaces de xestionar aquilo que lle traen, onde hai convenios con outras administracións firmados polo Sr. Alcalde en ningures, irán moito a Madrid á Federación Española de Municipios pero do Padornelo para acá non trae absolutamente nada, nin un só euro.

SR. DÍAZ VÁZQUEZ: Está claro que o Partido Popular nin sabe o que é un orzamento nin os leu porque falou de moitas cousas que non figuran nel. Pero falemos de todo, fala de ineficacia, eu quero que os veciños de Vigo me digan que é o que fixo o Partido Popular en tres anos, porque durante tres ano o Partido Popular cobrou impostos a tódolos vigueses/as, subiu a tarifa do bus e da auga a tódolos vigueses/as, polo tanto o que eu quero é que o Partido Popular lle diga a tódolos vigueses a onde ían eses cartos; porque vaiamos por onde vaiamos por toda a cidade non se ve nin unha soa obra que fixera o Partido Popular, nin unha.

Sen embargo de seis anos para aquí verse onde se meteron os cartos de tódolos cidadáns/as. Xa sabemos que o Sr. Figueroa é experto en levar cheques nos petos suponse que para outras administracións, pois que diga aos cidadáns vigueses onde están os cartos de Vigo.

Dixo que si a bolsas de comedor, aquí van bolsas de comedor; dixo que si a

programas de convenios cos misioneiros aquí, van convenios cos misioneiros; hai programas sociais de axuda á dependencia, aquí van programas sociais de axuda a dependencia; hai subvencións do deporte aquí van programas e axudas para o deporte; aquí hai equipo de base, equipo de base; para o Marco, claro o Marco non o nomea porque a Deputación foise do Marco e deixouna abandonada, iso si, meten 5 millóns no Museo de Pontevedra porque os de Pontevedra teñen outra calidade que non teñen os de Vigo, o Museo de Pontevedra mérecese cinco millóns pero o Marco nin se merece os 200.000 euros que estaba investindo, pero dixo que si. Pero digamos que non, a diminución que fixo o Ministerio de case dous millóns de euros na subvención de transporte, digamos que non a baixada de 200.000 euros da Xunta do Plan concertado, á diminución de 35.000 euros da Xunta do programa de Dependencia, díganos que non a diminución 36.000 euros da Xunta do Programa de Familia, a diminución das bolsas da Xunta por 30.000 euros, digamos que non á subvención das escolas infantís da Xunta de 26.000 euros e así podemos dicir que non a tódalas baixadas da Xunta.

Vostede di que está favor das políticas de emprego, aprobemos agora mesmo unha moción na que diga que instamos á Xunta, á Deputación e ó Goberno central que inverta en Vigo exactamente o mesmo que está investindo o Concello de Vigo neste orzamento, porque diso vai o orzamento, o que se está votando hoxe é o que os vigueses destinan a políticas de emprego e a políticas de acción social.

Aí é onde se ten que situar vostede, defende o emprego, vote o orzamento, defende as políticas sociais, vote o orzamento, defende a educación vote o orzamento.

Para boicot o do Sr. Louzán que veu o outro día aquí a Pontevedra e dixo que mentres estivera o Alcalde non se investía en Vigo, polo tanto dígolle que dentro duns anos seguirá sendo alcalde Abel Caballero pero xa non será presidente da Deputación Sr. Louzán porque boicot e chantaxes ós vigueses nin un.

(Ausente no momento da votación a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández

Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar ou rexeitar as emendas presentadas polos Grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular en consideración co exposto na proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda de data 17 de decembro que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2013, integrado por:

- Orzamento da entidade local.
- Orzamento organismo autónomo administrativo Instituto Municipal do Deportes.
- Orzamento organismo autónomo administrativo Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Orzamento organismo autónomo administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Orzamento Organismo autónomo administrativo Parque das Ciencias VigoZoo

Coa seguinte clasificación e ordenación dos recursos e empregos:

Orzamentos por áreas de gasto

Área	Orzamento da Entidade Local	Orzamentos consolidados
0	11.341.584,67	11.341.584,67
1	115.003.470,09	114.356.486,33
2	17.163.814,06	17.163.814,06
3	32.480.036,61	35.156.462,71
4	14.338.801,18	14.338.801,18
9	35.721.667,54	35.721.667,54
Total	226.049.374,15	228.078.816,49

Orzamento da entidade local e estados consolidados clasificado economicamente³

Estado de gastos do Orzamento			Estado de ingresos do Orzamento		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capítulo	Entidade	Consolidados
I	58.911.357,92	66.866.480,22	I	101.703.710,00	101.703.710,00
II	104.198.884,00	111.781.417,34	II	6.749.060,00	6.749.060,00
III	2.234.922,66	2.234.952,66	III	35.051.477,40	39.287.858,03
IV	37.111.283,94	23.463.392,62	IV	70.165.126,75	68.543.920,24
V			V	2.680.000,00	2.780.347,81
TOTAL G.Co.Op.NF	202.456.448,52	204.346.242,84	TOTAL I.Co.Op.NF	216.349.374,15	219.064.896,08
VI	12.753.207,36	13.307.737,74	VI		
VII	1.120.056,26	626.133,42	VII	,00	,00
TOTAL G.Cp.Op.NF	13.873.263,62	13.933.871,16	TOTAL I.Cp.ONF	,00	,00
TOTAL G.Op.NF	216.329.712,14	218.280.114,00	TOAL I.Op.NF	,00	219.064.896,08
VIII	601.000,00	680.040,48	VIII	600.000,00	679.040,48
IX	9.118.662,01	9.118.662,01	IX	9.100.000,00	9.100.000,00
TOTAL G.Op.Cp.F	9.719.662,01	9.798.702,49	TOTAL I.Op.Cp.F	9.700.000,00	9.779.040,48
TOTAL G.Op.Cp.	23.592.925,63	23.732.573,65	TOTAL I.Op.Cp.	9.700.000,00	9.779.040,48
T.XERAL GASTOS	226.049.374,15	228.078.816,49	T.XERAL INGRESO	9.700.000,00	228.843.936,56

Orzamento dos organismos autónomos administrativos

Capítulo	IMD		Xerencia Urbanismo		EMAO		P. Ciencias Vigo Zoo	
	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos
I	2.345.764,46		3.671.798,74		1.036.329,94		901.229,16	
II	5.587.645,32		1.169.648,22		264.008,44		561.231,36	
III		2.530.940,00		1.377.440,63	,00	,00	30,00	328.000,00
IV	29.164,52	5.682.525,18	1.677.065,99	5.636.682,14	,00	1.290.326,36	20.800,00	1.144.181,64
V		40.000,00	438.251,42	16.870,79	,00	10.012,02	,00	33.465,00
VI	75.000,00	75.000,00			,00		22.356,12	
VII	,00			400.000,00	18.922,84	18.922,84	,00	

- 3 Os axustes nos estados consolidados afectan ás operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a entidade fai aos OO.AA e os ingresos que estes fan á entidade. Así mesmo, o axuste faise nos OO.AA seguindo o mesmo criterio.

VIII	24.040,48	24.040,48	25.000,00	25.000,00	12.000,00	12.000,00	18.000,00	18.000,00
TOTAL	8.061.614,78	8.352.505,66	6.981.764,37	7.455.993,56	1.331.261,22	1.331.261,22	1.523.646,64	1.523.646,64

Terceiro.- Aprobar as bases de execución que serán de aplicación á entidade local e os seus organismos autónomos, coa excepción das bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

Cuarto.- Aprobar as bases de execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Quinto.- Aprobar o cadro de persoal da Entidade Local e dos seus organismos autónomos administrativos relacionados no parágrafo primeiro.

Sexto.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sétimo.- De non se ter presentado alegación ou reclamación ningunha, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL.

Oitavo.- En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2013, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Noveno.- Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citada, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

Décimo.- Se a Lei dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, aprobábase outras contías nas entregas a conta para o ano 2013, procederáse a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.

3.2.-(282).- DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN XERAL DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA. PROXECTO DOS ORZAMENTOS 2013. EXPTE. 102075-

102085/140 (566/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 30 de novembro de 2012, número entrada no Rexistro do Pleno 566/1101, o interventor xeral do Concello informa do seguinte:

“Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 165 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o orzamento atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e substentabilidade financeira (LOEOSF), e no Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Ámbito subxectivo de aplicación

O artigo 2 da LOEOSF establece o ámbito de aplicación subxectivo da precitada norma:

- a) A administración central, que comprende o Estado e os organismos da administración central.
- b) As entidades que integran o sistema da Seguridade Social.
- c) As comunidades autónomas.
- d) As corporacións locais.

O resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público vinculados ou dependentes da Administración do Estado, das administracións das comunidades autónomas ou das entidades locais e non comprendidos no número anterior, terán así mesmo consideración de sector público e quedarán suxeitos ao disposto no título I desta lei e ás normas que especificamente se refiran a estas.

O artigo 4 incorpora o principio de substentabilidade financeira

O artigo 11 da LOEOSF e o art. 5 do RD 1463/2007, delimitan a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria das entidades locais.

De entre as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Comisión Nacional de Administración Local, por proposta das asociacións das entidades locais representadas nela, establecerá cada ano aquelas que, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. En caso de non se recibir proposta na Comisión Nacional de Administración Local, as entidades a que se

refire este apartado determinaranse polo Goberno.

O resto das entidades locais, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

O artigo 15 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, considera que se entenderá cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 do presente regulamento, alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo individual establecido para cada unha das entidades locais ás que se refire artigo 5 ou o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados en vigor.

O indicado no parágrafo anterior será igualmente aplicable aos supostos nos que, conforme ao artigo 169.6 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se considere prorrogado o orzamento do exercicio anterior.

En relación ás restantes entidades ás que se refire o artigo 4.2 do presente regulamento, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando, individualmente consideradas, aproben, executen e liquiden os seus respectivos orzamentos ou aproben as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro.

Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade

O artigo 16 do precitado Real Decreto, establece en canto ao orzamento inicial e, se é o caso, ás súas modificacións, a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponderá á Intervención local, nos mesmos termos previstos no apartado seguinte.

Nas restantes entidades locais, a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

O informe emitirase con carácter independente e incorporarse aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

Detallaranse no informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a

base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Para dar cumprimento ao disposto na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira (LO 2/2012) e no RD 1463/2007, determináronse os obxectivos de estabilidade para as distintas administracións públicas, en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95), para o período 2013-2015, sendo o obxectivo para os entes locais o de obter cada ano do citado período o equilibrio financeiro, é dicir, que o resultado do indicador de capacidade (+) e o de necesidade (-) de financiamento para as entidades locais sexa 0 en cada anualidade do período.

OBXECTIVO	ANOS		
	2013	2014	2015
Capacidade(+) necesidade (-)de financiamento (estabilidade)	0,0%	0,0%	0,0%
Débeda pública para o conxunto de entidades locais	3,8%	3,8%	3,8%
Débeda pública avaliada de xeito individual (endebedamento)	75%	75%	75%
Taxa de referencia (para o cálculo do gasto non financeiro)	1,7%	1,7%	2,0%

A primeira consecuencia é a necesidade de valoración do cumprimento do obxectivo de cumprimento da estabilidade orzamentaria con motivo da aprobación do orzamento, e a segunda é que o informe de valoración dese obxectivo lle corresponde ao interventor local.

A tal fin, elabórase o cálculo tendo en conta o manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás entidades locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda (Intervención Xeral da Administración do Estado), 1ª edición.

Unidade Institucional

Da información dispoñible nesta Intervención Xeral forman parte da "Unidade Institucional" ou grupo de consolidación Concello de Vigo:

- Entidade Local, entidade matriz.
- Instituto Municipal dos Deportes.
- Parque das Ciencias VigoZoo.
- Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por conseguinte, todos os entes que conforman a "Unidade Institucional" ou grupo local Concello de Vigo, encádranse dentro da categoría que denominamos como "entes de non mercado".

En consecuencia co precedente, procédese ao cálculo, tendo en conta que non procede a realización de ningún axuste. O devandito manual, establece que a capacidade/necesidade de financiamento das administracións públicas non se verá afectada polos importes dos impostos cuxa recadación sexa incerta.

Os capítulos I, II e III rexistráranse tendo en conta o principio de caixa, é dicir, cando se recadan, polo tanto o axuste viría determinado pola diferenza entre o dereito recoñecido e o cobramento, tanto de exercicio corrente como de pechado. Neste caso non afecta para nada, xa que non procedería axuste na aprobación do orzamento senón na liquidación.

Tampouco procede axuste ningún nas entregas a conta no Fondo Complementario e nos impostos cedidos pola Administración Xeral do Estado, xa que os ingresos previstos son, tendo en conta a información manexada, os oficialmente notificados polo Ministerio de Facenda, procederá o axuste se fose o caso na liquidación do orzamento do ano 2013.

Non hai axustes pola desviación que se puidese producir entre os gastos financeiros devengados e non vencidos, xa que as dotacións fixéronse tendo en conta os contratos vixentes.

Non procede facer a análise da aplicación flexible do principio de estabilidade orzamentaria, xa que esta non está prevista para o período 2013-2015, onde se obriga a un equilibrio ou superávit.

En resumo, aos efectos do informe, tendo en conta que a fase na que se está avaliando o cumprimento do obxectivo de estabilidade é a correspondente á aprobación dos orzamentos xerais do Concello para o ano 2013, o obxectivo é o equilibrio, isto é, "déficit cero", computado en termos de capacidade de financiamento de acordo co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Entidade Matriz

Empregos

Capítulo	Descrición	Aplicacións	
		Entidade Local	Estados Consolidados
Operacións correntes			
I	Gastos de persoal	58.911.357,92	66.866.480,22
II	Gastos correntes en bens e servizos	104.198.884,00	111.781.417,34
III	Gastos financeiros	2.234.922,66	2.234.952,66
IV	Transferencias correntes	37.111.283,94	23.463.392,62
Total gastos por operacións Correntes non financeiras		202.456.448,52	204.346.242,84
Operacións de capital			
VI	Investimentos reais	12.753.207,36	1.307.737,74
VII	Transferencias de capital	1.120.056,26	626.133,42
Total gastos por operacións de capital non financeiras		13.873.263,62	13.933.871,16
Total gastos por operacións non financeiras		216.329.712,14	218.280.114,00
VIII	Activos financeiros	601.000,00	680.040,48
IX	Pasivos financeiros	9.118.662,01	9.118.662,01
Total gastos por operacións de capital financeiras		9.719.662,01	9.798.702,49
Total Operacións de Capital		23.592.925,63	25.799.573,65
TOTAL XERAL GASTOS		226.049.374,15	228.078.816,49

Recursos

Capítulo	Descrición	Orixes
Operacións correntes		

		Entidade Local	Estados Consolidados
I	Impostos Directos	101.703.710,00	101.703.710,00
II	Impostos Indirectos	6.749.060,00	6.749.060,00
III	Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	35.051.477,40	39.287.858,03
IV	Transferencias correntes	70.165.126,75	68.543.920,24
V	Ingresos Patrimoniais	2.680.000,00	2.780.347,81
Total ingresos por operacións Correntes non financeiras		216.349.374,15	219.064.896,08
Operacións de capital			
VII	Transferencias de capital	,00	,00
Total ingresos por operacións de capital non financeiras		,00	,00
Total ingresos por operacións non financeiras		216.349.374,15	219.064.896,08
VIII	Activos financeiros	600.000,00	679.040,48
IX	Pasivos financeiros	9.100.000,00	9.100.000,00
Total ingresos por operacións de capital financeiras		9.700.000,00	9.779.040,48
Total Operacións de Capital		9.700.000,00	9.779.040,48
TOTAL XERAL INGRESOS		226.049.374,15	228.843.936,56

Cadro de axustes para a obtención dos estados consolidados, a deducir.

Organismo	Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
	Capítulos		Capítulos	
	IV	VII	IV	VII
Entidade Local	13.693.691,32	493.922,84	1.681.230,51	
OA. XMU	1.652.065,99		5.576.682,14	400.000,00
OA. IMD	29.164,52		5.682.501,18	75.000,00
OA. EMAO			1.290.326,36	18.922,84
OA. VIGO ZOO			1.144.181,64	
Total	15.374.921,83	493.922,84	15.374.921,83	493.922,84

Resumo entidade matriz e estados consolidados.

Recursos e empregos	Entidade	Consolidados
Recursos non financeiros	216.349.374,15	219.064.896,08
Empregos non financeiros	-216.329.712,14	-218.280.114,00
Capacidade de financiamento (+), Saldo non financeiro	19.622,01	784.782,08
Recursos financeiros	9.700.000,00	9.779.040,48
Empregos financeiros	-9.719.662,01	-9.798.702,49
Necesidade de financiamento (-), Saldo financeiro	-19.662,01	-19.662,01

Tanto a entidade matriz como os estados consolidados cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, xa que a diferenca entre os recursos non financeiros e os empregos non financeiros é positiva (capacidade de financiamento). En canto ás operacións financeiras, prodúcese unha amortización de pasivos financeiros maior ca concertación de pasivos que se fan no ano.

Organismos autónomos administrativos

Capítulo	IMD		Xerencia M. de Urbanismo		EMAO		P. Ciencias Vigo Zoo	
	Empregos	Recursos	Empregos	Recursos	Empregos	Recursos	Empregos	Recursos
Recursos e empregos non financeiros								
I	2.345.764,46		3.671.798,74		1.036.329,94		901.229,16	
II	5.587.645,32		1.169.648,22		264.008,44		561.231,369	
III		2.530.940,00		1.377.440,63	,00	,00	30,00	328.000,00
IV	29.164,52	5.682.525,18	1.677.065,99	5.636.682,14	,00	1.290.326,36	20.800,00	1.144.181,64

V		40.000,00	438.251,42	16.870,79	,00	10.012,02	,00	33.465,00
VI	75.000,00	75.000,00			,00		22.356,12	
VII	,00			400.000,00	18.922,84	18.922,84	,00	
Rec. e Emp.N.F	8.037.574,30	8.328.465,18	6.956.764,37	7.430.993,56	1.319.261,22	1.319.261,22	1.505.646,65	1.505.646,64
Capacidade (+)		290.890,88		474.229,19			,00	,00
Necesidade (-)		,00		,00			,00	,00
Recursos e empregos financeiros								
VIII	24.040,48	24.040,48	25.000,00	25.000,00	12.000,00	12.000,00	18.000,00	18.000,00
Rec. e Emp.F	24.040,48	24.040,48	25.000,00	25.000,00	12.000,00	12.000,00	18.000,00	28.000,00
Capacidade (+)	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00
Necesidade (-)	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00

Resumo organismos autónomos.

Recursos e empregos N.F	IMD	XMU	EMAO	P.C. Vigo Zoo
Recursos non financeiros	8.328.465,18	7.430.993,56	1.319.261,22	1.505.646,64
Empregos non financeiros	-8.037.574,30	-6.956.764,37	-1.319.261,22	-1.505.646,64
Capacidade de financiamento (+), Saldo financeiro	290.890,88	474.229,19	,00	,00
Recursos financeiros	24.040,48	25.000,00	12.000,00	18.000,00
Empregos financeiros	-24.040,48	-25.000,00	-12.000,00	-18.000,00
Necesidade de financiamento (-),Saldo non financeiro	,00	,00	,00	,00

Os organismos que dependen da entidade local, están en equilibrio.

No cadro seguinte móstrase conxuntamente a entidade local e os seus organismo autónomos, así como os estados consolidados. Todos os entes que conforman o sector público local, están en equilibrio ou en superávit.

Cadro resumo de capacidades e necesidades de financiamento.

Organismo	Gastos		Ingresos		Capacidade	
	Cap. I-VII. GNF	Cap.VIII-IX GF	Cap. I-VII. INF	Cap.VIII-IX IF	INF-GNF	IF-GF
Entidade Local	216.329.712,14	9.719.662,01	216.349.374,15	9.700.000,00	50.466,10	-19.662,01
OA. XMU	6.956.764,37	25.000,00	7.430.993,56	25.000,00	474.229,19	,00
OA. IMD	8.037.574,30	24.040,48	8.328.465,18	24.040,48	290.890,88	,00
OA. EMAO	1.319.261,22	12.000,00	1.319.261,22	12.000,00	,00	,00
OA. VIGO ZOO	1.505.646,64	18.000,00	1.505.646,64	18.000,00	,00	,00
E. Consolidados/s.axuste	234.148.958,67	9.798.702,49	234.933.740,75	9.779.040,48	784.782,08	-19.662,01
Axustes de consolidación	15.868.844,67	,00	15.868.844,67	,00		
E. Consolidados/c.axuste	218.280.114,00	9.798.702,49	219.064.896,08	9.779.040,48	784.782,08	-19.662,01

A vista dos datos que conforman o orzamento da entidade matriz, os estados consolidados, os organismos autónomos administrativos e, en resumo, a unidade institucional, dáse cumprimento aos requirimentos da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira (LOEOSF) e do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, sendo o sumatorio dos capítulos I a VII do estado de ingresos igual ou superior que a suma dos capítulos I a VII do estado de gastos, polo tanto os orzamentos están en equilibrio ou en superávit, existindo capacidades (+) de financiamento.

O presente informe debe ser posto en coñecemento do Pleno da Corporación e da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Consellería de Facenda da Xunta da Galicia, por corresponder á Comunidade Autónoma, conforme ao establecido no artigo 49.1 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, a tutela financeira das entidades locais da comunidade, no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o coñecemento polo Pleno da Corporación do presente informe.”

A comisión informativa de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión do 5 de decembro, ditamina favorablemente.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

- 4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.
Non se presentaron.

Neste intre e por cumprimento de acordo plenario, a Corporación Municipal e máis todas as persoas presentes no salón de sesións, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

- 5.- MOCIÓNS:

- 5.1.-(283) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO O APOIO DA CORPORACIÓN ÁS DEMANDAS DE INDULTO PARA DAVID REBOREDO MIGUÉLEZ. EXPTE. 571/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada do 17 de decembro, número 571/1101, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, presenta a seguinte moción:

“O 12 de decembro de 2012 foron remitidas por parte de D. Antón Bouzas, coordinador do programa grupo de autoaxuda VIH Sida e Adiccións IMÁN, da Unidade Asistencial de drogodependencias do Concello de Vigo, ao ministerio de

xustiza dúas solicitudes de indulto para as condenas que lle constan ao cidadán vigués David Reboredo Miguélez por senllas sentenzas do 16 de outubro de 2007 e do 1 de xaneiro de 2010 que o condenan a dúas penas de prisión de 3 anos e 6 meses de duración por delitos de tráfico de drogas. Os feitos axuizados e resoltos nas citadas sentenzas consistiron na venda dunha única *papelina* de heroína.

David Reboredo iniciouse no consumo de substancias adictivas á idade de 16 anos, un primeiro contacto coas drogas que provocou a súa grave adicción á heroína desde unha idade moi temperá. En 1999 acode á unidade asistencial de drogodependencias do Concello de Vigo "CEDRO" e comeza o seu tratamento de deshabitación con períodos de altibaixos, como é habitual nunha patoloxía adictiva tan estruturada como a de David. Os consumos esporádicos e casuais nesa época son os que provocan as detencións, axuizamentos e condenas referidas. Daquela David tiña a necesidade de procurarse a dose necesaria.

Finalmente David Reboredo consegue a deshabitación e rehabilitación logo de seis meses de internamento na comunidade terapéutica da Asociación Alborada e a partir dese momento o seu estilo de vida cambia radicalmente e, ata o de agora, mantén unha vida ordenada e familiar afastada de calquera actividade delituosa.

David forma parte dun grupo familiar totalmente integrado na sociedade e vida comunitaria da cidade de Vigo, reside no contorno da súa familia de orixe, sobre todo dos seus pais, Edmundo, de 81 anos, invidente desde hai 20, e Olga de 74, aos que apoia e coida, ocupándose do acompañamento especial que precisa o seu pai, sobre todo agora que se atopa en situación de desemprego percibindo unha Renda Activa de Inserción (RAI). Colabora co Grupo IMÁN, un programa de autoaxuda do Concello de Vigo e mesmo se converteu en axente de saúde e formador en programas de redución do dano, impartindo charlas e obradoiros.

Cando se ditaron as sentenzas referidas nesta moción, non fora aínda aprobada a reforma do Código Penal de 2010 que engadiu un novo subtipo atenuado ao artigo 368, dedicado ao tráfico de drogas e establecido para aqueles supostos de escasa gravidade do feito, no que encaixaría plenamente o caso de David, co que as condenas serían, case con total seguridade, inferiores a dous anos de prisión co que o seu ingreso efectivo podería ser substituído por multa ou mesmo por traballos en beneficio da comunidade.

O 5 de decembro David ingresou no Centro Penitenciario da Lama o que escacha co enorme traballo e esforzo que lle custou acadar o bo estado emocional, social e familiar que actualmente posúe e supón botar por terra todos estes anos de tratamento, superación persoal, abandono do consumo e rehabilitación socio-comunitaria que conseguiu polos seus propios méritos.

Son moitos os motivos para a solicitude deste indulto: escasa entidade do delito cometido, necesidade de autofinanciamento do consumo propio como causa motivadora da comisión, ausencia de terceiros ou vítimas prexudicadas, sometemento e superación do proceso de deshabitación, compromiso familiar e social, integración comunitaria, dedicación e traballo a favor de persoas con patoloxías aditivas, abandono de calquera conduta delituosa, dependencia da súa

persoa dos seus pais maiores. A maiores cómpre engadir un recoñecemento da súa valentía ao facer pública esta demanda polo seu indulto converténdose nun referente social moi positivo na loita contra as drogodependencias e un exemplo de que se pode acadar unha total inclusión social.

Por estes motivos solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- O apoio da corporación municipal ás demandas de indulto perante o Ministerio de Xustiza para David Reboredo Miguélez.

Segundo.- No caso de denegación destas demandas, instamos ao Concello de Vigo a solicitar de novo o indulto para David Reboredo Miguélez.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 20 de decembro, por maioría, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Hoxe o BNG quere traer unha moción a este Pleno para apoiar decididamente, como representación da cidadanía, a un cidadán vigués que nestes momentos está a sufrir unha situación terriblemente inxusta, que afortunadamente conta co apoio da súa familia, das persoas que o rodean, e co apoio dunha parte importante da cidadanía e entendemos que o Concello de Vigo como representación democrática desta cidadanía tamén ten que facer explícito o seu apoio.

Trátase de David Reboredo, un nome que xa é coñecido porque o seu caso está tendo unha repercusión importante, tanto social como mediática, xa que a súa situación é realmente rechamante polo terrible e inxusta que está sendo.

David Reboredo está condenado a sete anos, son dúas condenas de tres anos e medio, por feitos acontecidos no seu pasado, por feitos dunha importancia moi relativa e moi escasa. Estamos falando de delitos de tráfico de drogas que aconteceron no ano 2007, foi condenado no 2007 e 2010 nos que as sentenzas debíanse unicamente á venda dunha única *papelina* de heroína, non estando demostrado tampouco que houbera un intercambio económico e sobre todo o terriblemente inxusto é que dende entón, David é unha persoa que conseguiu saír da súa situación de adicción, que se deshabituou, que está desenvolvendo unha vida social plenamente integrada na nosa cidade, traballando e colaborando para axudar a moitas persoas que están atravesando situacións parecidas a que el

atravesou.

Agora mesmo metelo preso como obrigou a facer “a xustiza” é realmente partir a vida dunha persoa que fixo un esforzo tremendo para saír dunha situación na que levaba metido dende os dezaseis anos, e tamén partir a vida da súa familia, que conta con el, dos seus amigos/as, de tódalas asociacións, e de tódolos colectivos desta cidade que contan con el no seu traballo cotián.

Esta é a situación, logo de estar sufrindo unha adición dende os dezaseis anos, en 1999 acudiu a Unidade Asistencial de Drogo-dependencias do Concello de Vigo (CEDRO) e comezou o seu tratamento de deshabitación, con períodos de altibaixos, finalmente conseguiu saír da súa situación de adición. Agora colabora con CEDRO e con outras asociacións para axudar a persoas que están na mesma situación na que estivo el.

As administracións públicas facemos un esforzo con cartos públicos para ofrecer servizos á cidadanía para axudarlle a saír de situacións de adicións, e logo as propias administracións públicas cando unha persoa cumpre con todo o que se pide fai un esforzo persoal tremendo para saír dunha situación así, somos as propias administracións neste caso, a xustiza, quen impide a súa reinserción, quen impide a súa rehabilitación.

Esta é unha demanda, un apoio a un cidadán que está sendo obxecto dunha terrible inxustiza, pero tamén é unha cuestión política porque neste caso é o Ministerio de Xustiza quen concede o indulto para compensar posibles situacións inxustas que se deriven de sentenzas. É o Ministerio de Xustiza quen ten conceder este indulto, que xa foi denegado, despois da solicitude por parte de seu pai, por parte de Edmundo Reboledo e que agora volve solicitar Antón Bouzas que é unha persoa moi coñecida nesta cidade que ademais traballa nesta Unidade Asistencial CEDRO do Concello de Vigo.

En ocasións as decisións do Ministerio de Xustiza sobre os indultos provocan protestas contundentes como as de máis de cento oitenta xuíces que asinaron o manifesto público contra o indulto a catro mozos de escuadra condenados por tortura. Este caso é completamente diferente, é deses casos que encaixa perfectamente cunha situación de indulto porque son sentenzas desproporcionadas, porque xa non desempeñan finalidades preventivas, socializadoras ou retributivas, ademais hai un cambio sobrevido na vida desta

persoa, temos que recoñecer o seu esforzo, a súa situación e entendo que o Concello ten a obriga de apoiar esta demanda.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Dende o grupo socialista apoiamos a moción presentada polo BNG, pero gustaríanos resaltar dúas cousas: o Concello de Vigo a través de CEDRO está presentando apoio dende o primeiro momento a persoas como David Reboredo, consideramos que as adicións son unha enfermidade. Consideramos que só o Concello de Vigo quen está apoiando a través da subvención e da inversión á unidade asistencial de CEDRO; a través deste estanse tratando as adicións como unha enfermidade que é o que ten David Reboredo. Parece de inxustiza non soamente que non se atenda esta petición, senón non se recoñeza que é unha persoa totalmente recuperada e que a partir de agora posiblemente as dificultades sexan máis grandes para el.

Cando a Administración de Xustiza, cando o goberno do Partido Popular indulta ós directivos do Banco Santander a situación de inxustiza e bastante máis grande. Cando o Partido Popular acaba de conceder máis de catrocentos indultos en once de meses, que aumentaron o 49%, indulta a persoas corruptas, como por exemplo, un alcalde do Partido Popular e dous edís dun concello de Málaga, cando indulta ós oficiais do A42, cando indulta á xente condenada por lesións, por roubos, por estafas, por prevaricación, por malversación, homicidios, abusos sexuais, torturas, ecuacións para a prostitución, cando menos é complicado entender que non se faga o mesmo con David Reboredo. David Reboredo é unha persoa enferma, unha persoa totalmente recuperada pero non soamente por ese recuperación senón porque é de xustiza social recoñecer o esforzo que se está a facer dende o Concello de Vigo para atender dende a Unidade Asistencial CEDRO a persoas como David Reboredo. Por isto apoiamos esta moción e esperamos que o Partido Popular se sume tamén.

SR. CENDÓN ALONSO: Bos días. En primeiro lugar quero saudar ao Sr. Edmundo Reboredo, o pai de David, un home que está levando esta pelexa con gran dignidade e que tiven a oportunidade de coñecelo outro día e impresionoume a gran sensatez que ten.

Hoxe traemos a este Pleno o apoio ó indulto de David Reboredo, houbo un indulto

que foi solicitado pola súa familia como ben explicou a Sra. Veloso e que agora Antón Bouzas volve a presentar.

Este caso tivo unha gran repercusión mediática e convén facer un exercicio de abstracción porque o que se trata é de axudar a David Reboredo. Vigo apoia a David Reboredo e moitas organizacións do ámbito socio sanitario manifestaron o seu apoio, si Veloso dixo algunhas delas pero son moitas e hai informes para constatalo. Convén lembrar que agora tócalle a quenda a David só a David, non fagamos de David o abandeirado doutras causas porque iso pódelle facer dano, centrémonos en David, non nos imos resarcir de inxustizas anteriores, estamos falando dun indulto, un indulto non é revolver na Xustiza, é unha solicitude extraordinaria de graza e é do que estamos a falar aquí, dende o total respecto á xustiza e defendendo a independencia do poder xudicial.

O Grupo Popular en días pasados xa se manifestou a favor de apoiar a solicitude de indulto, que non é cuestionar a Xustiza, en absoluto, senón ter en conta as circunstancias especiais do caso de David. O primeiro o tema sanitario, como ben dixo a Sra. Veloso, trátase dun proceso de rehabilitación dun enfermo crónico, cunha patoloxía aditiva estruturada, cun camiño extraordinariamente dificultoso, unha montaña rusa que el soubo sortear, ten recaídas, é certo, e nunha destas produciuse o feito polo que foi xulgado.

O ambiente emocionalmente hostil da prisión non parece que sexa o máis adecuado para que David poida rematar o seu proceso de rehabilitación, por iso dende o Grupo Popular defendemos e apoiamos o indulto.

David é un rapaz socialmente integrado, con apoio do seu entorno, o seu pai está aquí acompañanos. David non rexeitou os recursos que a sociedade puxo a súa disposición, mais ben os aproveitou e grazas e isto e o seu esforzo conseguiu saír da cadea a que el se someteu hai anos, nos anos 80.

Considero que unha sociedade madura como a nosa está obrigada a recompensarlle este esforzo. David atópase socialmente integrado, fora de actividades delitivas e non parece que teña ningún perigo de criminalidade neste momento. Necesítao a súa familia, colabora en beneficio doutra persoas que como el loitan por saír de patoloxías aditivas, convén recordar que realiza traballos como axente de saúde e formador en programas de redución de dano, o seu pai colabora tamén con el.

E pequena a entidade do delito cometido, David intercambiaba con outro consumidor, non se atopaba na porta dun colexio vendendo cunha mochila chea de droga, hai que ter en conta iso, porque si David foxe xulgado neste momento podíasele aplicar unha condición especial, a que establece a Lei 5/2010, e David non entraría en prisión, por iso nos consideramos que o indulto total, parcial conmutando a pena por traballos en beneficio da comunidade, podería ser unha boa medida para David.

Xa o aplicou o famoso xuíz de menores en Granada, Emilio Catalayud e deulle bos resultados, apoiar a solicitude de indulto non infrinxe dereitos nin ofende a ninguén, porque a única persoa que sufriu dano polo seu delito foi el mesmo.

Apoiamos o punto primeiro da moción presentada polo Bloque e pedimos a retirada do punto segundo.

SRA. VELOSO RÍOS: A verdade que despois da intervención da Sra. Cendón estou un pouco sorprendida por esa emenda que anuncia no último segundo que non explica.

Vou ler o acordo da moción que presenta o BNG “nos solicitamos do pleno da Corporación Municipal no primeiro punto o apoio da Corporación ás demandas de indulto perante o Ministerio de Xustiza para David Reboredo Miguélez e nun segundo punto solicitamos que no caso de denegación destas demandas instemos ó Concello de Vigo a solicitar de novo o indulto para David Reboredo Miguélez.

Isto débese, como xa expliquei na primeira intervención, houbo xa unha demanda de indulto presentada polo seu pai que foi denegada e de aí ven esta segunda demanda de indulto, esta revisión, solicitada por Antón Bouzas. Nós entendemos que se neste caso se volvese a producir a terrible inxustiza de que se lle denéganse de novo os indultos, este Concello ten a responsabilidade de continuar loitando por un cidadán que ten que saír do cárcere para poder continuar coa súa vida, garantindo que continúe vivindo dunha maneira completamente recuperada, como dicía a Sra. Abelairas, aportando como está aportando tantas cousas a esta sociedade.

E unha persoa que superou unha situación difícil, que está recibindo o apoio da súa familia e das persoas que o rodean porque el mesmo da moito, sino a esas persoas, os seus pais, irmáns, as persoas coas que se relaciona nas súa múltiples

actividades de apoio ás persoas que están sufrindo situacións de drogadicción, na súa colaboración cunha pena celtista, cunha organización política. É unha persoa cunha vida social moi activa e que achega moito a tódalas persoas que o rodean, por iso afortunadamente el está recibindo tamén tanto apoio, e ese é o apoio que entendemos que o BNG ten que pedirlle a este Concello, porque é un cidadán que demostra que fixo un esforzo tremendo e que está achegando moitas cousas a esta sociedade.

Non podemos limitarnos simplemente a apoiar agora estas demandas de indulto, que entendemos que teñen que ser atendidas polo Ministerio de Xustiza. Como ben dicía a Sra. Cendón, esta é unha demanda para apoiar a un cidadán concreto, nunha situación concreta e eu non quería entrar nun debate político global, porque se nos poñemos a falar do Ministerio de Xustiza e do actual Ministro de Xustiza teríamos moito que dicir desgraciadamente, pero non é este o momento. O momento é de apoiar, toda a corporación, que David poida volver a súa casa, queremos que David saía do cárcere e volva a súa casa, agora, respondendo positivamente as demandas de indulto solicitadas e se non é así volveremos pedir que se indulte a David porque queremos que volva a súa casa

Por isto non entendemos ningún tipo de emenda a esta moción, non imos aceptala e imos solicitar que se vote tal e como se presenta o BNG.

SRA. CENDÓN ALONSO: Simplemente explicar un pouco a emenda, non politizar o tema de David que está moi ben canalizado, nós o único que temos que dar é o seu apoio.

No transcurso do debate a concelleira do grupo político municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, presenta unha emenda de supresión, que di o seguinte:

“Suprimir o punto 2 da proposta de acordo:

No caso de denegación destas demandas instamos ao Concello de Vigo a solicitar de novo o indulto para David Reboledo Miguélez”.

Ao non seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Veloso Rios, a Presidencia non somete a votación a anterior emenda.

(Está ausente a concelleira do grupo político municipal socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE: Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, instando o apoio da Corporación ás demandas de indulto para David Reboredo Miguélez co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.-(284).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á UNED E Ó SEU PADROADO A APERTURA DA AULA DE VIGO E CONTRIBUCIÓN AO SEU FINANCIAMENTO. EXPTE. 568/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de decembro, número 568/1101, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Díaz Vázquez, formula a seguinte moción:

“O Alcalde de Vigo en escrito do 05.06.2010, diríxese ao Reitor da UNED, manifestando o interese do goberno municipal de crear unha Aula de ensino superior a distancia da UNED en Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de setembro de 2010, adoptou entre outros o acordo de solicitar á Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra, a creación en Vigo dunha Aula de ensino superior a distancia da UNED.

A Xunta de Goberno da UNED de data 26.10.2010 autorizou a creación da devandita Aula.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 11.10.2012 adoptou o acordo de aprobar o Proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Xunta Reitora do Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) en Pontevedra para a creación en Vigo dunha Aula de ensino superior a distancia. O devandito convenio definitivo de apertura da aula da UNED en Vigo, co compromiso municipal económico e de cesión do local de data 08.11.2012, foi asinado e visado polo Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, don Abel Caballero Álvarez e segundo información recollida no xornal Faro de Vigo do

07.12.2012, tamén asinado polo presidente da Xunta Reitora do Padroado do Centro Asociado á UNED de Pontevedra, don Rafael Louzán Abal; sen que ate este intre teña sido remitido a esta administración local a devolución do convenio asinado e nin se teña concretado a apertura da sede viguesa.

A inequívoca vontade do goberno municipal de situar na nosa cidade un Aula da UNED, responde á súa vital importancia no modelo de ensinanza universitaria a distancia que posibilitaría evitar o desprazamento á cidade de Pontevedra dun elevado número de alumnado vigués (segundo a UNED, dos 6.000 estudantes matriculados en Pontevedra, entre 1.500 e 2.000 pertencen ao área de influencia de Vigo). Esta Aula de ensinanza superior a distancia da UNED en Vigo, demandada por toda a cidadanía viguesa, permitiría garantir unha maior oferta educativa e cubrir as necesidades da nosa poboación universitaria viguesa.

É por iso, polo que o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar á UNED en Pontevedra e ao Padroado presidido polo presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, don Rafael Louzán Abal, á apertura inmediata e funcionamento da Aula de ensino superior a distancia da UNED en Vigo e, ao igual que fai noutros Concellos, a contribuír ao financiamento da mesma, dado que o Concello de Vigo paga integramente os custes para a creación e o funcionamento desta aula de ensino superior a distancia.”

A comisión informativa de Economía, Facenda, Educación e Patrimonio, na súa sesión do día 20 de decembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Hai dous anos o Alcalde de Vigo dirixiuse ao Reitor da UNED manifestando o interese que tiña o goberno municipal de crear unha aula de ensino en Vigo, e o que nun principio parecía un trámite formal dunha firma de documentos converteuse como todos vostedes Saben no “rosario da aurora”.

Solicitamos ese permiso e nos contestan dende a UNED que quen ten que aprobar o aula en Vigo é o padroado da UNED en Pontevedra e aí o problema, o padroado da UNED en Pontevedra está presidido polo Sr. Louzán que é presidente da Deputación e xa vemos cal é a política do Sr. Louzán que mentres estea o Alcalde Abel Caballero en Vigo aquí non se fai nada.

Propúxose un convenio, inicialmente eles estiveron de acordo con asinar esa proposta da aula, empezamos a negociar un convenio e na negociación dese convenio o primeiro que nos impón Sr. Louzán é que o coordinador ten que ser fixado por Pontevedra, a xurisdición ten que ser a de Pontevedra e ademais que a

comisión ten que ser a de Pontevedra.

Por suposto dende o Concello de Vigo non estabamos de acordo coas imposicións do Pontevedra, pero entendendo que o prioritario era ter unha aula en Vigo aceptamos algunhas das propostas que nos facían dende Pontevedra: o coordinador podía ser fixado por Pontevedra oído o Concello de Vigo, o presidente da comisión podía estar fixado por Pontevedra aínda que a Vicepresidenta, que sería a Concelleira de Educación, podería solicitar tamén que celebraran as comisións e a xurisdición podería ser tanto Vigo como Pontevedra.

Pois ben, chegado a ese acordo do convenio, chega a sinatura do convenio, ese convenio aprobouse aquí na Xunta de Goberno e remítese á Deputación de Pontevedra para que o asine o Sr. Louzán, pois a nosa sorpresa é que un mes despois de enviálo a que o asinara a Deputación ese Convenio non se devolveu. Decatámonos pola prensa, que ao parecer ese Convenio si estaba firmado pero por suposto no estaba remitido ao Concello. A min escápaseme cal é a figura xurídica na cal unha persoa da administración asina un Convenio e négase a enviálo para non cumprilo, o descoñecemento, pero desde logo do forma coloquial é unha canallada política.

En calquera caso, vistas as circunstancias, tivo que intervir directamente o Reitor da UNED, falou co Alcalde e falou tamén con Pontevedra coas instrucións de que a aula en Vigo ábrese “si ou si”, que vasta xa de parvadas por parte da Deputación, que temos por parte de Vigo todo cumprido para se poida abrir a aula, que temos o Convenio asinado e que as instalacións reúnen as condicións para que se poida abrir o aula.

Polo tanto, tivo que intervir directamente o Reitor da UNED para que a Deputación accedese non só a enviarnos o convenio, que por certo xa chegou a semana pasada despois de mes e medio, tivemos que vir aquí a presentar esta moción instando á Deputación a que abra o aula da UNED. Nun escrito da semana pasada o Vicerreitor da UNED indícanos que o aula da UNED abrírase “si ou si”, que as instalacións están perfectamente adecuadas, que non hai ningún impedimento para que se poida abrir o aula. Por isto instamos a que xa de forma inminente a Deputación cumpra cos seus compromisos, co Convenio e proceda a abrir o aula da UNED e por suposto, pedimos o mesmo financiamento que fai con outras cidades da provincia, porque igual que inviste na UNED de Pontevedra ou na de Lalín, os

vigueses merecémonos o mesmo trato da UNED, non aceptamos boicots por parte do Presidente da Deputación e eximimos o mesmo que esixe calquera cidadán.

A PRESIDENCIA: Quenda de grupos de cinco minutos

SRA. VELOSO RÍOS: Este é un exemplo máis desas liortas entre administracións que teñen dando voltas a tódolos proxectos que queremos sacar adiante nesta cidade, en ocasións paralizándoos completamente en noutras facendo da peor maneira posible.

Nós consideramos que é de xustiza que a cidade de Vigo conte cunha aula da UNED, consideramos tamén que é de xustiza que as administracións implicadas poidan contribuír economicamente porque no BNG nunca rexeitamos solicitar apoio para esta cidade a outras administracións.

Compartimos o que dicía o Sr. Figueroa na súa intervención e falando dos orzamentos, de que é o momento de pedir investimentos a outras administracións, parece que o subconsciente o traizoou porque nós si pedimos apoio a outras administracións, non como o Partido Popular que sistematicamente rexeita calquera tipo de demanda de apoio a outras administracións para esta cidade, e especialmente da Deputación de Pontevedra, dende o propio goberno da Deputación de Pontevedra unha e outra vez insisten en non contribuír en absoluto ás necesidades desta cidade e iso quedou ademais perfectamente demostrado nos orzamentos que se acaban de aprobar para o vindeiro ano e parece que queren seguir nesa mesma liña.

Nos entendemos que si é de xustiza que outras administracións como é a da Deputación contribúan ao funcionamento dunha aula da UNED e tamén que na nosa cidade haxa unha aula da UNED, houbo unha serie de resistencias, evidentemente por parte da Deputación, como xa explicou a Sra. Díaz, tamén por parte da propia UNED que é unha entidade cun sistema totalmente centralizado, que mantén esa división provincial que no BNG teimamos en dicir que é pouco operativa, que non se corresponde coas necesidades reais do territorio, e moito menos en Galicia e esta é unha proba mais.

Nos apoiamos a moción porque si pensamos que ten que haber unha aula da UNED, que ten que contar cos fondos necesarios para o seu correcto

funcionamento e lamentamos terriblemente que por un unha banda, esta resistencia por un modelo provincial, se retrase a apertura dunha aula na UNED, e que estes desencontros constantes entre administracións por culpa dos enfrontamentos entre partidos políticos teñan a esta cidade nesta situación de parálise no momento no que deberíamos estar contribuíndo tódalas administracións a ofrecer á cidadanía servizos cada vez máis necesarios.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Bos días. Quería especialmente saudar a Kan xa que se vai e, como son amigo persoal dela, gracias por todo Kan.

Isto é como o título da película máis *taquilleira* da historia de España “lo imposible”, Raquel, mentira, vostede é unha cascada de mentira continua e non me podo crer que o Alcalde que ten un problema ego poida contar politicamente algunhas mentiras, pero vostede que é unha profesional sorpréndeme moito, son tantas mentiras e lémbrolle por certo que a letra e a canción da Lupe non é da Lupe “Puro teatro” é de Catalino Curet Alonso. A miña amiga Isaura Abelairas a coñece perfectamente; a vostede pégalle máis o dúo Pimpinela poderían facer un dúo de “Puro teatro” si, evidentemente.

Seguimos coas mentiras pero eu hoxe vou desmantelarlle tódalas súas mentiras porque primeiro, o Alcalde estanos insultando aos pobres vigueses desta cidade, calquera psiquiatra di que as persoas temos pouca ou moita intelixencia, pero hai intelixencia emocional e intelectual, o Alcalde pensa que os vigueses como bo ditador pensa que os seus súbditos non teñen intelixencia e non teñen educación.

A cega vaidade e prepotencia do Alcalde lévalle a mentir a calquera prezo, chegou a hora da verdade, a guerra do Alcalde é co seu propio ego, cos seus propios interese porque lle traizoou o subconsciente Sra. Díaz, dixo que por interese a alguén non lle interesaba abrir a UNED, claro si, seu inconsciente traizoouno é o propio Alcalde, nunca quixo a UNED, quixo nomear a un director da UNED, a cega vaidade desta Alcalde faille esquecer que existen institucións, leis, BOEs, DOGAs pero para o Alcalde o único existe é o seu rol, seu papel como locutor de televisión e de radio. O Seu ego, O seu narcisismo político que lévalle a converter esta cidade nun bonsai, e lémbrolle que temos unha grande oliveira como símbolo desta cidade.

Señores/as que están aquí presentes, hai unha carta de novembro de 2012 onde se

Ile di á Sra. Díaz que por favor reciba á UNED dunha vez por todas, e leo a carta: “Tras reiterados intentos por correo electrónico e por teléfono por parte da edición do centro, de concretar unha cita a súa maior conveniencia propoño as...” e dálle non sei cantas citas “sinto comunicarlle isto en novembro de 2012 pero non podemos pospoñer máis a visita porque están protestando os estudantes que se senten enganados, en caso de non poder realizala, vereime na obriga de poñelo en coñecemento da Xunta Reitora do Padroado sobre este tema que inclúe a posibilidade de denunciar o Convenio de creación da aula por incumprimento das súas cláusulas”, isto é a UNED, o Reitorado, o amigo do Alcalde que por favor lle di, recíbame dona Raquel Díaz.

E inda por riba o informe técnico da UNED de Madrid, nin o Sr. Louzán, nin o Sr. Figueroa, nin a Deputación, nin a Nai Santísima isto é un informe técnico da UNED que di que hai que reformar cuestións acústicas de luz etc. Coñece o informe?, o coñece, o director técnico, un arquitecto Sra. Díaz, polo amor de Dios, non o coñece, parece que non o coñece, perfecto dígolle exactamente quen, Don Antonio Ruo Bajo arquitecto da UNED e dígolle máis di: a iluminación natural, as condicións de acondicionamento acústico, o local, vaise abrir gracias ao grupo municipal deste partido, do Partido Popular, non gracias ao Sr. Alcalde que un día dixo: vou a enganar unha vez máis aos pobres vigueses/as e voules dicir aos bonsais estes que vou a abrir a UNED. Equivocouse porque atopouse coa oposición e o padroado a favor de abrir unha UNED porque dende o ano 80 o Partido Popular di que, por favor, se abra unha aula da UNED aquí.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Ao parecer tivo que vir o Partido Popular e fíxose a luz, estábamos nas sombras, nas tebras.

Fala de cascadas de mentiras pero non dixo nin unha soa mentira, é dicir, non dixo no que mentiramos porque eu preguntolle, que o Partido Popular de Pontevedra o Sr. Louzán quixera poñer un coordinador e mentira? No, de feito púxoo. Que no convenio a presidencia da Comisión a quixera impoñer o Partido Popular? Non, porque de feito está no convenio o tivemos que aceptar. Que nos quixeran impoñer a xurisdición de Pontevedra é unha mentira? Non, porque de feito está no convenio, se tivo que aceptar. Polo tanto, tódalas imposicións aceptámolas, polo tanto mentiras ningunha, e é imposible que esa carta sexa de novembro porque en

novembro estaba firmado o convenio, está aquí, estaba firmado polo Sr. Louzán pero o tiña escondido nun caixón. Escápaseme cal é a figura xurídica de asinar un convenio e telo nun caixón para non cumprilo porque se nos enviou a semana pasada, e porque o Reitor tivo que chamar dende Madrid para que se lle enviase o convenio, que senón ese convenio non chegaba, tiveron que falar persoalmente co Vicerreitor da UNED e foi este quen dixo que ía ao padroado coa instrución de que a UNED en Vigo ábrese si ou si, pese a quen lle pese, que é ao Partido Popular porque son eles os que non queren, o díxoo o Sr. Louzán a semana pasada “mentres estea o Alcalde Abel Caballero aquí a Deputación nin un só duro nin un só euro, non se abre nada” iso si que é boicot, iso si que é chantaxe. E esas famosas cartas sabe o que din “ sen dubida son reparacións menores que non impedirán inaugurar”, é dicir, non lle da a máis mínima importancia o poñer unha cortina ou non, non é un impedimento para que non se poida abrir a UNED. Sen embargo a Deputación de Pontevedra dicía que non se abría porque faltaba unha cortina, e empezou a falar de reverberacións, que case hai que mirar no dicionario o que significa iso das reverberacións, e non o dixo un técnico, entón a algún parece que se lle reverbera o cerebro.

Intelixencia todos sabemos que existen dous tipos de intelixencia a emocional e por suposto a física, e eu non dubido de que un vigués teña ás dúas cousas, emocional e física, e todos estamos aquí para respetar aos demais, pero a Deputación e o Partido Popular en ningún momento mostraron respecto para os vigueses porque tiveron os todos durante dous anos esperando haber o que pasaba. E agora porque chamou o Reitor da UNED á Deputación e díxolle isto ábrese si ou si, abriuse senón estaríamos esperando haber que pasaba porque dende a Deputación se nos dixo que nos ían a enviar as condicións e non se nos enviaron, para nada, non se nos enviou ningún escrito, este escrito está dirixido polo Vicerreitor da UNED e tivemos que presentar unha moción, e tivo que falar persoalmente a UNED coa Deputación para que se enviara ese convenio e para que se abriera. E grazas a isto Vigo terá UNED.

A PRESIDENCIA: O día 18 febreiro abrirá a aula da UNED financiada o 100% por este Concello, sen ningunha achega da Xunta de Galicia, nin da Deputación Provincial esta dedica centos de miles de euros a UNED de Pontevedra, cero euros

a UNED de Vigo.

(Está ausente a concelleira do grupo político municipal socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Díaz Vázquez, instando á UNED e ao seu padroado a apertura da Aula de Vigo, así como a contribución ao seu financiamento, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3.-(285).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO A RESTABLECER O ALUMEADO NA VG-20 (2º CINTO) A ARRANXO DOS CARRÍS PERIMÉTRICOS. EXPTE. 569/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de decembro, número 569/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte moción:

“No departamento de Servizos Enerxéticos do Concello de Vigo, adscrito á Área de Fomento, vense recibindo dende fai tempo continuas queixas de que a iluminación da autovía de circunvalación “Segundo cinto” (VG-20) e os seus accesos no paso polo termo municipal de Vigo, atópase apagada, causando unha falta de seguridade moi notable na circulación viaria dos condutores e para os peóns.

Os citados subministros de enerxía eléctrica e os seus CUPS son os seguintes:

CNAE	PROVINCIA	MUNICIPIO	DIRECCIÓN	CUPS
ALUMEADO PÚBLICO	PONTEVEDRA	VIGO	CMÑO MUÍÑOS-COME-SAÑA, 47	ES0022000008437566 PA1P
ALUMEADO PÚBLICO	PONTEVEDRA	VIGO	Est. VENDA-BEADE 228	ES0022000008437568 PM1P
ALUMEADO PÚBLICO	PONTEVEDRA	VIGO	CºCANIZO-CARREGAL-VALLADARES	ES0022000008437569 PY1P
ALUMEADO PÚBLICO	PONTEVEDRA	VIGO	CALLE XUNCAL-NAVIA 61	ES0022000008437570 PF1P

ALUMEADO PÚBLICO	PONTEVEDRA	VIGO	AVDA. RICARDO MELLA 75	ES0022000008437571 PP1P
ALUMEADO PÚBLICO	PONTEVEDRA	VIGO	Cº PEREIRAS-COMESAÑA 60	ES0022000008437591 DM1P
ALUMEADO PÚBLICO	PONTEVEDRA	VIGO	RÚA CAÑIZA 41	ES0022000008437597 DB1P
ALUMEADO PÚBLICO	PONTEVEDRA	VIGO	Cº PINO MANSO-CABRAL 8	ES0022000008872968 DS1P

Por outra banda, o firme dos carrís perimétricos do dito vial e dos seus accesos mostra un deficiente estado de conservación.

Esta situación pon en perigo a integridade física dos peóns e condutores dada a elevada intensidade media diaria de vehículos que rexistra esta vía.

Todos eles son titularidade do Ministerio de Fomento polo que é a este a quen corresponde a súa conservación e mantemento e, polo tanto, quen ten que regularizar a situación, restablecendo de novo o subministro eléctrico e realizar as accións necesarias para que se repare o pavimento.

É por iso, polo que o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Demarcación de Estradas do Ministerio de Fomento a que restableza a iluminación da Autovía de Circunvalación (VG-20), coñecida como “Segundo cinto”, no seu paso polo termo municipal de Vigo e dos seus accesos.

Segundo.- Instar á Demarcación de Estradas do Ministerio de Fomento a que repare o pavimento dos carrís perimétricos do citado vial e dos seus accesos.

A comisión informativa de Fomento, na súa sesión do 20 de decembro, por maioría, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. REGADES FERNÁNDEZ: O Ministerio de Fomento a través da Demarcación de Estradas está incumprindo as súas funcións coa cidade de Vigo, na VG-20 no coñecido como segundo cinto da cidade que une o Alto de Puxeiros ca zona portuaria de Bouzas atopámonos con tódalas súas intercesións en escuras, as luminarias levan tempo sen funcionar, a unión da estrada VG-20 coa estrada da Universidade, o futuro nó do Polígono de Frío en Matamá, a conexión coa PO-325 en Muíños, os accesos ás vivendas de Navia, a estrada de Muíños-Comesaña, a estrada de Venda en Beade, o camiño de Cañizo no Carregal en Valadares, a rúa do Xuncal en Navia, en Ricardo Mella, en Pereiras Comesaña, na rúa Cañiza, no Pino

Manso en Cabral, todas son zoas da cidade de Vigo que nestes momentos atópanse as escuras porque o Ministerio de Fomento non acende a luz.

Solicitamos en diversas ocasións, mediante carta, a reposición desta situación sen obter unha resposta satisfactoria por isto quixemos traer aquí ó Pleno do Concello de Vigo, máximo órgano de representación política desta cidade, esta solicitude.

No departamento de Servizo Enerxéticos do Concello de Vigo recibimos distintas cartas de queixas de veciños demandando este alumeado, xa que este é importante, sistema de seguridade de pasiva nas nosas cidades, alumeado público é proporcional, durante a noite proporciona un traslado seguro, rápido e cómodo ós usuarios nas estradas, a través das mellores condicións de seguridade e viabilidade. Unha iluminación pode considerarse boa cando proporciona unha percepción visual, segura e sinxela, non é o caso dos accesos e das conexións da VG-20 ca cidade de Vigo, ademais debe contribuír dun xeito transcendente non só ó incremento da seguridade no tráfico, tanto de vehículos como de peóns, senón tamén a unha redución dos posibles riscos de seguridade contra as persoas, contra as propiedades e contra os bens, é dicir, produce unha diminución de accidentes de vehículos, de atropelos de peóns e un incremento da seguridade cidadá ademais dun beneficio económico por medio do benestar social e das condicións de habitabilidade.

Sabemos que o Sr. Vicepresidente da Deputación non lle preocupan estes temas, non lle preocupan os problemas que teñen os veciños de todos estes barrios e todas estas parroquias de Vigo.

As aportacións da Deputación á cidade de Vigo son escasas por non dicir nulas, pero a maiores desta situación, atopamos os carrís perimétricos desta infraestrutura nun estado de calamidade, con numerosas fochas que nalgúnhas ocasións revisten grave risco para a seguridade dos vehículos, dos condutoras e das persoas. É un estado de abandono e de invasión da maleza en todos estes viais, sen ser competencia do Concello de Vigo vímonos obrigados en numerosas ocasións a limpar esa maleza, vímonos obrigados a encher as fochas deses viais que son utilizados con moita frecuencia polos veciños de Beade, de Valladares, de Matamá, de San Andrés, de Navia, de Cabral, de moitas e moitas parroquias de Vigo que se viron obrigadas a usar esta vial xa que a VG-20 fixo que as súas conexións, que tiñan de antano, foran censuradas por este vial. Por isto pedímoslle

a este Pleno e ao Concello de Vigo que apoie esta moción, pedimos un acordo sinxelo e queremos contar co Partido Popular e co BNG, porque cremos que é unha necesidade da cidade, instar á Demarcación de Estradas do Ministerio de Fomento a que restableza a iluminación da autovía circunvalación VG-20 coñecida como segundo cinto no seu paso polo termino municipal de Vigo, e de tódolos seus accesos e tamén lle pedimos como segundo punto instar a Demarcación de Estradas do Ministerio de Fomento a que repare de forma urxente o pavimento dos carrís perimétricos do citado vial e dos seus accesos.

SR. ALONSO PÉREZ: Esta moción é a típica que en calquera corporación tardaría quince segundos de debate, instando ao Ministerio de Fomento que arranxe e punto. Sería unha moción clara sen necesidade de debater, volveremos ao rife rafe porque o Partido Popular, non lle esixe as outras administracións, e moi difícil que lle esixa as súas administracións que goberna, que non recorte en Sanidade, en Educación que non faga a reforma laboral porque son cuestións ideolóxicas. O Partido Popular cree que hai que recortar no público para potenciar o ensino privado, a sanidade privada, as pensión privadas, pero nunha cuestión como esta en quince segundos deberíamos resolvela, pero non se resolve e é difícil porque o Partido Popular aínda non ten a maioría de idade nesta Corporación, politicamente non deu o salto, non se atreveu a enfrontarse ao pai como o Partido Popular lle diga a unha administración gobernada por eles “oe resolve isto”, pero non se atreven, entón liámonos aquí a discutir cousas que en quince segundos se resolvería. Para o BNG está claro, Fomento ten que atender as demandas da Corporación e deberíamos sumarnos toda a corporación e en quince segundos resolto, pero me temo que de novo nos imos liar e xa digo, en cuestións que non son ideolóxicas o Partido Popular creo que debería facer un esforzo. Nada máis votamos a favor.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Sr. Alonso nós somos coherentes co que dicimos polo tanto cada quen o seu.

O Sr. Regades di dende hai tempo, e recoñéceo no escrito, que existe este problema, pois imos a facer un pouco de memoria, no ano 2004 o Ministerio de Fomento coa Ministra Magdalena Álvarez ao fronte solicita a este Concello, textualmente vou ler “asuma o mantemento e conservación das instalacións do

alumeado público, tanto dos enlaces que se atopan ao longo da traza do segundo cinto de Vigo, así como do alumeado do túnel de Valladares”, petición á que o Concello accedeu de forma cordial como é normal, cooperando entre administracións, non como o que pasa actualmente neste Concello que parece unha fortaleza, falaba antes a Sra. Veloso das liortas entre administracións pero é que teñen sempre un denominador común que é este concello, este goberno municipal.

Conclusión, accedeuse a asumir a conservación e mantemento cunha serie de condicións, teño aquí o escrito, no 2008 aconteceron unha vaga de roubos de cables de cobre e o propio Ministerio, xa era Xosé Branco ministro non era Magdalena Álvarez, recoñece que o mantemento e a conservación das instalacións do alumeado público era competencia deste Concello, outro feito máis que o recoñece.

Anos despois no ano 2010 hai un escrito da Concelleira Sra. Abelairas, da Área de Servizos Xerais, falando deste mesmo tema, e non hai máis escritos que nós teñamos coñecemento, dos que fala vostede, é curioso que no 2010 fagan escritos e agora que está o Partido Popular no goberno fagan unha moción , unha moción que ten moitos matices e que vostedes puideron solucionar e esixir xa hai anos se é que tanto lles preocupa, pero non, o que lles preocupa e pedir, acusar, desbaldir, iso dáselle moi ben e colgarse medallas. Pois esa medalla vai ter que agardar porque os veciños precisan saber toda a verdade, e por iso imos presentar unha emenda onde instamos a que cada administración cumpra coas súas obrigas, que parece ser que neste caso o da iluminación e o mantemento é do Concello de Vigo e a revisión do vial tería que ser parte do Ministerio de Fomento, co cal manifestamos nesa emenda que o primeiro punto sexa por parte do Concello e o segundo punto o faga o Ministerio.

O texto da moción fai referencia tamén da perigosidade que supón para os peóns a falta de iluminación en moitas rúas da cidade e en moitas zoas do rural, porque hai algunhas rúas que parecen que estamos entre tebras total, a verdade é que só iluminan os escaparates das tendas e as das cafeterías.

Vostedes presumen de ter o consumo controlado, de que queren aforrar, pero no último ano o consumo da luz na cidade subiu un 20%, é dicir, un millón de euros máis, non hai unha planificación de iluminación, vostedes esixe agora a VG-20, si é

verdade que é un problema, pero o resto da cidade está a escuras e non está nada planificada a iluminación.

Nos pavillóns deportivos obrigan a apagar as luces e estanse acometendo actos vandálicos igual que nos cemiterios, zoas rurais etc.

Sexan coherentes coa moción que presentan e como digo eu cada quen o seu, o de botar balóns fora empeza a ser moi recorrente pero nós non imos pasar por esta moción sen presentar esta emenda e sen clarexar que a iluminación correspóndelle ao Concello co cal votaríamos nese sentido, é dicir, conclusión en virtude do escrito do Concello con data 28/09/2004, ao que fixen alusión ao principio, que teño aquí copias se alguén o precisa, e sen recibir ningunha comunicación en sentido contrario, a conservación e mantemento da iluminación do segundo cinto de Vigo corresponde ao Concello de Vigo, como outras tantas funcións e responsabilidades das que vostedes fan oídos xordos. Nós votaremos a favor se aceptan a emenda na que claro quen ten a competencia en cada caso, é verdade que o Ministerio ten que revisar e subsanar a zoa e o firme, vostedes non poden pasar por alto o mantemento do alumeadado que é inexistente, así nós tamén queremos esixirlles que vostedes cumpran e con aceptación desta emenda a votación sería xusta e doutro xeito non.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade que conseguir que o Partido Popular vote o 50% dunha das mocións do Partido Socialista, O goberno da cidade, xa é un gran logro. Felicítovos, estades indo por bo camiño, o da defensa da cidade. Sinto Sra. Egerique, dicirlle que neste Concello non existe ningunha acta de recepción desta obra. Neste momento non existen ningún convenio da Administración Central co Concello de Vigo que nós obrigue a manter o alumeadado, co cal como vostede sabe non ten a obriga. Seguramente isto sería máis sinxelo se o Partido Popular de Vigo se levase ben coa anterior Alcaldesa da cidade Sra. Porro, ela podíalle dicir perfectamente que pasou coa VG-20, e que ela se negou a recibir esa obra, non foi o Partido Socialista, gobernaba o Partido Popular e que aquela obra non tivo inauguración, abriuse unha noite porque a Sra. Porro estaba en contra, pero claro, como vostedes teñen unha costume bastante "*cainista*" non se relacionan coa Sra. Porro, non lle preguntaron a ela senón lles diría cal era situación real.

Pásame que as veces non sei con quen falar, se falar co Sr. Feijóo directamente ou

se falar cos concelleiros do Partido Popular que están nesta sala, por que? Porque o Sr. Feijóo cada dous por tres vos desacredita, divos que no tendes candidato, co candidato é un, co candidato e outro, entón as veces temos dubidas de con quen temos que falar e a quen lle temos que explicar as mocións. Tamén dubidamos, porque na maioría dos casos non defendedes os intereses desta cidade senón que defendedes os intereses políticos do Sr. Feijóo en Santiago de Compostela. Sr. Relova a parte de mentir e insultar sete veces na súa intervención, pediríalle que nas miñas intervencións non me moleste, moitas grazas.

A cidade da luz, non se poñan nerviosos, é unha realidade, seguramente estarán nerviosos porque o Sr. Feijóo lles di que non van repetir ningún de vós e están buscando, non sei, ao final se con anuncios no xornal ós concelleiros para a cidade de Vigo. A cidade da luz é Vigo, si Sra. Egerique, si Sres. do Partido Popular, sabe cantos puntos de luz ten a cidade de Madrid? 145.000, cantos puntos de luz ten a cidade de Vigo? 45.000 puntos de luz e todos acendidos, por isto Vigo é unha das cidades mellores iluminadas, foi a cidade de Vigo exemplo nunhas xornadas para toda Galicia de iluminación, onde tódolos técnicos de distintos concellos e enxeñeiros de distintas administracións recoñecían a eficiencia desta cidade, porque non só é a cidade máis iluminada se non que é a cidade máis eficiente. Mentían unha vez máis cando dicían que aumentou o consumo, o que aumentou co goberno de Abel Caballero foron os puntos de luz, o consumo reduciuse.

A PRESIDENCIA: Entendo que non acepta a emenda do Grupo Popular.

No transcurso do debate a concelleira do grupo político municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, presenta a seguinte emenda de modificación:

“1º.- Instar ao Concello de Vigo a que restableza a iluminación da Autovía de Circunvalación VG20 dado que no ano 2004 delegouse o mantemento e conservación a este Concello.

2º.- Instar ao Ministerio de Fomento a que revise e repare o pavimento dos carrís perimétricos.”

Ao non seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Regades

Fernández, a Presidencia non somete a votación a anterior emenda.

(Está ausente a concelleira do grupo político municipal socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, instando ao Ministerio de Fomento a restablecer o alumeadado na VG-20 (segundo cinto), así como ao arranxo dos carrís perimétricos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.-(286).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A MELLORAR A SEGURIDADE NO CARRIL BICI NAS OBRAS DA PO-325, NO TREITO DE VIGO. EXPTE. 570/1101.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de decembro, número 570/1101, formula a seguinte moción:

“A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas está a executar as obras de delimitación de carril bici e senda peonil correspondentes ao “Proxecto de seguridade viaria na PO-325. Treito Vigo: 0+000 ao 8+650”, estando actualmente

algúns tramos xa concluídos.

Numerosas persoas e especialmente os usuarios de bicicletas poñen de manifesto a súa perigosidade. Alegan que o carril bici non mantén a mesma anchura na totalidade do traxecto, que conta con diversos obstáculos no seu percorrido tales como postes ou contedores e que a implantación de separadores reflectantes nas beiravías son perigosos.

A bicicleta nas nosas cidades non é unicamente un modo de facer deporte, senón unha alternativa real de transporte. Os parques e zonas verdes non deben ser os únicos espazos nos que sexa posible pedalear sen poñer en risco a integridade física. Polo tanto, un elemento clave debe ser a dotación de carrils bici que permitan a circulación dos usuarios en condicións de seguridade, sen ter que se arriscar a circular compartindo calzada con vehículos motorizados ou sufrir unha caída.

É por iso, polo que o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar a Xunta de Galicia a que mellore a seguridade do carril bici das obras correspondentes ao "Proxecto de seguridade viaria na PO-325. Treito Vigo: 0+000 ao 8+650".

A comisión informativa de Fomento, na súa sesión do 20 de decembro, por maioría, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. REGADES FERNÁNDEZ: Cada día son máis os aficionados ao ciclismo, á bici en xeral, non só como deporte senón como medio de transporte, centos de persoas celebraron co goberno autonómico do PSOE e do BNG a licitación dun proxecto de seguridade viaria que incluía o carril bici entre Vigo, Nigrán, Baiona e A Guarda.

O uso da bicicleta leva consigo moitos beneficios, non contamina, non fai ruído, montar en bici supón un magnífico exercicio para o corazón, para os músculos, para as articulacións, reduce os niveis de colesterol, aforra cartos, gaña en saúde e non presenta problemas de aparcamento. Pero cal foi a sorpresa da cidadanía cunha obra que estaba deseñada para facerse en dezoito meses, cincuenta meses despois segue sen estar remata, situación que nos ten acostumados o Partido Popular e o goberno autonómico do Sr. Feijóo porque tamén ten un hospital en Vigo privado que está parado, non podemos ver un traballador nese hospital dende hai moitos meses.

Unha obra que se deseñou para mellorar a seguridade vial dos cidadáns, converteuse nunha trampa mortal para ciclistas, peóns, veciños, condutores, unha trampa mortal para todo o mundo, algún dos concelleiros do Partido Popular que están sentados na bancada da oposición levarían os seus fillos polo ese carril bici? A resposta é non, pois si non vale para vós non vale para ninguén. Bordos asasinados, obstáculos no trazado, descontinuidade do carril, preferencia dos coches nas interseccións, todos estes son exemplos da trampa mortal desta obra que a Xunta está a realizar na Avda. Ricardo Mella e na súa prolongación ata Nigrán, Baiona e A Guarda.

Podemos ver titulares dende hai meses que dicían o seguinte nos xornais: “os ciclistas denuncian que o carril bici de Nigrán é unha trampa mortal, decenas de ciclistas contra o carril bici da PO-325, os ciclistas protestan contra o carril bici perigoso que custou 36 millóns, o carril volvese perigoso veciños, usuarios e políticos censuran os delimitadores de formigón, os ciclistas piden corrixir as trampas do carril bici, a segunda marcha ciclista en protesta polo actual trazado do carril bici, ruta contra o carril bici entre Vigo e Baiona, cento oitenta ciclistas ocupan o carril bici Vigo-Baiona e outros trescentos ciclistas corren unha ruta en Castrelos Náutico en protesta polo carril bici, decenas de ciclistas contra o carril bici da PO-325, o colectivo ciclista tamén sinala que a falta de limpeza nos beiravías fai moi difícil que as bicicletas poidan circular por este espazo, etc; podíamos estar lendo notas de censura deste carril bici durante toda esta mañá.

Todos estes exemplos son da trampa mortal desta obra que a Xunta esta realizando na Avda. de Ricardo Mella, tódolos usuarios que dende hai anos usaban a beiravía para ir a Baiona acusan esta obra de chapuza e tamén de trampa mortal e prefiren non usala. Dirixentes do Partido Popular, pídovos que deixedes a irresponsabilidade a que nos tendes acostumados e sumédesvos ao goberno da cidade a facer cidade e a facer a país, votando a favor desta moción.

Unha zoa como é a área de Vigo que ten no seu turismo un dos nosos piares novos, emerxentes, non pode liquidar deixando facer ó Sr. Feijóo esta trampa mortal, sobre todo nun momento de crise económica como este, temos que poder ofertar un turismo sostible e baseado en alternativas de ocio distintas ao sol e a praia, estas xa está demostrado que non suficientes. Por isto pedímoslle á Xunta de Galicia que mellore de forma radical este proxecto, garantindo a seguridade dos

usuarios, facendo un carril bici en condicións.

Cada día son máis os afeccionados a bici en xeral como deporte senón tamén como medio de transporte. Centos de persoas celebran e felicitan que se fixese e que se licitase este carril bici, por isto pedímoslle se sume ao goberno da cidade e voten a mellora deste carril bici porque é unha necesidade para a seguridade de tódolos vigueses e toda a área de Vigo.

SR. ALONSO PÉREZ: A verdade é que esta estrada pola vía do tranvía tivo mal comezo, naceu mal, eu quero lembrar como naceu porque vivín na corporación do 82 o proceso de nacemento desta estrada.

Nun momento en que había unha necesidade de comunicar aos concellos do Val Miñor ca cidade de Vigo, hai que lembrar que só existía como medio de comunicación a estrada vella de Baiona e o tranvía que xa estaba en desuso, non se estaba utilizando, un debate do plan xeral do ano 82 estábanse estudando distintas alternativas, púxose enriba da mesa a posibilidade de construción dunha autovía, daquela non existía, a reparación da estrada Vella e neste debate o Partido Popular a través do seu Conselleiro de Ordenación do Territorio incorporou unha novidade ao debate e é que puxo nunha reunión co Alcalde de Baiona, co de Gondomar, co de Nigrán e co de Vigo 600 millóns de pesetas para facer unha nova estrada pola vía do tranvía. O Partido Popular en vez de discutir globalmente as necesidades de comunicación o que precisaba era unha obra para ás eleccións autonómicas do ano 85, necesitaba unha inauguración e irrompeu cun diñeiro para en vez de racionalizar e seguir o debate, que era o que había que facer, ver como se comunicaba, priorizar dous cousas: a comunicación de Ourense-Madrid con novas construcións que se facían en Baiona, por iso se fixo a autopista, e facer unha obra rápida que permitira dar unha resposta inmediata e os concellos aceptaron.

Quero lembrar ademais, se non me falla a memoria, que a proposta votouse, non co voto do BNG por suposto, que pensabamos que o ferrocarril sería unha boa comunicación futura , votouse por catro anos unha obra mentres non se facían as distintas necesidades que necesitaba o Val Miñor, votouse cunha periodicidade de catro anos, como unha obra provisional. Ó final quedou definitiva e aquilo que podía ser unha proposta de futuro cunha comunicación como por vía férrea

moderna quedou en nada, incluso eu lle comentaba antes ao compañeiro Sr. Domínguez que o primeiro Zoo da cidade de Vigo fíxose na estación da Florida porque cumpría, cun medio de comunicación que era o tranvía, un lugar de esparexemento, a xente ía no tranvía a gozar de Paxón, da Ramallosa e por exemplo na estación da Florida existía naquel momento un mine zoo onde había un lobo, unha familia de monos, raposos, unha parella de pavóns, parrulos, galiñas da guinea, quiquiriquís, un porco teixo isto foi o nacemento do primeiro zoo da cidade. Que pasou?, esa estrada se consolidou como unha vía de comunicación que non estaba pensada para iso. Posteriormente como é un lugar plano empezaron a acudir tódolos fins de semana, inicialmente xente que utilizou a bicicleta e a carreira nesa estrada e tamén xente que utiliza a bicicleta como medio de transporte. Pero de novo veu o Partido Popular e cando había un proxecto de adecuar a esa estrada que xa estaba aí, un carril bici fixo, unha comisión de afectados para impedir que a estrada se arranxase e se puxera en condicións, e fixo por cuestión unicamente electoral, unha comisión de afectados para que impediran o carril bici.

Pasaron as eleccións e agora tráenos este engano, contestado por calquera persoa que teña dous dedos de fronte, se vostedes se paran a mirar o que esta pasando con esa estrada pódense atopar no medio do carril bici cun colector do lixo, sinais de tráfico, paradas de autobús no medio do carril bici, entón non me estraña que os usuarios das bicicletas protesten e ademais teñen unha serie de suxestións que son razoables e que non teño tempo a expoñer pero que son de sentido común. O que fixo o Partido Popular foi utilizar aos veciños afectados dicindo que non traía seguridade as propostas que facía o goberno anterior da Xunta e o que están facendo é un paso atrás moi grave, por un problema de contentar a todo o mundo, de contentar as posibles expropiacións e isto merece unha solución, polo tanto imos a votar a favor da moción do Partido Socialista.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Os cidadáns de Vigo estamos un pouco aburridos de estar escoitando mocións que teñen un foro de debate diferente, hai un Parlamento de Galicia e se é unha obra da Consellería é da Xunta de Galicia pois debe debaterse nos foros onde debe debaterse, supoño que alí teñen vostedes representantes. Contestarlle antes ó Sr. Alonso, que os colectores do lixo non son da Xunta de

Galicia e as paradas de autobuses tampouco. Aínda que o fondo da moción parécenos perfecto porque todo se pode mellorar, sobre todo na parte da execución de obra onde hai algunha cousa que se pode matizar, en canto a que se mellore a seguridade hai que mirar, como ben dicía o Sr. Alonso, é verdade que o proxecto consensuouse con veciños e con usuarios da bicicleta, eu a verdade non sei cantos usuarios do transporte en bicicleta hai representando ós cidadáns de Vigo eu o son, ando en bicicleta. Hai algúns defectos que se poden mellorar e hai xente que fai cousas e hai xente que non as fai, que digan que a bicicleta na nosa cidade non é unicamente unha forma de facer deporte senón unha alternativa real ao transporte, eu Sr. Regades e Sr. Alcalde quería saber cales son as melloras para o uso da bicicleta que fixeron nesta cidade? Porque a verdade sorpréndeme parece que se rin dos cidadáns e dos ciclistas desta cidade.

O Valedor do Pobo presentou un plan de ruta de bicicletas para o Concello de Vigo, nin un, si que un risco terrible andar en bicicleta por esta cidade e vostedes non fixeron nada, como noutras áreas non fixeron nada. Entón deberíalles dar vergoña falar da bicicleta cando non fan absolutamente nada pola bicicleta e pola potenciación dun medio de transporte terriblemente beneficioso para esta cidade, non aportaron nin un duro nos orzamentos municipais, iso si, aportaron para a iluminación das fontes, todo gasto.

O carril bici non so é de Vigo une Vigo, con Nigrán e moitas familias nosas quizais teñen casa en Nigrán como algúns dos Concelleiros que teño en fronte, entón é verdade que o usan non só os cidadáns de Vigo senón para os da área metropolitana e esta cidade non pode vivir sen a súa área metropolitana porque inflúelle absolutamente todo o que pasa.

Por outra banda, estamos de acordo en que haxa que melloralala por iso nós presentamos unha emenda de substitución na que falamos de instar á Xunta de Galicia a que analice debidamente a seguridade viaria das obras correspondentes ao proxecto de seguridade viaria na PO-325, entre Vigo e Nigrán, e continuando as conversas cos colectivos implicados se acometan as melloras oportunas, para que mire o Sr. Alonso que este grupo municipal do Partido Popular non só, como di vostede estamos de monicreques, nós defendemos ós cidadáns de Vigo e por iso presentamos esta emenda de substitución para mellorar a que presenta o grupo municipal do Partido Socialista.

Pero quero lembrarlles que isto ven de lonxe, o proxecto foi iniciado co goberno bipartito con múltiples queixas dos veciños pola inseguridade da vía planificada e o elevado volume de expropiacións. Podo contar que o goberno en funcións adxudica o carril bici Vigo-Baiona, o goberno en funcións do bipartito, o carril bici nace con moitos problemas no seu proxecto inicial de execución, de feito en Abril de 2009 hai un acta de replánteo negativo que provoca a suspensión das obras. Tamén nesa data mirarán vostedes múltiples artigos de prensa “afectados polo carril bici entre Vigo-Baiona cortan o tráfico para protestar contra o proxecto” 2008, “unha caravana de dous centos coches protestan contra o carril bici entre Vigo e Nigrán” 2009 podo seguir e seguir, porque a verdade é que o proxecto foi mal parido e cando as cousas son mal paridas hai que melloralas, igual que no momento actual, no momento da execución e todos saben que en execución de obra sempre hai melloras, este proxecto está aínda se rematar porque hai unha serie de servizos que ten que facer Fenosa e estamos esperando a que os faga.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Parlamento de Galicia que é o foro para debater o tema do carril bici, non, o Pleno da cidade está para defender os intereses da cidade, este é un interese moi importante desta cidade e por suposto da súa área de influencia e vostedes os Sres. do Partido Popular remataron e mataron a área metropolitana de Vigo por un interese partidista e político, seguramente porque non son capaces de consensuar.

Debe ser o espírito de Nadal que temos ao Partido Popular que se está sumando, no caso anterior do 50% da moción, neste caso ao 100% da moción porque imos a aceptar a súa emenda, porque cremos que en esencia vai tratar o tema de mellorar o carril bici, que vostedes recoñecen que se pode mellorar, din que a obra é perigosa e tamén din que lle preocupa a situación na que se atopa.

Vostedes dicían que esta obra foi licitada polo goberno do PSOE e do BNG, por suposto, e estamos orgullosos de ter licitado esta obra e dicíannos que tiñan críticas dos veciños e que había caravanas de coches, si caravanas de coches de alta gama, da xente que lle molestaba que a xente da cidade puideramos pasear pola estrada da vía Ricardo Mella, e agora atopámonos que en vez de caravanas de coches protestando, temos cidadáns a pe e en bici protestando pola trampa mortal que está facendo o Sr. Feijóo nesa estrada.

Este é un proxecto que está sen rematar, a verdade si para facer un carril bici teñen que tardar máis de cincuenta meses, se o Sr. Caballero tivese que tardar máis para facer as humanizacións nesta momento non teríamos o 33% das rúas de Vigo, onde vive a poboación dos vigueses, humanizada como temos nestes momentos. E claro que nos temos que enfrontar con Fenosa, con sistemas de auga, de gas e témolos que convencer e temos que consensuar, Sres. do Partido Popular non poden gobernar co Decreto na man, vostedes teñen que gobernar falando ca xente e falando ca subministradoras e seguramente si falaran máis e mandarían menos, porque claro gobernar non é mandar, gobernar é chegar a acordos e a solucións e pódolle dicir máis, en Vigo nestes cinco anos de goberno fixemos máis pola bicicleta que os oito anos do Partido Popular, e pódolle garantir que ó final deste mandato vostedes comprobaron o cambio da revolución que significa Vigo non só nas humanizacións senón tamén na bicicleta, moitas grazas e aceptamos a emenda do Partido Popular.

A PRESIDENCIA: Sometemos a votación a moción do grupo Socialista aceptando a engádea de substitución proposta polo grupo Popular.

No transcurso do debate o concelleiro do grupo político municipal do Partido Popular, Sr. Araujo Pereira, presenta a seguinte emenda de substitución:

“Exposición de motivos:

Matizar algúns dos puntos do contido da moción do grupo municipal socialista de Vigo cambiando o texto de:

- Instar á Xunta de Galicia a que mellore a seguridade do carril bici das obras correspondentes ao “Proxecto de Seguridade Viaria na PO-325 treito Vigo: 0+000 ao 8+650”.

Polo seguinte texto:

- Instar á Xunta de Galicia a que analice debidamente a seguridade viaria das obras correspondentes ao Proxecto de Seguridade viaria na PO-325 entre Vigo-Nigran e, continuando as conversas cos colectivos implicados, acometa as melloras oportunas.”

(Está ausente a concelleira do grupo político municipal Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO SR. ARAÚJO PEREIRA: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, apróbase a incorporación da emenda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo político municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, instando á Xunta de Galicia á mellora da seguridade no carril bici da vía PO-325, incorporando á moción a engádea formulada polo concelleiro Sr. Araújo Pereira, sendo o texto definitivo o seguinte:

“Instar á Xunta de Galicia a que analice debidamente a seguridade viaria das obras correspondentes ao Proxecto de Seguridade viaria na PO-325 entre Vigo-Nigran e, continuando as conversas cos colectivos implicados, acometa as melloras oportunas.”

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

Non se presentaron.

1.1.-(287).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-

Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ao correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de novembro e 21 de decembro de 2012.

1.2.-(288).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ao correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de novembro e 21 de decembro de 2012.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1.-(289).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A CREACIÓN DUN VIVEIRO DE EMPRESAS NO ANTIGO LOCAL DA ESCOLA DE HOSTALERÍA NO BERBÉS. EXPTE. 575/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de decembro, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Álvarez Pérez, formula a seguinte moción:

“A actual crise económica está abocando ao peche a numerosas empresas do contorno de Vigo. Estes peches, ao igual que os recortes nos cadros de persoal das empresas que seguen en funcionamento, están provocando un incremento do número de desempregados no Concello de Vigo.

Por outra parte, as dificultades para os mozos de alcanzar un posto de traballo estanse incrementando notablemente.

Estes dous motivos, a incorporación ao traballo da mocidade e o incremento de desempregados, está provocando un aluvián, normal por outra parte, de novos emprendedores e iniciativas empresariais.

No marco económico actual, onde a obtención de recursos, tanto económicos como financeiros está completamente reducida, está dificultando enormemente a creación de novas empresas, ao non dispor da infraestrutura física necesaria, é dicir, un local, para desempeñar a súa actividade, abocando moitas veces que as empresas non se poidan constituír ou teñan que facelo no domicilio do emprendedor, onde as condicións laborais non son as máis adecuadas.

Por iso propoñemos a creación, no lugar máis axeitado, coma o da antiga escola de hostalería da Praza do Berbés, dun viveiro de empresas, para apoiar novas iniciativas empresariais para que poidan estar nunhas condicións mínimas para desenvolver a súa actividade a un custe totalmente subvencionado.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar o Concello de Vigo a crear un viveiro de empresas, correctamente acondicionado, na antiga escola de hostalería da praza do Berbés para fomentar e facilitar a creación de empresas por parte de emprendedores do Concello de Vigo.”

A comisión informativa de Comercio, Turismo e PYMEs, na súa sesión do 20 de decembro, por maioría, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ÁLVAREZ PÉREZ: A actual crise económica está abocando ao peche a numerosas empresas do entorno de Vigo, estes peches ao igual que os recortes no cadro de persoal das empresas que seguen en funcionamento, están provocando un incremento do número de desempregados en Vigo, por outra banda as dificultades para os mozos de atopar un traballo estase incrementando notablemente. Estes dous motivos: a incorporación ao traballo de mozos e o incremento de desempregos está provocando un aluvián, normal por outra banda, de novos emprendedores e iniciativas empresariais.

No marco económico actual onde a obtención de recursos, tanto económicos como

financeiros, está completamente acernada, está dificultando enormemente a creación de novas empresas ao non dispor da infraestrutura física necesaria, é dicir, un local para desempeñar a súa actividade, provocando que as empresas non se poidan constituír ou o teñan que facer no domicilio do emprendedor, onde as condicións laborais non son as máis adecuadas.

Por isto consideramos que unha das principais funcións da administración pública, e concretamente o Concello de Vigo, é facilitar, adecuar e impulsar medidas para a reactivación económica e facilitar por outro lado as condicións para que se poidan desenvolver unha actividade empresarial de forma sostible no tempo. O resultado desta medidas é claro, a xeración de emprego e como consecuencia a redución do número de parados. Somos perfectamente conscientes de que a actual crise ten por un lado un compoñente financeiro, podémolo ver polos resultados nas nosas entidades financeiras, despois de oito anos de políticas socialistas e por suposto capitaneando o Banco de España co Socialista MAFO á fronte.

Por outra banda existe unha crise de demanda global derivada de non ter xerado un modelo produtivo estable e sostible no tempo para España que nos permita ser o suficientemente competitivos. Isto non se resolve con políticas “keynesianas” por parte dun estado que deixaron na ruína, é imposible, resolverse xerando un modelo produtivo estable para o país, onde están os empregos das humanizacións? Preguntámonos, o mesmo modelo que aplicou o PSOE en España é o que están aplicando agora no Concello de Vigo, así temos 100 millóns de euros de débeda no Concello, así tiveron que presentar un informe de viabilidade económico-financeiro para aprobar os orzamentos do 2012, orzamentos que aumentan máis o déficit. Por isto propoñemos a creación, no lugar máis adecuado, como o da antiga Escola de Hostalería da praza do Berbés, edificio que teñen completamente abandonado, dun viveiro de empresas para apoiar novas iniciativas empresariais para desenvolver a súa actividade nunhas condicións mínimas a un custo totalmente subvencionado.

Terán visto que os actuais viveiros da cidade, como por exemplo o da Cámara de Comercio, están totalmente saturados, con listas de espera que desesperan a precaria situación do emprendedor, emprendedor que na maioría das ocasións vese abocado a comezar a súa actividade empresarial dende o salón da súa casa ou dende a cociña. Por iso lles pido que abandonen a torre de cristal na que traballan e coñezan a realidade do autónomo, do emprendedor, do que está

intentando arrancar unha nova iniciativa empresarial e o apoiem como o está facendo o Partido Popular, con iniciativas como as que aquí presentamos, e non necesitan presentar unha maqueta de tres millóns de euros de Calatrava, Tom Maine, Foster, Novo Loguerin para adecuar o edificio e tres anos mais tarde seguir sen facer nada, pero xa sabemos o discurso a semana que ven abre, tal e como lle tomaron o pelo os vigueses coa UNED, non estamos falando de crear un novo quiosco, como nos tiñan afeitos o BNG no bipartito da Xunta de hai uns anos, non, non se trata diso, trátase de dar solucións as demandas reais con estruturas adecuadas e con un custe mínimo. Pensar que esta iniciativa é un quiosco é de unha mentalidade zafa e simplista baseada na ignorancia e descoñecemento da realidade, polo tanto espero que ninguén utilice unha argumentación tan rastreira e vulgar propia de ignorantes.

Entendo que para vostedes será algo novo, trátase de xestionar, non de repartir, trátase de investir non de gastar, non podemos permanecer impasibles ante os máis de 34.000 mil parados de Vigo, onde, como xa demostraron previamente o seu único interese é a renovación de determinadas concesións en detrimento do interese global do cidadán de Vigo. Aquí non hai lugar para a demagogia, só hai lugar para as solucións, para crear as condicións adecuadas para o desenvolvemento dunha actividade empresarial, aí temos como exemplo a Gota de Leite, onde grazas á Xunta de Galicia e a súa aposta por Vigo, abriuse unha oficina de apoio ao emprendedor onde no seu primeiro ano de vida atendeu a máis de 1300 emprendedores, ou a oficina Eures, tamén na Gota de Leite, onde no último ano xestionou cerca 4000 solicitudes para ofertas de traballo no estranxeiro colocando a unhas trescentas cincuenta persoas, é por isto, por responsabilidade, por coherencia, presentamos outra acción que temos que realizar para intentar volver á senda do crecemento económico na nosa cidade e parar así a sangría económica e social.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Recoñezo que eu tiven que ler varias veces esta moción para ver se realmente a estaba lendo ben ou se me equivocaba pero efectivamente estaba lendo ben, esta é unha moción que se pode titular que o propio Partido Popular pide a dimisión da Conselleira dona Beatriz Mato e digo por que?, e é unha pena que non poida abrir esa persiana que está aí ao fondo porque entón lle

pediría a tódolos concelleiros/as que miráramos xusto para alí. E que hai un ano, xusto un ano, o 28 de decembro e non era unha inocentada porque sae en varios medios de comunicación, leo este titular nun medio de comunicación de aquí de Vigo “a Xunta impulsa un centro de auto emprego en Vigo para reducir os seus 32.000 parados, o novo centro de apoio ao empregador asesora aos autónomos e empresarios, tamén os novos emprendedores, tamén os mozos” noutro medio de comunicación vigués di textualmente “a Gota de Leite abre as súas portas para os emprendedores”. Eu pregúntome se efectivamente hai un ano, temos aí un centro aberto pola Xunta de Galicia porque ten as competencias e ten un local para crear un centro de auto emprego, para reducir 32.000 parados, onde están eses contactos que vostede di?, onde está a redución deses 32.000 parados? Porque por desgraza hai máis 32.000 parados nesta cidade.

En resumo e agora que ben dicindo o Partido Popular? pois di que todo o que fixemos aí, todos eses gastos non serven absolutamente para nada pois, Conselleira dimisión, porque agora resulta que lle veñen a pedir ao Concello, pero mire, nas famosas emendas do Partido Popular pedían un millón de euros para un programa de apoio ao emprendemento pero que fan aí dentro entón, que fan?, pero pedíanlle máis, pedíanlle ao Concello un programa de apoio a mozos para o primeiro emprego de un millón de euros, pero que fan aí dentro Sres. do Partido Popular? Para que abriron vostedes esta oficina de emprendedores, pero é que cando se fala dunha oficina de emprendedor, de auto emprego non se contemplan viveiros de empresa, pero que fan aí dentro?. Ah! pero non só con iso pídenlle ao Concello dous millóns de euros para facer o que en teoría teñen que estar facendo aí dentro, senón que agora veñen e nos piden un local tamén, é dicir, esta é a constante, este é o engano do que falaba o Sr. Figueroa, ese teatro do que fala, e a constante do Partido Popular, ou sexa, pídenlle ao Concello de Vigo dous millóns de euros, máis un local para facer o que tiñan que estar facendo aí en fronte na Gota de Leite, e non o digo eu, o dicía a propia Conselleira de Traballo. Isto, de verdade, duplicamos outra vez, esta é a política que o Partido Popular quere para a súa cidade, é dicir, que a cidade gaste en duplicar cousas porque as que fai a Xunta non funcionan, pois mire vostede eu xa lle anuncio agora que o BNG a través das nosas deputadas/os imos presentar copia desta moción no Parlamento Galego, e ímoslles a esixir á Consellería de Traballo que dunha vez por todas poña a funcionar

isto, porque os seus propios concelleiros din que non funciona e nos piden agora ao Concello dous millóns de euros ademais dun local.

O BNG non vai a apoiar esta moción, primeiro porque temos un centro de auto emprego e de emprendedores póñao a funcionar, no sexan inútiles, poñan a funcionar iso que teñen aí. Por outra banda esa antiga escola de hostalería o BNG sempre a apoiou e apoiará que sexa un centro, no seu momento e cando se poida, un centro social para desfrute dos máis maiores de todo o casco vello, como así anunciamos no pasado mandato e seguiremos defendendo.

Díganlle vostedes a súa Conselleira e ao seu equipo que sexan eficaces e que poñan a funcionar ese centro que bastantes cartos custou.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu quero lembrar de que as políticas activas son competencia da Xunta de Galicia, que xa a súa segunda lexislatura.

Dende logo e ven certo que estamos nunha crise brutal pero a Xunta de Galicia e o Partido Popular coa política de recortes estamos a ver que hai máis paro e ao haber máis paro, máis crise e así máis paro.

Miren en primeiro lugar, en canto ós novos emprendedores hai que apoiar tamén aos que están agora cos seus negocios ou coas súas empresas, que o están pasando mal e están en moitas dificultades, e vostedes o que fan e subirlle os impostos, o IRPF, o IVE, as plusvalías, os hidrocarburos etc. iso é o que fan vostedes para axudar os emprendedores.

Hai algunhas cousas que os cidadáns poden ver e é comparar o que fai un goberno como é o da Xunta de Galicia, que ten competencias en políticas de emprego, e o que fai un goberno como o que preside o Alcalde Abel Caballero.

Cando vostedes falan de financiamento refírense ás Caixas que vostedes obrigaron a fusionar despedindo a 1500 traballadores, e van a despedir outros 2500 traballadores, eses 4000 que van e emprender? Emprederon o camiño cara ao desemprego, cara a o INEN a cobrar a prestación. Hai que comparar o que vostedes fan, vostedes recortan en políticas de emprego ano tras ano de maneira brutal, só lle vou falar de dúas: unha a de promotores orientadores cargáronse a todos, a 3000 orientadores os cargaron vostedes, 3000 máis que están no desemprego a incrementar as listas do paro, porque o fai o Partido Popular, reduce todas esas partidas para orientadores. Pero aínda non é suficiente, vostedes que

falan tanto da promoción do emprendedor, dos autónomos, dos pequenos empresarios, reducen nun 52% a partida destinada a eles para 2013, esa é a política de axuda ao emprendedor.

Vostedes o que si son é mestres en peche de empresas, en facer ERE, despidos e campións do paro desbocado en iso é no que vostedes son campións. Meteron máis carga impositiva á Deputación e á Xunta de Galicia afastados das políticas de emprego en toda a comunidade autónoma, e aquí en Vigo máis, en definitiva vostedes son máquinas de destrución de emprego e o peor de todo e que non xeran ningún, so é destruír.

Pola contra, aquí neste goberno hai un incremento das partidas para creación de empresas 50.000 euros hai quince días para cento vinteseite contratos, ou para a axuda á contratación 25.000 euros con corenta e cinco contratos, iso si que é política de creación de empresas e por certo, mantemos a orientación sen ningunha subvención da Xunta. Redúcense impostos, e conxélanse impostos aos emprendedores ademais de aos cidadáns, isto é o que fai o Alcalde Abel Caballero, en definitiva o mellor Plan de Emprego de toda a historia desta cidade.

Eu non teño dúbida das súas boas intencións cando vostede fala dun modelo produtivo e estable, eu quérolle lembrar que o Sr. Aznar do Partido Popular foi o que fixo deste país que fora un solar, que se puidera construír onde deu a gana, ese é o resultado desa política e o estamos a ver hoxe. Lémbrolle que vostedes votan reiteradamente en contra de que a Xunta de Galicia e a Deputación invertan en Vigo en emprego con políticas activas e con inversións, pois mire con boas intencións no se fai, e o Alcalde Abel Caballero si o fai poñendo partidas concretas dos impostos dos cidadáns para xeración desa inversión e dese emprego e chega a acordos porque temos deste plan de emprego un 20% de financiamento con fondos europeos, polo tanto si é capaz de chegar a acordos coas administracións para que se poida investir aquí en emprego.

En todo caso aceptamos esta proposta sempre e cando inclúa que haberá unha achega a terzos da Deputación, da Xunta de Galicia e o Concello para o mantemento destas oficinas.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. Domínguez, entendo que necesite transgredir a realidade na que vive para así facer máis levadeira a falacia que porta no seu discurso,

falacia que enarbora como guía para liderar a demagogia na súa máis alta expresión, pois é a única forma que ten para iluminar a escuridade na que vive. Vostede sabe o que se fai na Gota de Leite, sabe que hai unha oficina do Eures que xestionou cerca de catro mil solicitudes, Sr. Domínguez, sabe que se colocaron trescentas cincuenta persoas, que se xestionaron contratos estables en Europa de trescentas cincuenta persoas, iso non é un viveiro de empresas, iso é o resultado das inversións da Xunta, colocación real do emprego, o que non pode facerse é que haxa destrución de emprego con políticas como as humanizacións que se levaron aquí nesta cidade, onde están os miles empregos que se prometeron? non están, como pode criticar a Gota de Leite despois de colocar a trescentas cincuenta persoas no estranxeiro nun ano. Como pode colocar o Servizo de Colocación nestes momentos cando atendeu a 1300 solicitudes no primeiro ano Sr. Domínguez faga o favor de baixar, como baixei eu, ao edificio que está aí ao lado e decátese que non se decata e faga algo e produtivo e positivo.

Sr. Santos Hector se quere falamos de economía e igual empeza a aprender algo, a verdadeira situación e problema de España nestes intres non foi debido ó Sr. Aznar foi debido ao atrancamento financeiro xerando polo goberno do Sr. Zapatero e auspiciado polo Banco de España.

A Sra. Díaz pódelle verificar perfectamente, e se quere explicámosllo con máis detalle o fai falta que lle lembremos que no 2007 “os brotes verdes, aquí non hai crise”, negar a evidencia continuamente como se fixo. Estamos falando que hai que apoiar ao emprendedor, que hai que apoiar ao autónomo e Sr. Santos Hector, si é responsabilidade do Concello de Vigo os autónomos, os traballadores, os empregados, si, de todos, do goberno de España, da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo e aquí estamos no Concello de Vigo, non no Congreso dos Deputados que xa vai sendo hora de que se decaten. Estamos a levar iniciativas aquí e agora para o Concello de Vigo para aprobar e gustaríame que me dixeran, por que a min non se me subministrou a emenda que traian, onde está?. A Xunta xa fixo unha inversión de dous centos millóns no Igape.

A PRESIDENCIA: Sr. Álvarez, entendo por tanto que non acepta a emenda de que financien a terzos a Deputación, a Xunta e o Concello. Moito empeño en autónomos non deben ter.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo político municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, presenta “in voce” a seguinte emenda:

Incluír na proposta que haxa unha achega a terzos da Deputación, Xunta de Galicia e Concello de Vigo para o mantemento das oficinas.

Ao non seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Alvarez Pérez, a Presidencia non somete a votación a anterior emenda.

(Está ausente a concelleira do grupo político municipal Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis os membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Álvarez Pérez, instando a creación dun viveiro de empresas nos locais da antiga escola de hostalería da praza do Berbés, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.-(290).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN ACTUALIZADO DO TRANSPORTE URBANO DE VIGO. EXPTE. 573/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Pleno do 17 de decembro, número 573/1101. o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Araújo Pereira, formula a seguinte moción:

“Sendo coñecedores a través das queixas que nos chegan dos veciños da nosa cidade, sobre a desestruturación e ineficiencia global que presenta o transporte público urbano, das que destacamos:

As modificacións estruturais sufridas nalgunhas rúas da nosa cidade, a tremenda crise económica que está a modificar a estrutura social e os hábitos dos Vigueiros, a falla de consenso sobre o modelo de transporte apropiado, as problemáticas xeradas pola inexistencia de aparcadoiros en determinadas zonas que xeran deshumanización e falta de competitividade dos negocios emprazados nestes lugares, as problemáticas de enlace entre o transporte urbano e metropolitano, a falla de garantías e ineficiencia da concesionaria actual do transporte público urbano de pasaxeiros, a tremenda crise que está a sufrir o sector do Taxi, o deterioro de modelos de transporte sostible e ecolóxico por falla de iniciativa e apoio político, a falla de planificación e temporización anticipada no transporte urbano etc. Son razóns de forza maior e máis que suficientes para facer unha reflexión no Pleno deste concello.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a que desenvolva e implante un plan actualizado, integrado, transversal, global, temporalizado, priorizado e sectorizado sobre o modelo de transporte urbano da cidade de Vigo.”

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, na súa sesión do 20 de decembro, por maioría, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ARAÚJO PEREIRA: A moción ten por fundamento instar ao goberno municipal a que desenvolva e implante un plan actualizado, integrado, transversal, global, temporalizado, priorizado, sectorizado sobre o modelo de transporte urbano da cidade de Vigo. Vou a intentar desenvolver todos estes adxectivos que se citan no texto da moción pero antes entrarei un pouco nos antecedentes.

O plan de transporte urbano da cidade de Vigo é anterior a última década do pasado século, é un plan que debería ser actualizado periodicamente e como todo plan debería ser flexible para absorber modificacións sociais, estruturais que a

cidade sofre e que afectan o seu transporte. Debido a falla de actualización o noso plan de transporte é na actualidade obsoleto e ineficiente como constatan os cidadáns de Vigo e usuarios de fora, tódolos días con miles de problemas que lles acontecen.

A cidade sufriu múltiples modificacións en canto a súa estrutura social, económica, viaria e urbanística que afecta directamente á forma de transporte e polo tanto ás necesidades que os cidadáns demandan de cara ao seu transporte, a un transporte que debe ser cómodo, efectivo, eficiente e rendible. Despois de moitos anos os cidadáns de Vigo seguimos sen coñecer cal é o modelo de transporte que os xestores desta cidade están a seguir e queren implantar, a verdade é que o descoñecemos.

O equipo de goberno actual encabezado polo noso Alcalde comprometeuse actualizar este modelo de transporte ou elaborar un novo, acometendo as melloras necesarias para polo en funcionamento, a día de hoxe atopámonos cun novo incumprimento do Alcalde que engana á cidadanía novamente facendo promesas e vendendo proxectos que nin executa nin fará efectivos no futuro como se constata nos orzamentos de 2013.

O Concelleiro de Seguridade e Tráfico o Sr. Font fundamenta o seu escaso traballo en ir de “apaga lumes” cos diferentes problemas que lle van xurdindo en temas de transporte, aí temos o tema de VITRASA, por que non é capaz de solucionalo nin é capaz de facer xestión efectiva planificada para resolver os problemas das áreas das que é responsable.

Voulles falar tamén das posibles melloras e da problemática que ten esta cidade, a falla de previsión e planificación en canto ó plan de transporte fai que os cidadáns suframos problemas que impiden un transporte eficaz. Temos inexistencia de aparcadoiros que en moitas zoas da cidade son prioritarios e que é un dos moitos incumprimentos do noso Alcalde e das súas promesas. Temos varias noticias, podemos poñer unha, esta é da Voz de Galicia de hai un tempo “o plan de Caballero para os aparcadoiros evapórase” prometéronse para Teis, Castrelos, Balaídos, Bouzas, Coia etc e seguimos con problemas nesas zoas Sr. Alcalde.

As melloras en rúas das mal chamadas humanizacións que fixeron desaparecer espazos de aparcadoiros e de carga e descarga, xerando para os veciños molestias e para os comerciantes problemas e baixada de rendibilidade nos seus negocios,

agás algunhas excepcións como a zoa do Calvario.

Existe na actualidade unha falla absoluta de enlaces eficientes dentro do transporte urbano e total inexistencia de plan de interconexión co transporte metropolitano. O modelo de transporte urbano desta cidade céntrase e da prioridade ao transporte en autobús, estando o servizo concedido a VITRASA, como todos sabemos, sendo este un modelo obsoleto e ineficaz en algún dos seus aspectos como se demostrou nos últimos tempos.

O goberno municipal e o Sr. Alcalde son incapaces de mellorar os defectos do modelo, o concelleiro responsable de área Sr. López Font prometeu ao comezo do seu mandato a mellora en liñas, o aumento das mesmas, a mellora nos tempos de pasada, levamos 6 anos de goberno e non só non mellorou senón que o empeorou, témolo na entrevista que lle fixeron ao comezo deste último mandato “son prioritarias as paradas, horarios, mellor distribución de liñas de transporte”, Sr. López Font, eu quero miralas e os cidadáns de Vigo tamén, porque non temos nada de nada.

Non se lle resolve unha problemática que ven de lonxe ós nosos taxistas, cun formato de xestión de licencias e servizo non demasiado claro, e non se lle esta a ter en conta no transporte urbano, restrinxindo cada vez máis as paradas, non dando opcións para facer un servizo onde o autobús non é rendible e non axudándolle nas melloras tecnolóxicas en vehículos para mellorar a eficiencia enerxética así como a seguridade.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Estamos completamente de acordo con esta moción do Partido Popular porque si é certo que neste caso xa non hai escusas competenciais de ningún outro xeito, que en 6 anos de xestión do Partido Socialista no transporte público no se fixo nada, e iso é tan certo que os propios veciños/as cansados xa de enviar numerosas suxestións, reformas que logo non se contemplan, parte delas xa as temos exposto dende o BNG neste mesmo Pleno.

Segue caendo o número de pasaxeiros, segue habendo moitas dificultades, segue habendo demandas de unificar ese transporte público, que nós queremos centrarnos fundamentalmente no transporte público de viaxeiros, é dicir, no VITRASA, porque é sen dúbida o transporte público que máis debemos potenciar porque é realmente o transporte que utilizan a maioría da cidadanía e sobre todo

aqueles con menos condicións económicas.

Aquí, en 6 anos nin unha soa campaña de utilización deste transporte público, da racionalización do transporte público. Seguen faltando enlaces fundamentais como é o do hospital do Meixoeiro que seguen reclamando en moitas parroquias, que nós temos alertado disto e non se fai nada. En 6 anos non houbo nin unha soa remodelación das liñas, nin unha soa ampliación, ampliacións que non custaban tanto poñelas en marcha, en Candean, en Cabral etc.

Cando o BNG tiña a competencia en materia de VITRASA e de transporte dende o ano 99 ao 2003, voulles poñer un exemplo do que se pode facer só en catro anos, no ano 99 puxemos en marcha o servizo de axuda a explotación a ASA, no ano 2000 puxemos en marcha as novas lanzadeiras ao CUVI, púxemos en marcha o billete de transferencia, os paneis informativos, no 2001 puxemos en marcha a tarxeta verde da que seguen gozando hoxe os usuarios e puxémola en marcha para tódolos colectivos, empezou no 2001 unha remodelación de liñas que no propio ano 2001 acabou coa creación da circular 1 e a circular 2, no 2002 puxemos en marcha a C3, C5, L31, C6 e L14, no 2003 rematouse esta remodelación das liñas, conseguíuse por primeira vez na cidade as certificacións ISO e de Calidade Medio Ambiental para este transporte. Iso só en catro anos, déuselle a volta a esta cidade en materia de transporte público, empezou a ser un transporte público que medraba ano tras ano no número de viaxeiros, porque fomos quen facelo accesible a tódolos usuarios e ademais fomos quen tamén de implementar campañas que axudaran precisamente a estas medidas.

Pero para isto hai que xestionar, eu lembro daquel concelleiro do BNG o Sr. Dacosta que se reuniu con todas e cada unha das asociacións de veciños para facer esa remodelación así é como hai que xestionar. Polo tanto señores do goberno a pesar da miña cegueira, neste caso si que imos a apoiar esta moción do Partido Popular porque consideramos efectivamente teñen que poñerse as pilas, teñen que empezar a funcionar e sobre todo remodelar e traballar para que o transporte público mellore.

Nin sequera foron quen de conservalo, esquecíame de que si fixeron algo, eliminar o único transporte que tiñan os veciños/as do Casco Vello e gardalo e nunca máis se soubo daquilo polo tanto a ver si fan máis cousas polo transporte nesta cidade que os veciños/as seguro que llo agradecerán e nós tamén.

SR. LÓPEZ FONT: Tódalas intervencións do Partido Popular, tódalas mocións que fan con respecto aos temas importantes desta cidade, a pintan da tal maneira que non a recoñece ninguén. Todo é un desastre, todo está mal xestionado, o que pasa é que Sr. Araújo escolleu vostede un mal día para falar de transporte porque onte produciuse nesta cidade un feito histórico ao que vostede acudiu, á Comisión Sectorial de Transportes, sorpréndeme o que ata o de agora unha das grandes preocupacións da xestión relacionado co transporte público era o prezo do billete, era a súa conxelación e era o trato que teñen o goberno coas concesionarias, disto no se dixo nada hoxe Sr. Araújo, en tres anos este goberno do Alcalde de Abel Caballero conxelou en dous anos o prezo do transporte público para os cidadáns de Vigo, en tres anos dous conxelacións, e isto non o fixo ningún goberno anterior.

Temos o billete máis barato de toda España, temos a rede máis ampla de toda Galicia en canto a transporte público e temos, en canto a medios e en canto a liñas, un gran servizo. Todo isto decidiuse onte, eu respecto moito as opinións pero dise que as decisións de goberno municipal tómanse en nome dos vigueses e para os vigueses. Pero débolles dicir a todos vostedes que as decisións tómanas determinados Alcaldes e tómanas determinados gobernos, despois de moitos anos de concesión de transporte público este acordo da Xunta de Goberno de onte, só ten a sinatura do Alcalde Abel Caballero e deste goberno.

A primeira vez que se conxelou a tarifa neste Concello e tamén a primeira vez que a diferenza co prezo do billete será con cargo á concesionaria foi con este goberno e con este Alcalde. Polo tanto, é verdade que as decisións tómanse en nome dos vigueses pero ningún dos dous Alcaldes do Partido Popular nin o Alcalde nacionalista que houbo nesta cidade, ningún destes tres, dous Alcaldes e unha Alcaldesa, adoptaron semellante decisión como a que se adoptou onte, polo tanto, creo que para falar de transporte débese falar absolutamente de todo, débese de falar de canto sobe o transporte urbano noutras cidades nas que gobernan vostedes, como A Coruña, Madrid e demais con importantes incrementos, porque é curioso oír ao Sr. Figueroa falar de axeonllarse, cando non houbo ningún goberno nesta cidade con maior nivel de esixencia ante as concesionaria que o goberno de Abel Caballero.

Debe de estar a pensar, cando fala de axeonllarse, no que fixeron os gobernos do

Partido Popular porque a teoría da moción está perfecta, pero eu quéro lle preguntar a vostede, que aporta o Partido Popular ao transporte público das cidades? Retirar unha subvención de 2 millóns de euros? Subir o IVE? Que aporta o Sr. Núñez Feijóo como goberno da Xunta de Galicia ao transporte público desta cidade, fala vostede de transporte metropolitano? Xa sei cal é a teoría do Partido Popular sobre o transporte metropolitano, que pague Vigo e que gocen os demais, porque é que ademais ata o recolleron no proxecto de área metropolitana. Dende o punto de vista político debería darlles vergoña traer esta moción, porque o primeiro que deberían esixir é un maior financiamento para o transporte público desta cidade, deberían de terse erguido e non agora vir a falar dos taxis, cando se incrementou o IVE e iso condiciona ás empresas de transportes e aos taxistas, e cando o Sr. Núñez Feijóo quere que tódolos habitantes da área metropolitana teñan un transporte gratuito para chegar a Vigo e ese paguémoslo tódolos vigueses deberían de terse erguido vostedes

Temos o Plan de mobilidade urbana sostible de Vigo que houbo que modificar polo intento do Goberno, no verán, de facer un recorte que debería de ter tamén o apelido de sostible, será aprobado por Xunta de Goberno.

SR. ARAÚJO PEREIRA: No Consello Sectorial ao que eu asistín, e verdade e que se falou do tema da tarifa do transporte urbano, pero non sei porque nos ocultaron os informes técnicos deste Concello, non o sei. É mentira que conxelaran o billete porque nos informes que se presentan o billete custa 1,30 e os vigueses pagamos o resto ata o prezo do billete, porque o Concello paga e os vigueses pagan once millóns de euros pagamos, está nos orzamentos.

O prezo máis barato en toda España é mentira, hai cidades que teñen un prezo e teñen tarxetas con bonificacións superiores a esta.

A conxelación do billete do VITRASA e o mesmo que fixeron co do lixo, o conxelaron un ano e pagámolo o dobre dous anos despois, total os carto saen dos vigueses e a vostedes dálles exactamente igual.

É verdade Sr. Domínguez que é tremendamente importante o transporte urbano colectivo pero tamén e verdade que nese plan deberían meterse outro tipo de transportes, pensamos que o Plan de transporte municipal é esencial para evitar a falta de servizos que temos nestes momentos, este plan debe integrar un

programa de integración tarifaría, nese programa debe de haber tarxetas bonificadas a estudantes, a rapaces, a xubilados e tamén debe haber unha bonificación por temas de distancias, por zoas, por temas sociais, hai que mellorar moito, hai que poñer moitas cousas nese plan. Debe haber unha integración física, é dicir, o obxecto do plan é incrementar a competitividade do transporte público mellorando a coordinación das diferentes redes, urbana e metropolitana mediante a implantación de novos percorridos, puntos de paradas de intercambiadores, aumentará a funcionalidade do sistema, a xerarquización de redes interurbanas, a fixación de terminais intercambiadores, a adaptación de liñas e percorridos segundo o número de usuarios e tipo de transporte e diminucións de tempos de espera, a determinación de puntos de paradas.

(Está ausente a concelleira do grupo político municipal Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Araújo Pereira, instando o desenvolvemento dun plan actualizado do transporte urbano de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3.-(291).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO REALIZAR DIVERSAS ACTUACIÓNS EN RELACIÓN CO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DA TUBERCULOSE. EXPTE. 572/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de decembro, número 572/1101, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte moción:

“A recente apertura do Centro de Inclusión en Marques de Valterra representa unha oportunidade para o desenvolvemento e ampliación de programas sociais en

colaboración permanente con outros organismos e asociacións.

O Programa galego de prevención e control da tuberculose, que dende o ano 94 ten obtido resultados con tanto éxito na progresiva diminución da endemia na nosa comunidade, está a traballar cara a acadar a adherencia ao tratamento de persoas inmersas en sectores sociais desfavorecidos e persoas sen fogar, mediante o seguimento e tratamento supervisado, por parte de traballadoras sociais que mobilizan os recursos sociais necesarios para cubrir as necesidades básicas. Esta é a mellor estratexia, que permite completar os tratamentos nestes colectivos e identificar os contactos subsidiarios de profilaxe, para diminuír a mortalidade, as resistencias aos fármacos e mellorar a saúde individual e comunitaria, ao se tratar dunha enfermidade transmisible.

Este é un programa único en España, que ten como poboación diana aquelas persoas que van facer uso do albergue da nosa cidade, mediante o que se subministra sen custe ningún a medicación que precisan, pero que non permite acadar o seu obxectivo sen o complemento duna atención social adecuada. O aloxamento e alimentación son esenciais, pero as persoas sen teito diagnosticadas, non *bacilíferas*, e con tratamento supervisado, requiren dunha permanencia máis prolongada que a establecida no Regulamento de réxime interior do centro de inclusión de Marques de Valterra.

Por todo isto, e co obxectivo de incidir nos colectivos máis vulnerables a fin de que a enfermidade tuberculosa non constitúa un problema de saúde na nosa comunidade, o Grupo Popular propón o seguinte acordo:

ACORDO

Primeiro.- Iniciar unha liña de colaboración a nivel social, en coordinación coas traballadoras sociais, para fortalecer as actuacións do Programa de prevención da enfermidade tuberculosa.

Segundo.- Permitir a estada por riba dos dez días en pacientes sen fogar incluídos no Programa de saúde pública de tratamento supervisado fronte á enfermidade tuberculosa."

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 20 de decembro, por maioría, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. CENDÓN ALONSO: A Tuberculose é unha enfermidade transmisible que en Galicia acada cifras de incidencia moi superiores ás que se poderían esperar pola nosa situación socioeconómica e sanitaria. Ningún país da Europa occidental mantén as actuais cifras de vinte e oito casos por 100.000 habitantes, e somos a segunda comunidade autónoma despois de Melilla con máis casos diagnosticados.

O Programa Galego de Prevención e Control da Tuberculose marcou unha estratexia clara na loita contra esta enfermidade e dende o ano 96 que está implantado, tivemos exitosos resultados na progresiva diminución da endemia na nosa comunidade, cun descenso do 66%. Pero conseguir o obxectivo que marca ONS para o ano 2015 que é a cifra de vinte casos por 100.000 habitantes é difícil sen a colaboración das entidades sociais.

A estratexia pasa agora por perseguir ós enfermos de difícil seguimento terapéutico, persoas inmersas en sectores sociais desfavorecidos e persoas sen fogar, nas que é moi difícil a adherencia a tratamentos de duración prolongada como é o tratamento da tuberculose. Galicia está traballando neste ámbito mediante o seguimento e tratamento supervisado por parte de traballadoras sociais que mobilizan os recursos necesarios para cubrir as necesidades básicas destes pacientes.

A recente apertura do centro de inclusión en Marqués de Valterra, representa unha oportunidade para o desenvolvemento e a ampliación de programas sociais e colaboración permanente con outros organismos e asociacións, estamos a falar dun programa implantado pola Xunta de Galicia único en España, que ten como poboación diana aquelas persoas que van facer uso do albergue da nosa cidade, mediante o que se subministra sen ningún custe a medicación que precisan, que permite completar os tratamentos nestes colectivos e identificar os contactos subsidiarios de profilaxe, para deste xeito diminuír a mortalidade, a morbilidade, a resistencia aos fármacos, que é o gran reto do futuro, e mellorar a saúde individual e por suposto a comunitaria porque estamos a falar dunha enfermidade transmisible.

O aloxamento e a alimentación adecuada son esenciais para as persoas sen teito diagnosticadas e non bacilíferas, pero o programa de tratamento supervisado require dunha permanencia máis prolongada que a establecida no regulamento de réxime do centro de inclusión de Marqués de Valterra.

Por todo elo, e co obxectivo de incidir nos colectivos máis vulnerables a fin de que a enfermidade tuberculose non constituía un problema de saúde na nosa comunidade, o Grupo Popular propón o seguinte: iniciar unha liña de colaboración a nivel social en coordinación coas traballadoras sociais, para fortalecer as actuacións do programa de prevención da enfermidade tuberculose, permitir a

estadía por riba dos dez días en pacientes sen fogar incluídos no programa de saúde pública de tratamento supervisado fronte á enfermidade tuberculose.

Presentouse hoxe unha emenda do BNG que recolle exactamente este texto simplemente cun estilo diferente, motivo polo que non o imos aceptar.

SRA. VELOSO RÍOS: Parece que non preciso presentar eu a emenda, xa a presentou a Sra. Cendón por min, e resúltame curioso é a primeira vez que me rexeitan unha emenda por unha cuestión de estilo, se fose por un contido ideolóxico aínda o podería entender, pero si é por unha cuestión de estilo entón vese que non estamos aquí para debater cuestións políticas senón para debater sobre o noso estilo escribindo.

En realidade a emenda non ten nada que ver cunha cuestión de estilo, ten que ver cunha cuestión de fondo e leo o punto que propoñemos: fronte o que pide o Partido Popular que é permitir a estadía por riba dos dez días en pacientes sen fogar incluídos no Programa de Saúde Pública de Tratamentos Supervisado fronte á enfermidade da tuberculose”, nós propoñemos que se diga “estudar de maneira individualizada a posibilidade de permitir a estadía por riba dos dez días no centro de Inclusión Social a pacientes sen fogar e incluídos no Programa de Saúde Pública de Tratamento Supervisado fronte á enfermidade de tuberculose, atendendo ós criterios dunha caída de atención social sempre que os profesionais do centro consideren preciso e co apoio correspondente por parte do SERGAS.

O centro de inclusión social está, precisamente, para ofrecer atención social a tódalas persoas que o necesiten, sexan persoas cunha enfermidade como a tuberculose ou en moitos casos hai persoas que sofren outras enfermidades graves como un cancro, que necesitan tamén unha atención social determinada. Se teñen que pasar máis de dez días que é o período legal para un Centro de Inclusión como o de Marqués de Valterra, iso terá que ser unha decisión que tomen os/as profesionais do Centro de Inclusión, terá que atender a criterio de dereitos sociais non de dereitos sanitarios porque para iso hai outra administración que ten as competencias, o SERGAS, que ten que ofrecer atención sanitaria ás persoas que sofren tuberculose. Se precisan estar ingresados nun hospital para recibir unha alimentación correcta que lles permita superar a enfermidade, terán que estar nun hospital non no Centro de Inclusión Social.

En todo caso serán os criterios de atención social os que primen para tomar esa decisión e o SERGAS ademais terán que ofrecer o apoio sanitario necesario.

Falaba vostede do programa de prevención e control da tuberculose que foi actualizado é outro deses eufemismos que utiliza o goberno da Xunta recentemente. Esa “actualización” entre aspas o que pretende é aforrar cartos e evitar ingresos innecesarios e isto díxoo literalmente a Conselleira, xa aforran cartos porque deixan fora deste programa igual que de toda a atención sanitaria, as persoas inmigrantes en situación irregular que non teñen papeis, deixan fora ás persoas que non se poden pagar o transporte ao hospital para recibir o seu tratamento ou as persoas que non poden pagar os medicamentos que lles van dar nas farmacias hospitalarias e que a partir de agora tamén van ter que pagar. E por suposto, van deixar fora a todas aquelas persoas ás que non chegue a empresa privada que vai contratar a Xunta de Galicia para facer o seguimento dos pacientes desta programa, porque ata o de agora era o SERGAS quen facía o seguimento destas persoas, quen se ocupaba das persoas enfermas, como parece de sentido común por outra banda, e contaba con recursos públicos para facelo por exemplo: as persoas sen fogar, as persoas en situacións inestables nas súa vida había que ir buscalas en moitas ocasións a lugares onde non era o seu domicilio habitual e era a Policía Autonómica quen se encargaba de facelo, a que tiña potestade para buscar a esas persoas, manexalos datos persoais destes enfermos e levalos ao hospital, agora vai ser unha empresa privada á que se lle vai dar datos confidenciais de persoas enfermas, e vánselle dar datos a unha empresa privada, que os vai utilizar para facer un seguimento e informar ás unidades de tuberculose se hai incidencias ou non no seguimento dos tratamentos.

Pero non se vai garantir nada, por iso é polo que queren pasarlle a pelota ao Concello, e por iso polo que o SERGAS xa non garante o seguimento dos tratamentos que lle quere pasar a pelota aos profesionais do Centro de Inclusión Social do Concello de Vigo. Hai que garantir os dereitos sociais das persoas e hai que garantir os dereitos sanitarios das persoas enfermas de tuberculose ou non, ou enfermas doutra calquera cousa.

A verdade é que esta petición nós non a entendemos tal e como a presenta o Partido Popular, si entendemos que sexa necesario colaborar entre as distintas administracións, que sexa necesario colaborar entre o Concello e o SERGAS pero o

que non entendemos é que se trasladen as competencias desta maneira.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Non é unha cuestión de estilo Sra. Veloso é unha cuestión puramente ideolóxica o que manifesta a Concelleira do Partido Popular. Vanme permitir só un segundo para manifestar a miña repulsa persoal pola desafortunada posta en escena da concelleira dona Teresa Cendón, aproveitando unha situación desfavorecedora dun ancián que defende os dereitos do seu fillo para facerse unha foto, a miña repulsa persoal.

Unha vez chegados a esta punto, é unha cuestión de tipo ideolóxico Sra. Veloso non ten nada que ver co estilo, e ademais sorpréndeme que unha profesional da sanidade non se decate aínda da colaboración que hai entre as distintas institucións. Esta moción é sorprendente por innecesaria, é sorprendente porque é obvia e porque debería saber que todas as administracións están obrigadas a traballar coordinadamente, especialmente nas patoloxías transmisibles, tuberculose, transmisión sexual etc.

O profesionais do sistema de saúde e os servizos municipais veñen traballando dende hai tempo no diagnóstico de patoloxías transmisibles e dándolle os apoios necesarios, esta atención básica de aloxamento xa se está atendendo, Sra. Cendón, e senón houbera o Centro de Inclusión Social hai outros medios que xa os estabamos facendo, como pagándolles alugueres, grazas a que o Concello de Vigo nunha situación de crise foi capaz de abrir un centro de inclusión integral, de inclusión social de emerxencia social, grazas a iso vostede pode presentar esta moción Sra. Cendón, senón nin sequera iso podería facer.

Parece sorprendente que están vostedes desmantelando o sistema sanitario, acabando co sistema sanitario universal, que presenten esta moción, vostedes que condenan aos inmigrantes sen papeis a que non teñan unha tarxeta sanitaria, que as persoas que levan un ano no paro bloquéanlles a tarxeta sanitaria, que están privatizando a sanidade, vostedes teñen preocupados a toda a cidadanía española, vostedes que están gobernando non para senón en contra de, é cando menos, sorprendente que se atrevan a facer esta proposta.

A moción que presenta a Sra. Veloso, ten tanto sentido como evitar que lle dean a alta dende o sistema sanitario, a un paciente e non se preocupen máis alá de como está e teñan que entrar os servizo sociais, é un centro integral de inclusión, non é

un centro sanitario e aí poden estar xa neste momento, xa está contemplando no regulamento, poden estar máis de dez días, pero coa colaboración e co apoio do SERGAS, Sra. Cendón decátese ben do que está facendo. A diferenza entre uns e os outros é que eu non me levantei a facer ningunha foto porque é de xustiza social, falamos de xustiza social non falamos de beneficencia e esa si é a diferenza a xustiza social. Estas persoas que están na rúa atendidas por profesionais, hai unha unidade de rúa que está, gracias a apertura dese centro, visitando e informando ás persoas que están vivindo na rúa, ás que teñen tuberculose e ás que non a teñen, porque non facemos distincións, as que teñen necesidades, a todas esas persoas e non lle limitamos a estancia de dez días Sra. Cendón, non, depende da casuística de cada persoa, depende do problema que teña cada un. Non facemos como vostedes, que lle dan a alta e a Traballadora Social do hospital chámamos a nós, ás Traballadoras Sociais do Concello, que haber que fan con ese paciente que saben fixo que non vai poder levar a cabo o tratamento , que saben fixo na situación de indefensión na que están, vótano á rúa, sen ningunha contemplación, absolutamente ningunha. Pois mire, dende o Concello de Vigo, están sendo atendidos por persoal dos servizos sociais non por persoal sanitario, como debería ser. Por iso gracias a que existe un centro integral de inclusión e emerxencia social, gracias a iso, vostede pode presentar esta moción, ogallá tódalas cidades de Galicia tiveran un centro como o que ten Vigo.

SRA. CENDÓN ALONSO: En primeiro lugar quero dicirlle a Sra. Abelairas que non sexa tan miserable, ela puido comprobar como eu pedín que por favor non me fixeran ningunha foto, eu fun a saudar a un amigo simplemente e pedín expresamente que non se me fixera foto.

Segundo, o que me parece lamentable é que non entendan o contido desta moción que se presenta, a atención sanitaria está perfectamente garantida e os enfermos de tuberculose se son bacilíferos están ingresados, eu estou falando do momento da alta hospitalaria, cando xan non requiren hospitalización, cando requiren atención social é do que estou falando.

Os inmigrantes son os primeiros incluídos no programa de saúde pública da tuberculose, especificamente fálase deles, a atención gratuíta, tratamento completo e de tódalas súas recaídas, especialmente recollido, e a nosa

Comunidade Autónoma é a única que lle presta asistencia sanitaria a inmigrantes sen cuestionalo, pero concretamente o colectivo de inmigrantes está recollido expresamente, especialmente no programa da tuberculose. Estou falando de atención social, estou falando dunha demanda da unidade da tuberculose, imos a ver, é que vostedes din que antes se encargaba o SERGAS, o SERGAS segue encargándose, non se encargaba o SERGAS directamente, facíao a Cruz Vermella e as ONGs, ségueno facendo do mesmo xeito, a única diferenza é que antes facíase unha adxudicación a dedo e agora sae a concurso, pero é idéntica.

Estamos falando de tratamentos sociais, vostedes o que queren é que a nosa Comunidade continúe coas taxas máis altas da península, queren que sigamos o nivel de Ceuta e Melilla, o nivel de Romanía que son as taxas que temos. Isto é un seguimento de pacientes de alta ós que se lle subministra tratamento gratuíto e todo o que necesita sanitariamente, o que se lle pide é unha alimentación correcta e un seguimento nun centro de inclusión, non levar á Policía a que os rescate debaixo das árbores, non, que a propia traballadora social da Consellería de Sanidade poida saber onde está para ver o que precisa, isto non require de ningunha inversión especial, o que se trata é de darlle contido e programas adecuados a un centro de inclusión que se acaba de abrir, que non é o único en cidades desta características é o único da cidade de Vigo, e si queremos que sexa modélico o que temos é que implementar programas axeitados, porque neste momento o único que temos é un edificio e os traballadores están demandando programas que cheguen á xente.

A PRESIDENCIA: Algo máis que un edificio creo que temos, neste momento hai un albergue en Vigo, polo tanto hai cousas Sra. Cendón que dificilmente se poden negar.

No transcurso do debate, presentase pola concelleira do grupo político municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, unha emenda de substitución que di:

Que se substitúa o punto 2º polo seguinte texto:

2.-Estudar de maneira individualizada a posibilidade de permitir a estadía por riba dos 10 días no Centro de Inclusión social a pacientes sen fogar incluídas no Programa de Saúde Pública de tratamento supervisado fronte á enfermidade

tuberculosa, atendendo aos criterios dunha acada atención social, sempre que os profesionais do centro o consideren preciso e co apoio correspondente por parte do SERGAS.

Ao non seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Cendón Alonso, a Presidencia non somete a votación a anterior emenda.

(Está ausente a concelleira do grupo político municipal Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: Con vinte e tres votos a favor dos membros Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro e mais dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, acórdase:

ACORDO:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Cendón Alonso, instando a realización de diversas actuacións en relación co programa de prevención da tuberculose, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non se presentaron.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. BERNÁRDEZ DE DIOS RELATIVO AO ARRANXO DAS CANALIZACIÓNS DO BARRIO DE TEIS

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Un rogo e serio. Como o Sr. Concelleiro de Fomento non

está atendendo ás demandas que están a solicitar reiteradamente os veciños do barrio, eu pediríalle que vostede como Alcalde, e dado que ten toda a potestade sobre as concesionarias e en particular sobre a de Aqualia, que algún dos millóns que anunciaron se van investir na cidade de Vigo, en cambiar e en manter as canalizacións que temos no subsolo da cidade, que aos veciños de Teis non se lles trate como veciños de segunda e se lles dea solución aos problemas que están denunciando de maneira reiterada.

Uns problemas que ademais de ser denunciados por eles mesmos, están sendo constatados polos medios de comunicación, polo que se lles dea solución porque algunhas das rúas de Teis estanse afundindo.

A PRESIDENCIA: Debo dicirlle que nos últimos seis anos en Teis investiuse máis que en toda a historia da democracia de Vigo. Debo dicirlle que durante o mandato do goberno anterior da Sra. Porro os investimentos foron cero euros. Debo dicirlle que durante o mandato que vostedes tiveron coa Sra. Porro non se renovou ningunha cañeira, ningún saneamento en Teis. Os investimentos estanse a facer todos en este mandato e así van a continuar. Por certo, para iso é o convenio con Aqualia para eso se renovou, porque tódolos investimentos de Aqualia foron esgotados no mandato da Sra. Porro sen saber en que. O convenio con Aqualia é precisamente para seguir atendendo zoas como Teis.

Debo informarlles de dúas cuestións, onte o Consello Social adoptou por unanimidade un acordo mediante o cal o Consello Social pedía á Unión Europea que accedera á demanda de Vigo como porto nodal e propoñíalles ós gobernos de España, Xunta de Galicia e goberno de Vigo, así como ós parlamentarios españois en Europa que apoiaran esta proposta.

Debo dicirlle que se recibiu na Alcaldía un comunicado de O Consello da Unión Europea firmado por Gérard Dejoué que respondía a unha moción presentada pola Sra. Abelairas neste pleno e aprobada polo mesmo pedindo a Unión Europea que restablecera o sistema do programa Europeo de axuda alimentaria.

A Unión Europea comunícanos ademais da introdución o seguinte “en relación co devandito asunto, compráceme informalo de que a Comisión Europea propuxo crear un Fondo para axudar ás persoas máis necesitadas da Unión Europea para o período 2014-2020. Esta proposta foi enviada ao Parlamento Europeo e ao Consello

da Unión Europea para a súa aprobación. A Comisión avogou na súa proposta de marco financeiro plurianual para o período comprendido entre 2014 e 2020 pola provisión dun orzamento de 2500 millóns de euros para devandito período de sete anos a fin de seguir financiando a axuda da UE ás persoas máis necesitadas. Tendo en conta que na reunión do Consello Europeo de 22 e 23 de novembro pasado non se chegou a un acordo sobre o futuro marco financeiro plurianual para 2014-2020, os Xefes de Estado ou de Goberno da Unión Europea, outorgaron un mandato ó Presidente do Consello Europeo xunto co Presidente da Comisión Europea para continuar as consultas destinadas a lograr un consenso entre os vinte e sete Estados membros da UE sobre o devandito marco financeiro plurianual". Esta resposta será enviada aos voceiros prodúcese e a tódolos membros deste Pleno.

- * ROGO DO VOCEIRO DO GRUPO POPULAR SR. FIGUEROA VILA, MANIFESTAR O RECOÑECIMENTO DA CIDADE A MINISTRA DONA ANA PASTOR EN RELACIÓN COA PEAXE DA AUTOPISTA.

SR. FIGUEROA VILA: Quixera facer un rogo no nome do noso grupo, onte tomouse unha decisión importante para esta cidade de intentar abaratar ou suprimir as peaxes na medida das posibilidades que as concesionarias o permitiran. Creo que onte deuse un paso importante para esta cidade, para a área metropolitana, eu diría que para o sur de toda a provincia, de suprimir ou reducir unha peaxe de volta para aqueles usuarios que o fagan durante os días laborais. Eu creo que unha decisión acertada e polo tanto creo que sería bo o recoñecemento desta cidade, deste Pleno á Ministra Ana Pastor polo seu traballo.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

- PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RIOS, RELATIVO Á SOLICITUDE DE CAMBIO DE NOME DO CEIP CANICOVA.

SRA. VELOSO RIOS: Hai dous meses que se trouxo a este Pleno unha solicitude por

parte do CEIP Canicouva dun cambio de nome, nos solicitamos que se tramitara e se soliciten os informes correspondentes ó servizo de Normalización Lingüística e se levase á Comisión ou ó Consello Escolar Municipal ou o que considerase oportuno a Concellería, e queremos saber que pasou con ese expediente, si se continuou a tramitación para volvelo a traer ó Pleno ou non.

A PRESIDENCIA: Ese expediente vai a Comisión, van máis nomes doutros lugares, e nesa Comisión é onde se vai tratar esta cuestión para ser traído coa proposta que foi aprobada aquí que era a que facía vostede Sra. Veloso.

Non habendo máis cuestións se levanta sesión. Feliz ano, feliz fin de ano e feliz 2013.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e vinte e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

Kv/am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.